

se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas.

4. Para o alleamento por SEGIPSA de bens doutros patrimonios inmobiliarios públicos das entidades a que se refire o número 1 da presente disposición, o Consello de Ministros deberá aproba-lo correspondente plan de desinvestimento, por proposta conxunta do Ministerio do que dependa o organismo e do de Economía e Facenda. Neste suposto, a alleamento previo a SEGIPSA do inmoble requirirá a conformidade de ámbalas partes sobre o seu valor.

5. Respecto das materias sinaladas no número 1, SEGIPSA non poderá participar nos procedementos para a adxudicación de contratos convocados polas administracións públicas das que sexa medio propio. Non obstante, cando non concorran ningún licitador, poderá encargárselle a SEGIPSA a actividade obxecto de licitación pública.

6. Os contratos de obras, subministracións, de consultoría e asistencia e de servizos que SEGIPSA deba concertar para a execución das actividades que se expresan no número 1 adxudicaranse mediante a aplicación do procedemento establecido para o efecto na Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, cando, en función do seu importe, a licitación deba ser obxecto de publicidade no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» respecto das contías establecidas nos artigos 135, 178 e 204 da dita lei para os órganos e entidades de dereito público que se integran na Administración xeral do Estado.

Disposición transitoria única.

Os expedientes de contratación iniciados e os contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó preceptuado nesta lei.

Disposición derradeira única.

1. Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás a disposición transitoria décima e a disposición adicional segunda desta mesma lei, que entrarán en vigor ó día seguinte da citada data de publicación.

2. Autorízase o Goberno para que no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado» elabore un texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, ó que se incorporen as modificacións que no seu texto se introducen por esta lei e nas seguintes disposicións:

Disposición adicional primeira da Lei 9/1996, do 15 de xaneiro, pola que se adoptan medidas extraordinarias, excepcionais e urxentes en materia de abastecementos hidráulicos como consecuencia da persistencia da seca.

Artigo 2 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

Artigos 72, 148 e 149 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 77 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 56 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 30 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introducción do euro.

A autorización á que se refire este número comprende a facultade de regularizar, aclarar e harmoniza-los textos legais que han ser refundidos.

3. O Goberno, no prazo dun ano, procederá a aprobar un prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de bens e de servizos informáticos.

Por tanto.

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24785 LEI 54/1999, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000. («BOE» 312, do 30-12-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Tribunal Constitucional, a partir da sentenza (STC) 27/1981, foi precisando o contido posible da Lei anual de orzamentos xerais do Estado (SSTC 76/1992, 195/1994, entre outras). Veu a determina-lo Alto Tribunal que na Lei de orzamentos xerais do Estado existe un contido mínimo necesario e indispoñible que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos que poden realiza-lo Estado e entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. A carón deste contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estrictamente delimitado. Este contido eventual da Lei de orzamentos xerais do Estado queda limitado a aquelas materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gasto ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais do Estado e da política económica do Goberno. As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da Lei de orzamentos xerais do Estado está constitucionalmente acoutado, a diferenza do que sucede coas demais leis, nas que o contido resulta, en principio, ilimitado, dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada a lei orgánica.

II

O contido necesario e esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I «Da aprobación dos orzamentos e as súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e o seu financiamento», se aproban a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e se consigna o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado, recollendo o aspecto trifronte que atribúe o artigo 134.2 da Constitución Española ós orzamentos xerais do Estado.

A determinación do ámbito dos orzamentos xerais do Estado, contida no capítulo I, realízase tendo en conta a clasificación que dos organismos públicos realiza a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, clasificación que se fai presente no resto da lei.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétase co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que, de acordo coa súa lexislación específica (artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España), non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

No capítulo II, baixo a rúbrica «Normas de modificación e execución dos créditos orzamentarios», contéñense un conxunto de disposicións que, por motivos conxunturais, flexibilizan o réxime contido na Lei xeral orzamentaria en materia de modificación e execución dos créditos orzamentarios. O carácter puramente conxuntural destas medidas fai que a súa vixencia quede limitada ó exercicio para o que se aproban. Para o exercicio do ano 2000 non se introducen novidades significativas respecto á contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado do ano pasado, mantendo a liña de austeridade, control do déficit e disciplina orzamentaria xa iniciada nos dous exercicios anteriores.

O capítulo III, relativo á Seguridade Social, introduce novidades de importancia en materia de financiamento da Seguridade Social.

Dunha parte, desaparecen as previsións relativas á concesión dos correspondentes préstamos polo Estado á Seguridade Social, para logro do equilibrio orzamentario e para cubri-los desfases de tesourería, contidas nos números 3 e 4 do artigo 12 da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

Doutra parte, inclúese a previsión relativa á forma de financiamento do Instituto de Migracións e Servicos Sociais (IMRSO) no ano 2000 (con dúas achegas do Estado, para operacións correntes e para operacións de capital), así como con calquera outro ingreso afectado ós servicos prestados pola entidade.

III

O título II da Lei de orzamentos xerais do Estado dedícase á regulación da «xestión orzamentaria» e estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados e o importe da autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), única universidade de competencia da Administración xeral do Estado.

No capítulo II, relativo á «Xestión orzamentaria da sanidade», recóllense as normas de modificación dos créditos do orzamento do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD): transferencias de crédito, créditos ampliables e xeración de crédito no orzamento do Instituto Nacional da Saúde. A carón disto régúlase o «réxime orzamentario das entidades creadas ó amparo da Lei 15/1997 no ámbito do INSALUD», novidade introducida na Lei de orzamentos xerais do Estado para 1998, que se mantivo na Lei de orzamentos xerais do Estado para 1999, vinculada ó concepto de fundación de natureza ou titularidade pública e á que no exercicio 2000 se lle dá maior amplitude.

O capítulo III, baixo a rúbrica «Outras normas de xestión orzamentaria», contén un único artigo no que se establece a porcentaxe de participación na recadación bruta obtida pola actividade propia da Axencia Estatal

da Administración Tributaria, fixéndose tal porcentaxe para o ano 2000 (igual que para o anterior exercicio) nun 18 por 100.

O disposto neste título complétase coas normas de xestión financeira e de organización e procedemento administrativo que contén a Lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social no seu título IV, baixo a rúbrica «Normas de xestión e organización administrativa».

IV

O título III da Lei de orzamentos xerais do Estado rubricábase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos.

A repercusión que a estabilidade e o crecemento sostenido da nosa economía teñen sobre o persoal ó servico do sector público reflíctese no capítulo I, relativo ó «incremento dos gastos do persoal ó servico do sector público», que, tras defini-lo que constitúe «sector público» para estes efectos, establece un incremento das retribucións do persoal ó servico do sector público equivalente ó crecemento do IPC previsto, cifrado nun 2 por 100.

Así mesmo, inclúese neste capítulo a regulación da oferta de emprego público. A presente Lei de orzamentos xerais do Estado, igual que a anterior, mantén a súa regulación nun único artigo. Para o exercicio 2000 introducéense modificacións importantes na regulación da oferta de emprego público en canto á aplicación do principio de que as prazas de novo ingreso non deben superar o 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos.

En primeiro lugar, introdúcese a previsión de que a determinación do número das prazas de militares de carreira e de militares profesionais de tropa e mariñeiría non se someterá á limitación xeral do 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos, senón que se realizará de acordo co disposto na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. Así, o número de prazas de militares de carreira será o 50 por 100 da media dos retiros previstos para os anos 2000 ó 2009, e o de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeiría, o necesario para alcanza-los efectivos fixados na correspondente disposición adicional da propia lei.

Así mesmo, engádese unha nova excepción á limitación do 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos, respecto do persoal de corporacións locais de menos de 50.000 habitantes e da policía local.

Por último, flexibilízanse os termos nos que o Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio de Administracións Públicas poden autorizar convocatorias de prazas vacantes de determinadas entidades públicas empresariais e entes públicos, prevendo que poida superarse a limitación xeral do 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos se se trata de entidades de nova creación ou se se alteraron substancialmente as súas competencias. Así mesmo, o citado réxime esténdese ás sociedades estatais para a xestión dos servicos públicos de radiodifusión e televisión dependentes do Ente Público Radio Televisión Española (RTVE).

No capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», inclúense, xunto ás retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e da Administración xeral do Estado, as correspondentes ós altos cargos dos órganos consultivos (Consello de Estado e Consello Económico e Social) e dos órganos constitucionais (Tribunal de Contas, Tribunal Constitucional e Consello Xeral do Poder Xudicial). A necesidade de incluír estas previsións na Lei de orzamentos xerais do Estado deriva de que a aprobación dos orzamentos destes órganos e, en consecuencia, das referidas retribucións, a deben face-las Cortes Xerais. Os principios de unidade e universalidade do orzamento esixen que esa aprobación se realice no

documento único, comprensivo de tódolos gastos do Estado, que é a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Dentro da retribución deste persoal, incluíuse como novidade na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000, a retribución por antigüidade ós conselleiros permanentes e secretario xeral do Consello de Estado, ó introduci-la previsión de que poidan percibi-las retribucións fixadas nos acordos adoptados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade.

Así mesmo, establécese que tanto os citados conselleiros permanentes e secretario xeral, como os demais altos cargos de órganos constitucionais, poidan seguir perfeccionando os trienios que, se é o caso, lles correspondan pola súa condición previa de funcionarios, segundo a normativa aplicable, e percibindo a eventual diferenza do seu importe cando a contía derivada da devandita normativa fose superior á aprobada nos mencionados acordos.

Por último, prevese que os funcionarios en situación de servicios especiais percibirán retribución por antigüidade (trienios) en catorce pagas.

O capítulo III deste título recolle, como en leis de orzamentos anteriores, outras disposicións en materia de réxime do persoal activo relativas, entre outros aspectos, á prohibición de ingresos atípicos, incremento das contías a percibir polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación, ós requisitos para a determinación ou modificación das retribucións do persoal laboral, non funcionario, e á contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

Dentro deste capítulo destaca como novidade a previsión sobre retribucións de artistas en espectáculos públicos, establecendo unha maior flexibilidade para a fixación da súa retribución de forma que poida acomodarse ó criterio de mercado.

En concreto, exceptuábase da necesidade de informe favorable conxunto dos ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas o suposto especial de fixación de retribucións por contrato individual respecto de persoal suxeito á relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, xa que nestes supostos a CECIR carece de instrumentos que lle permitan fixa-la retribución.

V

Reproducindo a estrutura mantida en exercicios anteriores, o título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado, baixo a rúbrica «Das pensións públicas», divídese en cinco capítulos, dedicados, respectivamente, a regula-la determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, especiais de guerra e non contributivas da Seguridade Social, as limitacións no sin-lamento inicial das pensións públicas, a revalorización e modificación dos valores das pensións públicas para o ano 2000, os complementos para mínimos e outras disposicións en materia de pensións públicas. Este último capítulo, coma en anos anteriores, recolle, nun único artigo, a fixación da contía das pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez.

No capítulo III deste título IV, referente á revalorización e modificación dos valores das pensións públicas, establécese un incremento destas para o ano 2000 dun 2 por 100, igual ó do IPC previsto para o ano 2000, o que garante o poder adquisitivo das pensións, asegurando desta maneira os niveis de cobertura e protección do gasto social.

En liña coa vontade do Goberno de mante-lo poder adquisitivo das pensións públicas, considerando que a previsión de inflación novembro 1998-novembro 1999 será superior á estimada no momento de elaboración

da Lei de orzamentos xerais do Estado para 1999, introdúcese unha disposición adicional que ten como finalidade compensa-la perda de poder adquisitivo das pensións derivada desta diferenza. Para iso establécese o aboamento ós pensionistas prexudicados dunha paga única que cubra a diferenza de percepcións, así como a consolidación desta cantidade para efectos do cálculo de actualizacións sucesivas.

Respecto dos demais capítulos, o único que cómpre salientar é que se realiza a pertinente actualización das contías consignadas neles, tendo en conta os acordos adoptados no seo do Pacto de Toledo en canto a pensións mínimas.

VI

O título V, «Das operacións financeiras», estrutúrase en tres capítulos, relativos, respectivamente, a débeda pública, avais públicos e outras garantías e relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial.

O obxecto fundamental deste título é autoriza-la contía ata a cal o Estado e os organismos públicos poidan realizar operacións de endebedamento, materia que se regula no capítulo I, baixo a rúbrica «Débeda pública». Estas autorizacións xenéricas complétanse coa determinación da información que deberán subministra-los organismos públicos e o propio Goberno sobre evolución da débeda pública e as contas abertas polo Tesouro no Banco de España e outras entidades financeiras.

En materia de débeda do Estado, a autorización ó Goberno vén referida á contía do incremento do saldo vivo da débeda do Estado a 31 de decembro. Así, para o exercicio do ano 2000 autorízase o Goberno para que a incrementa, coa limitación de que o saldo vivo da devandita débeda a 31 de decembro do ano 2000 non supere o correspondente a 1 de xaneiro do ano 2000 na cifra prevista no artigo 47, permitíndose que o citado límite sexa superado no curso do exercicio, logo de autorización do Ministerio de Economía e Facenda e establecendo os supostos en que quedará automaticamente revisado.

Respecto da débeda dos organismos públicos, determínase o importe autorizado a cada un deles para o exercicio no anexo III da lei.

No capítulo II, relativo ós avais públicos e outras garantías, fíxase o límite total dos avais que deberá presta-lo Estado e os organismos públicos. Dentro dos avais do Estado merece especial mención a autorización de avais para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos, orientados a favorece-lo acceso ó crédito das PEMES, para o cal se establece unha contía de 300.000 millóns de pesetas.

En relación cos avais que prestarán os organismos públicos só se autoriza á Sociedade Estatal de Participacións Industriais a presta-los citados avais, dado o criterio restrictivo que sobre este punto establece a normativa comunitaria. Estas autorizacións van acompañadas da determinación da información que deberá subministra-lo Goberno ás Cortes Xerais sobre a evolución dos avais outorgados.

As relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial están recollidas no capítulo III, e céntranse en regula-los reembolsos do Estado a ese Instituto, a información correspondente ós custos xerais e a dotación do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, dotación que no exercicio 2000 se incrementará en 80.000 millóns de pesetas.

Dentro deste capítulo inclúese a dotación ó fondo de microcréditos para proxectos de desenvolvemento social básico no exterior, que ascende, no ano 2000, a 8.000 millóns de pesetas.

VII

As modificacións en materia tributaria contéñense no título VI da lei, baixo a rúbrica «Normas tributarias». Estas modificacións limítanse a actualizar determinados parámetros coa finalidade de consolidar para o próximo exercicio o cumprimento dos criterios de converxencia e, en particular, o de proseguir no obxectivo de redución do déficit público.

En materia de imposto sobre a renda das persoas físicas, as modificacións afectan á deflactación das correspondentes escalas de gravame, xeral e autonómica ou complementaria, e á actualización dos coeficientes correctores do valor de adquisición, ó 2 por 100, porcentaxe de inflación prevista para o próximo exercicio, así como a establece-los mecanismos adecuados co obxecto de compensar a aqueles contribuíntes ós que a nova regulación lles resulte menos vantaxosa que a aplicación das deducións que viñesen desfrutando en materia de investimento e arrendamento da súa vivenda habitual.

Tamén se modifica o sistema de asignación tributaria á Igrexa Católica e a outros fins de interese social, pois permíteselles ós contribuíntes elixiren ámbalas opcións asemade e garántenselles uns ingresos mínimos tanto á Igrexa Católica como ás institucións privadas dedicadas a outros fins de interese social.

Por último, inclúese unha dedución específica na cota do 25 por 100 para actividades e programas prioritarios de mecenado (patrimonio histórico, axuda oficial ó desenvolvemento, promoción de linguas oficiais e formación de voluntariado).

En materia de imposto de sociedades, actualízanse os coeficientes que recollen a depreciación monetaria habida desde o ano 1983, para efectos de aplica-los mecanismos previstos no artigo 15.11.c) da Lei do imposto sobre sociedades, mediante a aplicación dun coeficiente uniforme ós índices recollidos na táboa aprobada para o exercicio anterior que reflicte a variación de prezos que se presume que acontecerá no ano 2000, co obxecto de elimina-la tributación das plusvalías monetarias. Agora ben, o mesmo ca no exercicio 1999 e de acordo coa modificación que a reforma do imposto sobre a renda das persoas físicas determinou no artigo 15.11 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, os devanditos coeficientes de depreciación aplícanse só ós activos inmobiliarios.

Determinábase o importe dos pagamentos á conta que deberán realiza-las entidades suxeitas ó imposto sobre sociedades, sen outra modificación en relación coa regulación vixente en 1999 que a que resulta de establece-la obriga das sociedades transparentes de efectuaren pagamentos fraccionados do imposto.

Debe salientarse, como ocorría no IRPF, a posibilidade de deducir da base imponible do imposto polos gastos efectuados en actividades e programas prioritarios de mecenado.

En materia de imposto sobre o patrimonio, actualízase o mínimo exento e a tarifa aplicable no caso de as comunidades autónomas non aprobaren contías propias ou non teren asumidas competencias na materia. O mínimo exento queda fixado en 18.000.000 de pesetas.

No imposto sobre sucesións e doazóns actualízanse, no 2 por 100, a tarifa, as reducións na base imponible e as contías do patrimonio previo preexistente que determinan a aplicación de coeficientes multiplicadores da cota íntegra.

Debe destacarse a introducción dunha nova redución no imposto, de 25.000.000 de pesetas, para as adquisicións efectuadas por persoas que acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100 e que se xustifica no marco do apoio á familia e ós discapacitados que o Goberno promove.

VIII

O título VII, «Dos entes territoriais», estrutúrase en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a corporacións locais e a comunidades autónomas.

Dentro do capítulo I recóllese a participación dos municipios, provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas nos tributos do Estado. Os criterios de reparto entre as entidades locais son os aprobados polas Cortes Xerais para o quinquenio 1999-2003 na Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Así mesmo, contéñense normas relativas á compensación ós concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais, dando cumprimento ó previsto no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Tales beneficios afectan, fundamentalmente, a exencións do IBI.

Igualmente, prevese o outorgamento de anticipos ós concellos para cubriren os desfases que poidan ocasionarse na xestión recadatoria dos tributos locais.

O capítulo II, rubricado «Comunidades autónomas», fixa as porcentaxes de participación destas nos ingresos do Estado para o quinquenio 1997-2001, aplicables en 1 de xaneiro do ano 2000, distinguíndose as porcentaxes de participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas e as porcentaxes de participación das comunidades autónomas nos ingresos xerais do Estado. Distínguese igualmente, no que atinxe ó financiamento no ano 2000 por participación nos ingresos do Estado, entre as comunidades autónomas ás que lles é de aplicación o modelo do sistema de financiamento para o quinquenio 1997-2001 e as comunidades autónomas que non adoptaron acordo sobre o sistema de financiamento.

IX

A Lei de orzamentos xerais do Estado contén, no título VIII, baixo a rúbrica «Cotizacións sociais», a normativa relativa ás bases e tipos de cotización dos distintos réximes da Seguridade Social, procedendo á actualización das bases de cotización.

Para o exercicio 2000 introdúcense novidades en materia de cotización ó réxime especial agrario ó incluí-la previsión expresa dos importes das bases diarias de cotización por xornadas reais, correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea (ata agora establecíase a obriga de cotizalo 11,5 por 100 da base de cotización, por cada xornada real realizada).

X

O contido da Lei de orzamentos complétase con diversas disposicións adicionais e transitorias nas que se recollen preceptos de índole moi variada.

Norma de contido eminentemente orzamentario, por canto afecta ó control da execución do orzamento, é a determinación dos programas e actuacións ós que lles será de especial aplicación o sistema de seguimento de obxectivos.

En materia de persoal, fíxanse os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría a alcanzar a 31 de decembro do ano 2000.

En materia de pensións públicas e prestacións asistenciais, establécense as contías das prestacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo, das pensións asistenciais e subsidios económicos da Lei 13/1982, de integración social de minusválidos, revalorización para o ano 2000 das prestacións de gran invalidez do

régime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e das axudas sociais ós afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).

As normas de índole económica refírense ó xuro legal do diñeiro, que se sitúa nun 4,25 por 100, e ó xuro de demora, que se fixa nun 5,50 por 100, e o financiamento da formación continua, así como preceptos relativos á garantía do Estado para obras de interese cultural cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación e Cultura. Entre estas prevense, de forma expresa, as exposicións organizadas pola Sociedade Estatal para a conmemoración dos centenarios de Felipe II e Carlos V.

O fomento do comercio exterior ten a súa plasmación en dúas disposicións adicionais relativas ó seguro de crédito á exportación e á dotación de fondos de fomento do investimento español no exterior, Fondo para Investimentos no Exterior (FLEX), Fondo de Operacións para Investimentos no Exterior da Pequena e Mediana Empresa (FONPYME) e Fondo para Garantías de Operacións de Financiamento de Investimentos no Exterior.

O límite máximo de cobertura para nova contratación, excluída a modalidade de póliza aberta de xestión de exportacións (PAGEX) e póliza 100 que pode asegurarse e distribuír CESCE no exercicio 2000 elévase en 40.000 millóns de pesetas sobre o establecido para o exercicio 1999, ascendendo a 590.000 millóns de pesetas.

Os incrementos de dotación dos fondos de fomento do investimento español no exterior mantéñense nas mesmas contías establecidas para o exercicio 1999. O mesmo sucede co importe total máximo das operacións que poden aproba-los respectivos comités executivos.

En materia de xestión administrativa, reitérase, para o exercicio 2000, a prohibición de subscribir novos contratos de obra baixo a modalidade de aboamento total do prezo.

Para paliar os efectos das inundacións ocorridas en Málaga en febreiro do 1998, introdúcese unha disposición adicional na que se prevé a adopción de medidas tendentes a compensar os gastos ocasionados, nas condicións do Real decreto lei 2/1998, do 17 de abril.

Por último, prevese a realización de sorteos especiais de Lotería Nacional a favor da Cruz Vermella Española, Asociación Española contra o Cancro e Campionato do Mundo de Xogos Ecuéstres.

A lei fécchase cun conxunto de disposicións transitorias relativas á indemnización por residencia do persoal ó servizo do sector público estatal non sometido a lexislación laboral, absorción dos complementos persoais e transitorios, destino dos remanentes do Fondo de Solidariedade creado pola disposición adicional décimo novena da Lei 50/1984 e a xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.

TÍTULO I

Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións

CAPÍTULO I

Créditos iniciais e o seu financiamento.

Artigo 1. *Ámbito dos orzamentos xerais do Estado.*

Nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio do ano 2000 intégranse:

- O orzamento do Estado.
- Os orzamentos dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

- O orzamento da Seguridade Social.
- Os orzamentos dos organismos públicos cunha normativa específica que confire carácter limitativo ós créditos do seu orzamento de gastos:

Consello de Seguridade Nuclear.
Consello Económico e Social.
Axencia Estatal de Administración Tributaria.
Instituto Cervantes.
Axencia de Protección de Datos.
Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX).

- O orzamento do Ente Público Radiotelevisión Española e das restantes sociedades mercantís estatais para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

- Os orzamentos das sociedades mercantís estatais.

- Os orzamentos das entidades públicas empresariais e restantes organismos públicos.

Artigo 2. *Da aprobación dos estados de gastos e ingresos dos entes referidos nas letras a) a d) do artigo 1 desta lei.*

Un. Para a execución dos programas integrados nos estados de gastos dos orzamentos dos entes mencionados nas alíneas a), b), c) e d) do artigo anterior, apróbanse créditos nos capítulos económicos I a VIII por importe de 33.660.981.075 miles de pesetas, segundo a distribución por programas detallada no anexo I desta lei. A agrupación por funcións dos créditos destes programas é a seguinte, en miles de pesetas:

Alta dirección do Estado e do Goberno: 48.779.819.
Administración xeral: 72.511.891.
Relacións exteriores: 146.999.043.
Xustiza: 250.005.065.
Protección e seguridade nuclear: 5.472.782.
Defensa: 929.805.691.
Seguridade e protección civil: 647.905.141.
Seguridade e protección social: 12.675.940.686.
Promoción social: 813.102.199.
Sanidade: 4.454.317.151.
Educación: 507.363.578.
Vivenda e urbanismo: 109.540.426.
Benestar comunitario: 66.309.572.
Cultura: 127.022.264.
Outros servizos comunitarios e sociais: 30.295.637.
Infraestruturas básicas e transportes: 1.298.069.461.
Comunicacións: 29.559.253.
Infraestruturas agrarias: 71.205.007.
Investigación científica, técnica e aplicada: 507.180.588.
Información básica e estatística: 45.153.140.
Regulación económica: 303.266.795.
Regulación financeira: 311.095.156.
Agricultura, gandería e pesca: 1.149.173.483.
Industria: 152.677.713.
Enerxía: 6.995.999.
Minería: 165.739.016.
Turismo: 17.192.947.
Comercio: 149.143.978.
Transferencias a administracións públicas territoriais: 4.630.943.394.
Relacións financeiras coa Unión Europea: 1.133.214.200.
Débeda pública: 2.805.000.000.

Dous. Nos estados de ingresos dos entes referidos no punto anterior recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario. A distribución do seu importe consolidado, expresado en miles de pesetas, recóllese a continuación:

(Miles de pesetas)

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Ingresos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total ingresos
Estado	18.098.548.152	114.380.000	18.212.928.152
Organismos autónomos	3.897.401.153	132.855.066	4.030.256.219
Seguridade Social	9.685.723.896	11.800.000	9.697.523.896
Organismos do artigo 1.d) desta lei	13.844.380	12.763.329	26.607.709
Total	31.695.517.581	271.798.395	31.967.315.976

Tres. Para as transferencias internas entre os entes referidos no punto un deste artigo, apróbanse créditos por importe de 6.634.432.759 miles de pesetas, co seguinte detalle por entes:

(Miles de pesetas)

Transferencias segundo orixe	Transferencias segundo destino				
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Organismos do artigo 1.d) desta lei	Total
Estado	—	591.372.955	4.899.961.206	131.913.389	5.623.247.550
Organismos autónomos	328.892.000	10.979.828	—	30.600	339.902.428
Seguridade Social	314.301.848	1.300.000	355.680.933	—	671.282.781
Organismos do artigo 1.d) desta lei	—	—	—	—	—
Total	643.193.848	603.652.783	5.255.642.139	131.943.989	6.634.432.759

Catro. Os créditos incluídos nos programas e transferencias entre subsectores dos estados de gastos aprobados neste artigo distribúense orgánica e economicamente, expresados en miles de pesetas, segundo se indica a continuación:

(Miles de pesetas)

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Gastos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total gastos
Estado	19.769.458.552	794.784.997	20.564.243.549
Organismos autónomos	4.625.287.653	7.042.899	4.632.330.552
Seguridade Social	14.790.452.138	149.835.897	14.940.288.035
Organismos do artigo 1.d) desta lei	158.477.198	74.500	158.551.698
Total	39.343.675.541	951.738.293	40.295.413.834

Cinco. Para a amortización de pasivos financeiros, apróbanse créditos no capítulo IX dos estados de gastos dos entes a que se refire o número un, por importe do 2.642.486.628 miles de pesetas, coa distribución por programas que se detalla no anexo I desta lei.

Artigo 3. *Dos beneficios fiscais.*

Os beneficios fiscais que afectan ós tributos do Estado estímense en 5.885.398.000 miles de pesetas. A súa ordenación sistemática incorpórase como anexo ó estado de ingresos do Estado.

Artigo 4. *Do financiamento dos créditos aprobados no artigo 2 desta lei.*

Os créditos aprobados no punto un do artigo 2 desta lei, que ascenden a 33.660.981.075 miles de pesetas, financiaranse:

a) Cos dereitos económicos que se liquidarán durante o exercicio, que se detallan nos estados de ingresos correspondentes e que se estiman en 31.967.315.976 miles de pesetas, e

b) Co endebedamento neto resultante das operacións que se regulan no capítulo I do título V desta lei.

Artigo 5. *Da conta de operacións comerciais.*

Apróbanse as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidas ás operacións comerciais dos organismos autónomos que, na entrada en vigor da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se encontraban incluídos na alínea b) do artigo 4.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, así como as do organismo público Instituto Cervantes.

Artigo 6. *Dos orzamentos dos entes referidos nas letras e), f) e g) do artigo 1 desta lei.*

Un. 1. Apróbase o orzamento do ente público Radiotelevisión Española no que se conceden as dotacións necesarias para atender ó desenvolvemento das súas actividades, por un importe de 58.105.000 miles de pesetas, estimándose os seus recursos en igual contía.

2. Apróbanse os orzamentos das sociedades mercantís estatais para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión a que se refire a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, co seguinte detalle:

«Televisión Española, Sociedade Anónima», por un importe total de gastos do 168.689.000 miles de pesetas, ascendendo os recursos a igual contía.

«Radio Nacional de España, Sociedade Anónima», por un importe total de gastos do 26.611.000 miles de pesetas, ascendendo os recursos a igual contía.

Dous. Apróbanse os orzamentos das restantes sociedades mercantís estatais con maioría de capital público, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, presentados de forma individualizada ou consolidados cos do grupo de empresas ó que pertencen, relacionándose neste último caso as sociedades obxecto de presentación consolidada. Sen prexuízo do anterior, inclúense, en calquera caso, de forma separada, os das sociedades mercantís estatais que reciben subvencións con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

Tres. Apróbanse os orzamentos das entidades públicas empresariais e dos organismos públicos que a seguir se especifican, nos que se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e ós seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, se é o caso, puidesen contelas disposicións que lles resulten de aplicación:

- Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA).
- Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).
- Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).
- Comisión Nacional da Enerxía (CNE).
- Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV).
- Consorcio de Compensación de Seguros (CCS).
- Consorcio da Zona Especial Canaria (CZEC).
- Entidade Pública Empresarial Rede Técnica Española de Televisión (RETEVISION).
- Entidade Pública Empresarial «Correos e Telégrafos».
- Escola Oficial de Turismo (EOT).
- Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM).
- Ferrocarrís de Vía Estreita (FEVE).
- Xerencia do Sector da Construcción Naval.
- Ente Xestor de Infraestructuras Ferroviarias (GIF).
- Instituto de Crédito Oficial (ICO).
- Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).
- Portos do Estado e Autoridades Portuarias.
- Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (RENFE).

Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR).

Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).

Sociedade Estatal de Promoción e Equipamiento do Solo (SEPES).

Artigo 7. *Orzamento do Banco de España.*

De acordo co previsto no artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, apróbase o orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que se une a esta lei.

CAPÍTULO II

Normas de modificación e execución de créditos orzamentarios

Artigo 8. *Principios xerais.*

Un. Con vixencia exclusiva durante o ano 2000, as modificacións dos créditos orzamentarios autorizados nesta lei suxeitaranse ás seguintes regras:

Primeira. As modificacións dos créditos orzamentarios axustaranse ó disposto nesta lei, e ó que para o efecto se dispón no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, naqueles extremos que non resulten modificados por aquela.

Segunda. Todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente a sección, servizo ou organismo público a que se refira, así como o programa, artigo, concepto e subconcepto, se é o caso, afectados pola modificación, mesmo naqueles casos en que o crédito se consigne a nivel de artigo. Non obstante, as limitacións sinaladas no artigo 70.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, entenderanse referidas a nivel de concepto para aqueles casos en que a vinculación establecida o sexa a nivel de artigo.

Na correspondente proposta de modificación orzamentaria e na súa resolución farase constar, debidamente cuantificada e xustificada, a incidencia na consecución dos obxectivos previstos.

Terceira. Cando as modificacións autorizadas afecten a créditos do capítulo I, «Gastos de persoal», deberán ser comunicadas polo Ministerio de Economía e Facenda ó Ministerio de Administracións Públicas para o seu coñecemento.

Cuarta. As limitacións contidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria non serán de aplicación cando as transferencias de crédito se produzan como consecuencia do traspaso de competencias ás comunidades autónomas, por aplicación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando se trate de créditos de financiamento exclusivamente comunitario ou que se realice conxuntamente por España e as Comunidades Europeas, se efectúen entre créditos da sección 06 «Débeda pública», deriven da autorización contida no número 4 do artigo 10.un desta lei, ou cando se realicen con cargo ó crédito 16.06.313G.227.11.

Dous. Ás retencións de crédito que se efectúen como consecuencia da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, non lles serán de aplicación as limitacións establecidas no artigo 22 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989.

O Goberno remitirá ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información detallada de tódolos investimentos comprometidos así como a previsión para exercicios posteriores, con cargo ós créditos obtidos de acordo co artigo 68 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

Artigo 9. *Créditos vinculantes.*

Con vixencia exclusiva durante o ano 2000, consideraranse vinculantes, co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os créditos consignados para atender obrigas de exercicios anteriores.

Artigo 10. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Un. Con vixencia exclusiva durante o ano 2000, correspóndenlle ó ministro de Economía e Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Realiza-las incorporacións a que fai referencia o artigo 11.dous desta lei.

2. Autoriza-las transferencias que afecten ós créditos previstos no número 3. alínea b) do artigo 59 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, así como as que se refiran ós créditos sinalados no artigo 9 cando o seu nivel de vinculación sexa distinto do establecido con carácter xeral para os capítulos nos que estean consignados.

3. Autoriza-las transferencias de crédito que resulten procedentes en favor das comunidades autónomas, como consecuencia dos respectivos reais decretos de traspaso de servicios.

4. Autoriza-las transferencias de crédito entre un ou varios programas, incluídos na mesma ou distinta función, correspondentes a servicios de diferentes seccións orzamentarias, cando iso fose necesario en función dos convenios, protocolos e outros instrumentos de colaboración subscritos entre os diferentes departamentos ministeriais, outros órganos do Estado con dotacións diferenciadas nos orzamentos xerais do Estado e organismos públicos.

5. Autoriza-las transferencias que resulte necesario realizar desde o crédito 16.06.313G.227.11 para dar cumprimento ó previsto no artigo 2 da Lei 36/1995, do 11 de decembro.

6. Autoriza-las transferencias entre un ou varios programas, incluídos na mesma ou distinta función, correspondentes a servicios ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando iso fose necesario para a distribución dos créditos dotados no vixente orzamento con destino ó Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica.

7. Autorizar transferencias de crédito entre un ou varios programas incluídos na mesma ou distinta función correspondentes a servicios ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando iso fose necesario para facer efectiva a redistribución, reasignación ou mobilidade dos efectivos de persoal ou dos postos de traballo, nos casos previstos no capítulo IV do Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, así como para facer efectiva a mobilidade forzosa do persoal laboral da Administración xeral do Estado de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

8. Autorizar xeracións de créditos por ingresos percibidos no derradeiro mes do exercicio anterior, cando tales ingresos procedan de achegas da Unión Europea.

9. Autorizar xeracións de crédito no Ministerio de Defensa como consecuencia de ingresos procedentes da Xerencia de Infraestructuras e Equipamento de Defensa, destinados a gastos operativos das Forzas Armadas.

Dous. Con vixencia exclusiva durante o ano 2000, corresponden ó Ministro de Defensa as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autoriza-las xeracións de crédito previstas no artigo 71.1.b) e c) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, motivadas por ingresos procedentes de vendas de produtos farmacéuticos ou de prestación de servicios hospitalarios, así como por ingresos procedentes de subministracións de víveres, combustibles ou prestacións alimentarias debidamente autorizadas, e prestacións de servicios a exércitos de países integrados na OTAN.

2. Autoriza-las transferencias de crédito que deban realizarse no orzamento da Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Defensa, para remitir fondos ó Estado con destino a cubrir necesidades operativas das Forzas Armadas, incluso con creación de conceptos novos.

Tres. Con vixencia exclusiva durante o ano 2000, correspóndelle ó ministro de Sanidade e Consumo autoriza-las xeracións de crédito previstas no artigo 71.1.b) e c), do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, como consecuencia dos ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Así mesmo, poderán xerar crédito, por acordo do ministro de Sanidade e Consumo, os ingresos a que se refire a citada disposición adicional, aínda que se producisen no derradeiro mes do exercicio anterior.

Co obxecto de reflecti-las repercusións no orzamento de gastos do Instituto Nacional da Saúde das transferencias do Estado á Seguridade Social, pola xeración de crédito producida como consecuencia da recadación efectiva de ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, o ministro de Sanidade e Consumo poderá autoriza-las ampliacións de crédito que sexan necesarias no orzamento de gastos da devandita entidade.

En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire o parágrafo anterior, remitiranse ó Ministerio de Economía e Facenda, Dirección Xeral de Orzamentos, para o seu coñecemento.

Catro. Para os efectos previstos na letra d) do artigo 69 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, os titulares dos departamentos ministeriais poderán autoriza-las ampliacións de crédito nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos, en canto sexa necesario para reflectir neles a repercusión das xeracións de crédito autorizadas polos titulares dos departamentos ministeriais nos supostos recollidos no artigo 71.1, alíneas a) e d), do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Cinco. De tódalas transferencias a que se refire este artigo, remitirase trimestralmente información ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, identificando as partidas afectadas, o seu importe e a súa finalidade.

Artigo 11. *Das limitacións orzamentarias.*

Un. O conxunto dos créditos comprometidos no ano 2000 con cargo ó orzamento do Estado e referidos a operacións non financeiras, excluídos os imputables a créditos extraordinarios e suplementos de crédito aprobados polas Cortes, a créditos xerados ou ampliados como consecuencia de ingresos previos ou para gastos financeiros por operacións de troco de débeda pública, non poderán supera-la contía total dos créditos inicialmente aprobados para atender tales operacións no orzamento do Estado.

O Goberno remitirá ó Congreso dos Deputados e ó Senado información sobre as ampliacións de crédito que

se acorden durante o exercicio do ano 2000, identificando os créditos afectados, o seu importe e a súa finalidade.

Dous. Queda en suspenso durante o exercicio do ano 2000 o disposto no artigo 73 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Non obstante poderán incorporarse ós créditos do exercicio os remanentes que se recollen no anexo VI desta lei.

Tres. Durante o ano 2000 non poderán efectuarse transferencias de crédito de operacións de capital a operacións correntes, agás as excepcións seguintes:

As recollidas no artigo 10 «Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias», punto un.

As que afecten a programas de imprevistos e funcións non clasificadas da sección 31 «Gastos de diversos ministerios».

As que sexan necesarias para atender obrigas de todo tipo motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia declaradas por normas con rango de lei.

As que sexan necesarias para distribuí-los créditos dotados no vixente orzamento con destino ó Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica.

As que resulten procedentes no orzamento da Xerencia de Infraestructuras e Equipamento da Defensa para posibilita-lo ingreso no Estado de fondos destinados a atender necesidades operativas das Forzas Armadas.

Catro. O Goberno realizará, periodicamente, o seguimento do disposto no punto un deste artigo así como o dos dereitos e as obrigas recoñecidas por operacións non financeiras con cargo ó orzamento do Estado, para os efectos de garanti-la consecución do déficit inicialmente previsto nesta lei, adoptando, se procede, os acordos de non-dispoñibilidade de créditos que, para iso, sexan necesarios.

Cinco. O exceso de dereitos recoñecidos sobre os inicialmente previstos, coa excepción daqueles que, previa a súa recadación, financien xeracións ou ampliacións de crédito, aplicarase a reduci-lo déficit inicial.

Seis. O Goberno comunicará trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso e do Senado as operacións de execución do orzamento do Estado e da Seguridade Social realizadas no devandito período de tempo, para os efectos de informar do cumprimento do previsto neste artigo.

CAPÍTULO III

Da Seguridade Social

Artigo 12. *Da Seguridade Social.*

Un. O financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional da Saúde, efectuarase con dúas achegas finalistas do Estado, unha para operacións correntes por un importe de 4.169.579.217 miles de pesetas e outra para operacións de capital por un importe de 69.633.000 miles de pesetas, e con calquera outro ingreso afectado a aquela entidade por importe estimado do 113.623.377 miles de pesetas.

Dous. O Estado achega ó sistema da Seguridade Social 16.288.000 miles de pesetas para atender ó financiamento dos complementos para mínimos das pensións do dito sistema.

Tres. O orzamento do Instituto de Migracións e Servicios Sociais financiarase no exercicio do ano 2000 con achegas do Estado para operacións correntes por un

importe de 485.468.389 miles de pesetas e para operacións de capital por un importe de 6.937.200 miles de pesetas, así como por calquera outro ingreso afectado ós servizos prestados pola entidade, por un importe estimado do 2.267.101 miles de pesetas.

TÍTULO II

Da xestión orzamentaria

CAPÍTULO I

Da xestión dos orzamentos docentes

Artigo 13. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un. De acordo co establecido nos puntos segundo e terceiro do artigo 49 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ó sostemento dos centros concertados para o ano 2000, é o fixado no anexo IV desta lei.

Co fin de lle dar cumprimento ó previsto no artigo 11.2 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, provisionalmente e ata que non se regule o sistema de financiamento do segundo ciclo da educación infantil, as unidades concertadas nestas ensinanzas financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei.

Así mesmo, con carácter provisional e ata que se regule regulamentariamente a composición e forma de financiamento dos ciclos formativos de grao medio, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, estes financiaranse de acordo cos módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei, en función de que os correspondentes ciclos formativos de grao medio teñan módulo económico definido ou sen definir.

Dado o carácter experimental da impartición en centros concertados de formación profesional dos programas de garantía social, cada Administración educativa determinará a cantidade destinada ó seu financiamento, sempre que esta non exceda do módulo económico establecido no anexo IV.

Provisionalmente, e ata tanto non se regule regulamentariamente o financiamento dos ciclos formativos de grao superior, estes financiaranse de acordo cos módulos económicos de formación profesional de segundo grao.

Así mesmo, e con carácter transitorio, as unidades de bacharelato unificado polivalente, curso de orientación universitaria e as ensinanzas de bacharelato establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV desta lei, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

As comunidades autónomas en pleno exercicio de competencias educativas poderán adecua-los módulos establecidos no citado anexo ás esixencias derivadas do currículo establecido por cada unha das ensinanzas, sempre que iso non supoña unha diminución das contías dos ditos módulos, fixadas nesta lei.

As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro do ano 2000, sen prexuízo da data en que se asinen os respectivos convenios colectivos do ensino privado, aplicables a cada nivel educativo nos centros concertados, podendo a Administración aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de tódalas organizacións patronais e consulta coas sindicais negociadoras dos citados convenios

colectivos, ata o momento en que se produza a sinatura do correspondente convenio, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro do ano 2000. O compoñente do módulo destinado a «Outros gastos» producirá efecto a partir do 1 de xaneiro do ano 2000.

As contías sinaladas para salarios do persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos. A contía correspondente a «Outros gastos» aboaráselles mensualmente ós centros concertados, e estes deberán xustificar a súa aplicación ó finalizar cada curso escolar.

Dous. Os centros docentes que teñan unidades concertadas no primeiro e segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria, serán dotados do financiamento dos servicios de orientación educativa a que se refire a disposición adicional terceira.³ da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. Esta dotación realizarase sobre a base de calculalo equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 25 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria. Por tanto, os centros concertados terán dereito á xornada correspondente do citado profesional, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teñan concertadas.

Tres. As cantidades que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ó proveniente dos fondos públicos que se asignen ó réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regrado, son as que se establecen a seguir:

Formación profesional de segundo grao, ciclos formativos de grao superior, bacharelato unificado polivalente e bacharelato LOXSE: 3.000 pesetas alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2000.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia do cobramento ós alumnos destas cantidades, terá o carácter de complementario ó aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «Outros gastos». A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 600.000 pesetas o importe correspondente ó compoñente de «Outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei, podendo as administracións educativas competentes establecer a regulación necesaria ó respecto.

Catro. Facúltase as administracións educativas para fixaren as relacións profesor/unidade concertada, adecuadas para impartilo plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas sobre a base de xornadas de profesor con vintecinco horas lectivas semanais; por tanto a Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias, ou calquera outra circunstancia que conduza a supera-lo previsto nos módulos económicos do anexo IV.

Cinco. A ratio profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata a entrada en vigor desta lei e se encontren neste momento incluídos na nómina de pagamento delegado, así como da progresiva potenciación dos equipos docentes.

Todo o anterior, sen prexuízo das modificacións de unidades que se produzan nos centros concertados,

como consecuencia da normativa vixente en materia de concertos educativos.

Seis. Os centros docentes concertados de educación especial serán dotados dunha axuda destinada a financiarlo transporte de alumnos plurideficientes, con discapacidade motora, que teñan graves dificultades no desprazamento e requiran un transporte adaptado. O importe anual da axuda será do 178.500 pesetas por alumno.

A cantidade correspondente aboaráselles mensualmente ós centros concertados de educación especial, en función do número de alumnos coas características reflectidas no parágrafo anterior, escolarizados neles a inicios de cada curso escolar, e de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Artigo 14. *Autorización dos custos de persoal das universidades de competencia da Administración xeral do Estado.*

De conformidade co disposto no artigo 54.4 da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, en relación coa súa disposición derradeira segunda, autorízanse os custos de persoal funcionario docente e non docente e contratado docente das universidades de competencia da Administración xeral do Estado para o ano 2000 polos importes detallados no anexo V desta lei.

CAPÍTULO II

Da xestión orzamentaria da sanidade

Artigo 15. *Transferencias de crédito do Instituto Nacional da Saúde.*

Un. Con vixencia exclusiva para o ano 2000, as transferencias de crédito do orzamento do INSALUD estarán sometidas ó seguinte réxime de distribución de competencias:

a) Corresponderalle ó director xeral de Orzamentos e Investimentos do INSALUD autorízalas transferencias de crédito entre rúbricas orzamentarias incluídas no mesmo grupo de programas e capítulo, sempre que non afecten ós créditos de persoal ou atencións protocolarias e representativas, ós destinados a investimento novo, nin supoñan desviacións na consecución dos obxectivos do programa respectivo.

b) Corresponderalle ó ministro de Sanidade e Consumo autorízalas transferencias de crédito entre rúbricas de distintos capítulos, pertencentes a un mesmo grupo de programas, sempre que non afecten ós créditos de persoal ou atencións protocolarias e representativas, ós destinados a investimento novo, nin supoñan desviacións na consecución dos obxectivos do programa respectivo.

c) Corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda autorizar aquelas transferencias en que a facultade de resolución exceda das competencias atribuídas ó ministro de Sanidade e Consumo e ó director xeral de Orzamentos e Investimentos do INSALUD.

Dous. En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refiren as alíneas a) e b) do número un deste artigo, remitiranse ó Ministerio de Economía e Facenda (Dirección Xeral de Orzamentos) para o seu coñecemento.

Artigo 16. *Réxime orzamentario das entidades creadas ó amparo da Lei 15/1997, do 25 de abril, no ámbito do INSALUD.*

Respecto ás entidades creadas, ou que se creen como novas formas de xestión do INSALUD, dispónse:

Un. Tódalas modificacións de crédito que vaia realiza-lo INSALUD no seu orzamento e que teñan repercusión nos orzamentos destas entidades deberán ser comunicadas, previamente á súa tramitación, á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda, con obxecto de que se emita o correspondente informe.

Dous. As entidades non poderán realizar, sen informe favorable do INSALUD, modificacións no seu orzamento que supoñan minoracións do orzamento de capital e incremento do orzamento de explotación. Así mesmo, dentro do orzamento de explotación, non se poderán realizar aquelas que supoñan movemento entre partidas de gasto de persoal e o resto de partidas de gasto, sen informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, tanto se supoñen aumento como diminución dos gastos de persoal.

Tres. As entidades, a través do INSALUD, propoñanlle anualmente á Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, a masa salarial do seu persoal, que deberá ser aprobada polo citado centro directivo. As modificacións de carácter retributivo que teñan lugar ó longo do exercicio orzamentario, relativas ó persoal destas entidades, deberán ser comunicadas ás direccións xerais de Custos de Persoal e Pensións Públicas e de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda.

Catro. Os concertos de hospitalización, asistencia ambulatoria, servizos especiais de diagnóstico e tratamento, asistencia concertada por procesos médicos e cirúrxicos e outros que realice o INSALUD coas entidades deberán ser sometidos a informe da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda.

Cinco. O Ministerio de Sanidade e Consumo deberá informar semestralmente á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda dos ingresos por servizos prestados xerados por estas entidades.

Artigo 17. *Créditos ampliables do orzamento do Instituto Nacional da Saúde.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio do ano 2000, non se considerarán como ampliables os créditos destinados ó pagamento de produtos farmacéuticos procedentes de receitas médicas do orzamento do Instituto Nacional da Saúde ós que se refire o artigo 149.d) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 18. *Xeración de crédito no orzamento do Instituto Nacional da Saúde.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2000, poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento do Instituto Nacional da Saúde os ingresos derivados de operacións previstas no artigo 71.1.a) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria como consecuencia dos ingresos procedentes de convenios, axudas ou doazóns altruístas para a realización de actividades investigadoras e docentes, a promoción de transplantes, doazóns de sangue ou doutras actividades similares, que se produciñen no derradeiro mes do exercicio anterior, sempre que o destino dos citados ingresos non sexa o regulado polo número 3.3 da disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

CAPÍTULO III

Outras normas sobre xestión orzamentaria

Artigo 19. *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Un. A porcentaxe de participación na recadación bruta obtida no ano 2000 derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou dictados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria será dun 18 por 100.

Dous. Para os efectos do disposto no parágrafo cuarto do punto cinco.b), do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, a variación de recursos da Axencia derivada dos maiores ingresos que poidan producirse sobre a recadación inicialmente prevista nos orzamentos xerais do Estado, instrumentarase a través dunha xeración de crédito, que será autorizada polo ministro de Economía e Facenda, no concepto de gasto «transferencia á Axencia Estatal de Administración Tributaria por participación na recadación de actos de liquidación», nunha contía que será a resultante de aplica-la porcentaxe sinalada no punto anterior.

Tres. A recadación aplicada ó orzamento de ingresos do Estado no mes de decembro do exercicio 1999 poderá xerar crédito, para efectos do establecido nos números anteriores, no mesmo concepto ou equivalente do orzamento do Estado para o ano 2000.

TÍTULO III

Dos gastos de persoal

CAPÍTULO I

Do incremento dos gastos do persoal ó servizo do sector público

Artigo 20. *Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ó servizo do sector público.*

Un. Para efectos do establecido no presente artigo, constitúen o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos.
- b) As administracións das comunidades autónomas e os organismos dependentes delas.
- c) As corporacións locais e organismos dependentes delas, de conformidade cos artigos 126.1 e 4, e 153.3 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- d) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- e) Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1 da Constitución.
- f) O Banco de España e o Instituto de Crédito Oficial.
- g) A entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.
- h) O ente público Radiotelevisión Española e as súas sociedades estatais para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión e o ente público da Rede Técnica Española de Televisión.
- i) A Universidade Nacional de Educación a Distancia.
- j) As sociedades mercantís públicas que perciban achegas de calquera natureza con cargo ós orzamentos públicos ou con cargo ós orzamentos dos entes ou sociedades que pertencen ó sector público destinadas a cubrir déficit de explotación.

k) As entidades públicas empresariais ás que se refire o artigo 43 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, as entidades de dereito público previstas no artigo 6.1.b) da Lei xeral orzamentaria e o resto dos entes do sector público estatal, autonómico e local.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2000, as retribucións íntegras do persoal ó servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ó 2 por 100 con respecto ás do ano 1999, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores ós que se establecen neste artigo ou nas normas que o desenvolvan deberán experimentala oportuna adecuación; en caso contrario as cláusulas que se opoñan a el devirán inaplicables.

Tres. O disposto no punto anterior debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a el, sempre con estricto cumprimento do disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Catro. Este artigo ten carácter de básico e dítase ó amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. As leis de orzamentos das comunidades autónomas e os orzamentos das corporacións locais correspondentes ó exercicio 2000 recollerán expresamente os criterios sinalados neste artigo.

Artigo 21. *Oferta de emprego público.*

Un. Durante o ano 2000, as convocatorias de prazas para ingreso de novo persoal do sector público delimitado no artigo anterior concentraranse nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren absolutamente prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais. En todo caso, o número de prazas de novo ingreso deberá ser inferior ó 25 por 100 da taxa de reposición de efectivos.

Este último criterio non será de aplicación ás Forzas Armadas, onde o número de prazas de militares de carreira, de acordo co establecido no número 3 da disposición transitoria segunda da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, será o 50 por 100 da media dos retiros previstos para os anos 2000 ó 2009, ó se-lo total de efectivos de cadros de mando superior ó cadro de persoal legal máximo, determinándose regulamentariamente de acordo co previsto no artigo 21 da citada lei; e o de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeiría, de acordo coas previsións do número 5 da disposición transitoria segunda da mencionada lei, será o necesario para alcanza-los efectivos fixados na disposición adicional sétima desta Lei de orzamentos xerais do Estado.

Non será de aplicación tampouco ás Forzas e Corpos da Seguridade do Estado nin a aquelas comunidades autónomas que deban efectuar un despregamento dos efectivos de policía autónoma no seu territorio en relación á cobertura das correspondentes prazas, nin tampouco ó persoal da Administración de Xustiza, para o que se determinará de acordo co disposto na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nin ás administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da

Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, en relación á determinación do número de prazas para o acceso ós corpos de funcionarios docentes, nin ó persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

No ámbito da Administración local, o referido criterio non se aplicará ó persoal das corporacións locais de menos de 50.000 habitantes nin ó da policía local.

Non obstante o disposto no parágrafo primeiro deste punto, as administracións públicas poderán convoca-los postos ou prazas que, estando orzamentariamente dotados e incluídos nas súas relacións de postos de traballo, catálogos ou cadros de persoal, se encontren desempañados interina ou temporalmente.

Dous. O Goberno, cos límites establecidos no número anterior, poderá autorizar, a través da oferta de emprego público, logo de informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda, por proposta do Ministerio de Administracións Públicas e a iniciativa dos departamentos ou organismos públicos competentes na materia, a convocatoria de prazas vacantes de novo ingreso que se refiran ó persoal da Administración civil do Estado e os seus organismos autónomos, persoal civil da Administración militar e os seus organismos autónomos, persoal da Administración da Seguridade Social, persoal estatutario da Seguridade Social, persoal da Administración de Xustiza, Forzas Armadas e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e persoal dos entes públicos Axencia Estatal de Administración Tributaria, Consello de Seguridade Nuclear, Axencia de Protección de Datos, e das entidades públicas empresariais «Correos e Telégrafos» e «Loterías e Apostas do Estado», así como dos postos e prazas a que se refire o último parágrafo do número un.

Os ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda poderán autorizar conxuntamente as correspondentes convocatorias de prazas vacantes das entidades públicas empresariais e entes públicos non mencionados anteriormente, respectando a taxa de reposición de efectivos establecida con carácter xeral, agás cando se trate de entidades de nova creación ou nas que se produza unha alteración substancial das competencias asignadas, aténdose ás condicións singulares que, de acordo coa específica natureza das devanditas entidades, se establezan no real decreto que aprobe a oferta de emprego público. A referida autorización conxunta será tamén de aplicación ás sociedades estatais para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión dependentes do ente público Radiotelevisión Española.

Tres. Durante o ano 2000 non se procederá á contratación de novo persoal temporal, nin ó nomeamento de funcionarios interinos, no ámbito a que se refire o número dous, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, con autorización conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e Economía e Facenda.

Os contratos para cubrir necesidades estacionais finalizarán automaticamente ó vence-lo seu prazo temporal.

Catro. A contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro conforme a lexislación local ou, se é o caso, lexislación española, no ámbito ó que se refire o punto dous, requirirá a autorización previa conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Economía e Facenda.

Cinco. O número un deste artigo ten carácter básico e dítase ó amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución. As leis de orzamentos das comunidades autónomas e os orzamentos das corporacións locais correspondentes ó exercicio do ano 2000 recollerán expresamente os criterios sinalados no dito número.

CAPÍTULO II

Dos réximes retributivos

Artigo 22. *Persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario.*

Un. Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2000, as contías dos compoñentes das retribucións do persoal do sector público estatal sometido a réxime administrativo e estatutario serán as derivadas da aplicación das seguintes normas:

a) As retribucións básicas do citado persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas ós postos de traballo que desempeñe, experimentarán un crecemento do 2 por 100 respecto das establecidas para o exercicio de 1999, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade daquel.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá, así mesmo, un crecemento do 2 por 100 respecto das establecidas para o exercicio de 1999, sen prexuízo das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para el, e do resultado individual da súa aplicación.

c) Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter, así como as indemnizacións por razón do servizo, rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei, sen que lle sexa de aplicación o aumento do 2 por 100 previsto nela.

Dous. O previsto nesta lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en pesetas que corresponderían en territorio nacional ós funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

Artigo 23. *Persoal laboral do sector público estatal.*

Entenderase por masa salarial, para os efectos desta lei, o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, devengados durante 1999 polo persoal laboral afectado, co límite das contías que reciban informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda para o devandito exercicio orzamentario, exceptuándose, en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou suplidos por gastos realizados polo traballador.

Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2000, a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal non poderá experimentar un crecemento global superior ó 2 por 100 respecto da establecida para o exercicio de 1999, comprendido na devandita porcentaxe o de tódolos conceptos, sen prexuízo do que puidese derivarse da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial ou organismo público median-

te o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

O previsto no parágrafo anterior representa o límite máximo da masa salarial, a distribución e aplicación individual da cal se producirá a través da negociación colectiva.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e antigüidade deste como ó réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2000, deberán satisfacerse a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do correspondente acordo e tódalas que se devenguen ó longo do expresado ano.

As indemnizacións ou suplidos deste persoal, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración do Estado; para o persoal laboral no estranxeiro a determinación das retribucións acomodarse ás circunstancias específicas de cada país.

Artigo 24. *Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos e da Administración xeral do Estado.*

Un. As retribucións para o ano 2000 dos altos cargos comprendidos neste número fíxanse nas seguintes contías, sen dereito a pagas extraordinarias e referidas a doce mensualidades sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que puidese corresponderlles de acordo coa normativa vixente:

	Pesetas
Presidente do Goberno	12.803.616
Vicepresidente do Goberno	12.034.116
Ministro do Goberno	11.296.476
Presidente do Consello de Estado	11.296.476
Presidente do Consello Económico e Social	13.146.984

Dous. O réxime retributivo para o ano 2000 dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados será o establecido con carácter xeral para os funcionarios públicos nos puntos 2 a) e c), e 3 a), b) e c) do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, para efectos do cal se fixan as seguintes contías de soldo, complemento de destino e complemento específico, referidas a doce mensualidades:

	Secretario de Estado e asimilados	Subsecretario e asimilados	Director xeral e asimilados
Soldo	1.934.232	1.934.232	1.934.232
Complemento de destino	3.331.752	2.665.404	2.132.316
Complemento específico	5.016.504	4.392.480	3.506.760

Tres. Tódolos altos cargos a que se refire o número anterior manterán a categoría e rango que lles corresponde de acordo coa normativa vixente, sen prexuízo de que o complemento de produtividade que, se é o caso, lles asigne o titular do departamento dentro dos créditos asignados para tal fin poida ser diferente de acordo co previsto no artigo 26.Un.E) desta lei, e da percepción, en catorce mensualidades, da retribución por antigüidade que lles puidese corresponder de acordo coa normativa vixente.

Catro. 1. As retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado no ano 2000 serán as que se establecen para os secretarios de Estado no número dous deste artigo, sen prexuízo das que lles puidesen corresponder polo concepto de antigüidade.

2. Dentro dos créditos establecidos para o efecto o presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade ós conselleiros permanentes e secretario xeral do organismo, de acordo co previsto no artigo 26.Un.E) desta lei.

3. Ademais das cantidades derivadas do disposto nos parágrafos anteriores os devanditos altos cargos percibirán, de se-lo caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e de teren a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo tal condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da citada normativa fose superior á aprobada nos referidos acordos.

Cinco. As retribucións dos presidentes e vicepresidentes e, de se-lo caso, as dos directores xerais cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel das entidades públicas empresariais e demais entes públicos serán autorizadas, durante o exercicio do ano 2000, polo ministro de Economía e Facenda por proposta do titular do departamento ó que se encontran adscritos, dentro dos criterios sobre incrementos retributivos establecidos no artigo 22 desta lei.

Artigo 25. *Retribucións dos altos cargos dos órganos constitucionais.*

As retribucións para o ano 2000 dos altos cargos comprendidos neste artigo fíxanse nas seguintes contías, sen prexuízo das que lles puidesen corresponder polo concepto de antigüidade.

Un. Consello Xeral do Poder Xudicial:

1. Presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.375.742
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	16.046.988
Total	20.422.730

2. Vocais do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.375.742
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	13.035.948
Total	17.411.690

3. Secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.145.456
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	12.677.088
Total	16.822.544

Dous. Tribunal Constitucional:

1. Presidente do Tribunal Constitucional:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	6.722.268
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	13.045.656
Total	19.767.924

2. Vicepresidente do Tribunal Constitucional:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	6.722.268
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	12.186.120
Total	18.908.388

3. Maxistrado do Tribunal Constitucional:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	6.722.268
Outras remuneracións (a percibir en 12 mensualidades)	10.467.204
Total	17.189.472

Tres. Tribunal de Contas:

1. Presidente do Tribunal de Contas:

	Pesetas
Remuneracións anuais a percibir en 14 mensualidades iguais	16.685.970

2. Presidente de Sección:

	Pesetas
Remuneracións anuais a percibir en 14 mensualidades iguais	16.685.970

3. Conselleiro de Contas:

	Pesetas
Remuneracións anuais a percibir en 14 mensualidades iguais	16.685.970

Catro. Retribucións polo concepto de antigüidade.

Ademais das cantidades derivadas do disposto nos parágrafos anteriores os devanditos altos cargos percibirán, de se-lo caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e de teren a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo tal condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada da devandita normativa fose superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 26. *Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

Un. De conformidade co establecido no artigo 22.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2000 os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que desempeñen postos de traballo para os que o Goberno aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ó grupo en que se ache clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo	Soldo	Trienios
A	1.934.232	74.292
B	1.641.636	59.436
C	1.223.724	44.604
D	1.000.608	29.796
E	913.476	22.344

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas dunha mensualidade do soldo e trienios, devengaránse de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. De os funcionarios teren prestado unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores ós meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

C) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe pesetas
30	1.698.444
29	1.523.484
28	1.459.404
27	1.395.312
26	1.224.120
25	1.086.060
24	1.021.980
23	957.936
22	893.832
21	829.860
20	770.880

Nivel	Importe pesetas
19	731.484
18	692.112
17	652.728
16	613.416
15	574.020
14	534.672
13	495.288
12	455.892
11	416.568
10	377.196
9	357.540
8	337.788
7	318.156
6	298.452
5	278.760
4	249.276
3	219.792
2	190.260
1	160.800

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada, nos casos en que así proceda, de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ó posto de traballo.

D) O complemento específico que, se é o caso, estea fixado ó posto que se desempeñe, a contía do cal experimentará un incremento do 2 por 100 respecto da aprobada para o exercicio de 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

E) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias, e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sempre que redunden en mellora-los seus resultados.

Cada departamento ministerial determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

Primeira. A valoración da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e a consecución dos resultados ou obxectivos asignados a el no correspondente programa.

Segunda. En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

F) As gratificacións por servizos extraordinarios, que serán concedidas polos departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e só poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

Dous. De acordo co previsto no artigo 22.Un.b) desta lei, o Ministerio de Economía e Facenda poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ó rendemento, para adecualas ó número de efectivos asignados a

cada programa e ó grao de consecución dos obxectivos fixados a el.

Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta das contías individuais dos devanditos incentivos ós ministerios de Economía e Facenda e para as Administracións Públicas, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, percibirán as retribucións básicas, excluídos trienios, correspondentes ó grupo no que estea incluído o corpo en que ocupen vacante, e as retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira.

Catro. O persoal eventual regulado no artigo 20.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ó grupo de asimilación en que o Ministerio de Administracións Públicas clasifique as súas funcións e as retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo reservado a persoal eventual que desempeñe.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ó seu grupo de clasificación, incluídos trienios, se é o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen.

Cinco. O complemento de produtividade poderáselles asignar, se é o caso, ós funcionarios interinos e ó persoal eventual, así como ós funcionarios en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea autorizada a súa aplicación ós funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que o devandito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

Seis. Os funcionarios en calquera situación administrativa na que, de acordo coa normativa vixente aplicable en cada caso, tivesen recoñecido o dereito á percepción de trienios percibirán, ademais, o importe da parte proporcional que, por tal concepto, corresponda ás pagas extraordinarias.

Artigo 27. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. De acordo co disposto no artigo 22.un desta lei, as retribucións que percibirá no ano 2000 o persoal militar profesional de carreira e de tropa e de mariñeiría que, por manter unha relación de servizos de carácter permanente, teña adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas ata a idade de retiro de acordo coas previsións contidas nos artigos 2.2 e 99 da Lei 17/1999, do 18 de maio, reguladora do réxime do persoal das Forzas Armadas, serán as seguintes:

a) As retribucións básicas que correspondan ó grupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa aplicable ós funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984.

b) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 2 por 100 respecto das establecidas en 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

c) O complemento de dedicación especial, incluído o correspondente á atención continuada a que fai refe-

rencia a disposición adicional segunda do Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, e as gratificacións por servizos extraordinarios, nas contías que serán determinadas polo Ministerio de Defensa dentro dos créditos que se asignen especificamente para estas finalidades.

De acordo co previsto no artigo 22.Un.b) desta lei e na regulación específica do réxime retributivo do persoal militar, o ministro de Economía e Facenda poderá modifica-la contía dos créditos destinados a atenderlos incentivos ó rendemento para adecuala ó número de efectivos asignados a cada programa e ó grao de consecución dos obxectivos fixados a el.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificacións por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Dous. Cando o Ministerio de Defensa teña subscritos concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o réxime daqueles no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal médico e sanitario que ocupe postos de traballo nos devanditos centros coa condición de prazas vinculadas percibirá, ademais das retribucións básicas que lle corresponda, en concepto de retribucións complementarias os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base décimo terceira. oito, 4,5 e 6 a) e b) do citado real decreto.

O devandito persoal, cando teña ademais a condición de militar, poderá percibir así mesmo a axuda para vestiario, as pensións de recompensas, o importe dos complementos de dedicación especial e de atención continuada segundo o establecido na alínea c) do número un anterior, e o complemento familiar a que fan referencia os artigos 4.4. e 8, e a disposición adicional segunda do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, todo iso sen prexuízo do cumprimento do disposto en canto á nómina única pola universidade e ós mecanismos de compensación orzamentaria a que se refiren, respectivamente, o número sete da citada base décimo terceira e as bases establecidas para o efecto no correspondente concerto.

Tres. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do Ministerio ou os seus organismos autónomos, percibirán as retribucións básicas correspondentes ó seu emprego militar, de acordo co establecido no número un deste artigo, e as complementarias asignadas ó posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas nesta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, todo isto sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan consecuencia das recompensas militares a que se refire a disposición derradeira primeira da Lei 17/1999, do 18 de maio, así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

Catro. O persoal militar profesional de complemento e de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos profesionais non permanente, percibirá as retribucións básicas, excluídos trienios, correspondentes ó grupo de equivalencia no que estea clasificado o seu emprego militar, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e as retribucións complementarias que correspondan ós respectivos empregos, postos de traballo que desempeñen e, se é o caso, anos de compromiso, de acordo coa normativa específica aplicable ó devandito persoal.

Cinco. No ano 2000 os militares de continxente percibirán, durante a prestación do servizo militar, a cantidade do 1.500 pesetas mensuais para atender os seus gastos persoais.

Seis. O disposto neste artigo debe entenderse sen prexuízo da regulación específica que para determinadas situacións e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

Artigo 28. *Retribucións do persoal do Corpo da Garda Civil.*

De acordo co disposto no artigo 22.un desta lei, as retribucións que percibirá no ano 2000 o persoal do Corpo da Garda Civil serán as seguintes:

Un. As retribucións básicas que correspondan ó grupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable, con carácter xeral, ós funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, e especificamente coa que resulte aplicable ó persoal do Corpo da Garda Civil.

Dous. As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que experimentarán un incremento do 2 por 100 respecto das establecidas en 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

A contía do complemento de produtividade rexerese polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Tres. Ata que o Goberno determine o réxime retributivo dos alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil, os gardas alumnos percibirán as súas retribucións durante o ano 2000, nas mesmas contías establecidas para 1999 incrementadas no 2 por 100.

Artigo 29. *Retribucións do persoal do Corpo Nacional de Policía.*

De acordo co disposto no artigo 22.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2000 os funcionarios do Corpo Nacional de Policía serán as seguintes:

Un. As retribucións básicas que correspondan ó grupo en que estea clasificada, para efectos económicos, a categoría correspondente, na contía establecida para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

A valoración e devengo dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable, con carácter xeral, ós funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da referida Lei 30/1984, e especificamente coa que resulte aplicable ós funcionarios do Corpo Nacional de Policía.

Dous. As retribucións complementarias de carácter fixo, que experimentarán un incremento do 2 por 100 respecto das establecidas en 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.un a) desta lei.

A contía do complemento de produtividade rexerese polas normas establecidas para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Artigo 30. *Retribucións dos membros das carreiras xudicial e fiscal e do persoal ó servizo da Administración de Xustiza.*

Un. De acordo co disposto no artigo 22.un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 2000 os membros do Poder Xudicial, os funcionarios do Ministerio Fiscal e o persoal ó servizo da Administración de Xustiza serán as seguintes:

1. O soldo regulado polas leis 17/1980, do 24 de abril, 31/1981, do 1 de xullo, e 45/1983, do 29 de decembro, na redacción dada pola Lei 42/1994, do 30 de decembro, cunha base que se fixa en 65.802 pesetas.

2. As retribucións complementarias do devandito persoal, que experimentarán un incremento do 2 por 100 respecto das vixentes en 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

3. As retribucións básicas e complementarias correspondentes ós funcionarios a que se refire o artigo 146.1 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, que experimentarán un incremento do 2 por 100 respecto ás vixentes en 1999, sen prexuízo, se é o caso, e polo que se refire ás citadas retribucións complementarias, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

4. As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas dunha mensualidade do soldo e trienios, e que se devengarán de acordo coa normativa aplicable ós funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Dous. As retribucións para o ano 2000 dos membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números 1 e 2 seguintes percibiranse segundo as contías que en tales números se especifican para cada un deles.

1. As dos presidentes de sala do Tribunal Supremo e do presidente da Audiencia Nacional (Maxistrados do Tribunal Supremo), nas seguintes contías:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.294.234
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	12.837.108
Total	17.131.342

As do presidente da Audiencia Nacional cando non sexa maxistrado do Tribunal Supremo:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.294.234
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	6.310.632
Total	10.604.866

As dos maxistrados do Tribunal Supremo e dos presidentes de sala na Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo), nas seguintes contías:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.068.218
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	12.617.328
Total	16.685.546

As dos presidentes de sala na Audiencia Nacional cando non sexan maxistrados do Tribunal Supremo:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.068.218
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	6.090.852
Total	10.159.070

2. As retribucións do fiscal xeral do Estado, na contía do 11.296.476 pesetas, a percibir en doce mensualidades sen dereito a pagas extraordinarias.

As do tenente fiscal do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.294.234
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	12.837.108
Total	17.131.342

As do fiscal inspector, do fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e do fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional, nas seguintes contías:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.068.218
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	12.837.108
Total	16.905.326

As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais para a prevención e represión do tráfico ilegal de drogas e para a represión dos delitos económicos relacionados coa corrupción; e dos fiscais de sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

	Pesetas
Soldo (a percibir en 14 mensualidades) ...	4.068.218
Complemento de destino (a percibir en 12 mensualidades)	12.617.328
Total	16.685.546

3 Os membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números anteriores percibirán 14 mensualidades da retribución por antigüidade que lles corresponda.

4. O soldo e as retribucións complementarias dos membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal ós que se refiren os puntos 1 e 2 do número dous deste artigo, serán as establecidas neles, quedando excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación das leis 17/1980, do 24 de abril, e 45/1983, do 29 de decembro, así como do Real decreto 391/1989, do 21 de abril, polo que se establece a contía do complemento de destino dos membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal.

Artigo 31. *Retribucións do persoal da Seguridade Social.*

Un. As retribucións que percibirá no ano 2000 o persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 22 desta lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Dous. O persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para tales conceptos retributivos no artigo 26.Un. A), B) e C) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, do devandito real decreto lei e de que a contía anual do complemento de destino fixado na letra C) do citado artigo 26 se satisfaga en 14 mensualidades.

O importe das retribucións correspondentes ós complementos específico e de atención continuada que, se é o caso, estean fixados ó referido persoal, experimentará un incremento do 2 por 100 respecto ó aprobado para o exercicio de 1999, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 22.Un.a) desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres. c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas dictadas no seu desenvolvemento.

Tres. As retribucións do restante persoal funcionario e estatutario da Seguridade Social experimentarán o incremento previsto no artigo 22.un) desta lei.

CAPÍTULO III

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 32. *Prohibición de ingresos atípicos.*

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daqueles sometidos ó réxime de arancel, non poderán percibir participación de ningún tipo dos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza, que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas mesmo que lles estivesen normativamente atribuídas, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, e sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre beneficio de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 33. *Recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.*

Un. Durante o ano 2000 as contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación experimentarán un incremento do 2 por 100 sobre as recoñecidas en 1999.

Dous. A Cruz Laureada de San Fernando e a Medalla Militar individual rexeranse pola súa lexislación especial.

Tres. A Cruz á Constancia e as diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo rexeranse polo establecido no Real decreto 223/1994, do 14 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

Artigo 34. *Outras normas comúns.*

Un. O persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cunhas retribucións en 1999 que non correspondesen coas establecidas con carácter xeral no título III da Lei 49/1998, do 30 de decembro, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título desta lei, continuarán percibindo durante o ano 2000 as mesmas retribucións cun incremento do 2 por 100 sobre as contías correspondentes ó ano 1999.

Dous. Na Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos, nos casos de adscrición durante o ano 2000 dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ó posto de traballo ó que se lle adscribe, o dito funcionario percibirá as retribucións que correspondan ó posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación das retribucións básicas que autoricen conxuntamente os ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas por proposta dos departamentos ministeriais interesados.

Para os únicos efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, poderase autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

Tres. A entidade pública empresarial Correos e Telégrafos non poderá aboar soldos e salarios, por retribucións variables en concepto de incentivos ó rendemento, por encima das cantidades que para esta finalidade se consignan no seu orzamento, salvo que exista informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

Catro. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Artigo 35. *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. Durante o ano 2000, será preciso informe favorable conxunto dos ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas para proceder a determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario ó servizo de:

- a) A Administración xeral do Estado e os seus organismos autónomos.
- b) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- c) A entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.
- d) O ente público Radiotelevisión Española e as súas sociedades estatais e o ente público da Red Técnica Española de Televisión.
- e) As universidades de competencia da Administración xeral do Estado.
- f) As restantes entidades públicas empresariais, e as entidades de dereito público previstas no artigo 6.1.b) da Lei xeral orzamentaria e o resto dos entes públicos, nas condicións e polos procedementos que para o efecto estableza a Comisión Interministerial de Retribucións, atendendo ás características específicas daquelas.

O informe a que se refire este artigo, agás o da letra f), será emitido polo procedemento e co alcance previsto nos puntos seguintes.

Dous. Con carácter previo ó comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2000, deberá solicitarse do Ministerio de Economía e Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos cita-

dos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas en 1999.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, para o que as retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicarse ó Ministerio de Economía e Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante 1999.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación, abondará coa emisión do informe a que se refire o número un deste artigo.

Tres. Para os efectos dos números anteriores, entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario, as seguintes actuacións:

- a) Sinatura de convenios colectivos subscritos polos organismos citados no número un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo, con excepción do persoal temporal suxeito á relación laboral de carácter especial regulada no artigo 2, número 1, letra e), do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Non obstante, deberase facilitar información das retribucións deste último persoal ós ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas.
- d) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- e) Determinación das retribucións correspondentes ó persoal contratado no exterior.

No informe a que se refire o número un deste artigo, os ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas fixarán as retribucións que correspondan ás circunstancias específicas de cada país, segundo o sinalado no artigo 23 desta lei.

Catro. Co fin de emiti-lo informe sinalado no número un deste artigo, os departamentos, organismos e entes remitirán ós ministerios de Economía e Facenda e de Administracións Públicas o correspondente proxecto, con carácter previo ó seu acordo ou sinatura no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xuntando a valoración de tódolos seus aspectos económicos.

Cinco. O mencionado informe será evacuado no prazo máximo de quince días, contado desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2000 como para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 23 desta lei.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ós que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non poderán autorizarse gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2000 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 36. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

Un. Os departamentos ministeriais, organismos autónomos e entidades xestoras da Seguridade Social poderán formalizar durante o ano 2000, con cargo ós respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servicios, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servicios que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servicios correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais do Estado.

c) Que as obras ou servicios non poidan ser executados co persoal fixo de cadro e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito orzamentario destinado á contratación de persoal.

Dous. Os contratos terán de formalizarse seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e con respecto ó disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración Pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou servizo para a realización dos cales se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os departamentos, organismos ou entidades deberán evita-lo incumprimento das citadas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das determinadas nos contratos, dos que puidesen derivarse dereitos de permanencia para o persoal contratado, actuacións que, se é o caso, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, de conformidade co artigo 140 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

A información ós representantes dos traballadores realizarase de conformidade co establecido no texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Tres. A contratación poderá exceder do exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servicios que teñan que exceder do devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevé no artigo 61 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria ou nesta propia Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000.

Catro. Os contratos terán de ser sometidos a informe, con carácter previo á súa formalización, da Avogacía do Estado do departamento, organismo ou entidade que, en especial, se pronunciará sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Cinco. A realización dos contratos regulados neste artigo será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co disposto nos artigos 92 a 99 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse adecuados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto orzamentario destinado especificamente a tal finalidade.

Nos organismos autónomos do Estado, con actividades industriais, comerciais, financeiras ou análogas, e nas entidades públicas empresariais, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non-dispoñibilidade de crédito no concepto orzamentario destinado á con-

tratación de persoal eventual no capítulo correspondente. En caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo ou a entidade pública empresarial poderá eleva-lo expediente ó Ministerio de Economía e Facenda para a súa resolución.

TÍTULO IV

Das pensións públicas

CAPÍTULO I

Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado, especiais de guerra e non contributivas da Seguridade Social

Artigo 37. Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.

Un. Para a determinación inicial das pensións reguladas nos capítulos II, III, IV e VII do subtítulo 2.º do título I do texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, causadas polo persoal a que se refire o artigo 3, número 1, letras a), b) e e) do mesmo texto legal, teranse en conta para o ano 2000 os haberes reguladores que a continuación se establecen, asignándose de acordo coas regras que se conteñen en cada un dos respectivos números do artigo 30 da citada norma:

a) Para o persoal incluído nos supostos do número 2 do artigo 30 do texto refundido de Lei de clases pasivas do Estado:

Grupo	Haber regulador — (Pesetas/ano)
A	4.778.590
B	3.760.871
C	2.888.415
D	2.285.213
E	1.948.325

b) Para o persoal mencionado no número 3 do referido artigo 30 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

Administración civil e militar do Estado

Índice	Haber regulador — (Pesetas/ano)
10	4.778.590
8	3.760.871
6	2.888.415
4	2.285.213
3	1.948.325

Administración de Xustiza

Multiplificador	Haber regulador — (Pesetas/ano)
4,75	4.778.590
4,50	4.778.590
4,00	4.778.590

Multiplificador	Haber regulador — (Pesetas/ano)
3,50	4.778.590
3,25	4.778.590
3,00	4.778.590
2,50	4.778.590
2,25	3.760.871
2,00	3.293.254
1,50	2.285.213
1,25	1.948.325

Tribunal Constitucional

Corpo	Haber regulador — (Pesetas/ano)
Secretario xeral	4.778.590
De letrados	4.778.590
Xerente	4.778.590

Cortes Xerais

Corpo	Haber regulador — (Pesetas/ano)
De letrados	4.778.590
De arquivistas-bibliotecarios	4.778.590
De asesores facultativos	4.778.590
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	4.778.590
Técnico administrativo	4.778.590
Auxiliar administrativo	2.888.415
De uxieres	2.285.213

Dous. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal a que se refire o artigo 3, número 2, letras a) e c) do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, que produzan efectos económicos a partir do 1 de xaneiro de 2000, teranse en conta as bases reguladoras que resulten da aplicación das seguintes regras:

a) Tomarase o importe que, dentro dos cadros que se recollen a seguir, corresponda ó causante polos conceptos de soldo e, se é o caso, grao, en cómputo anual, en función do corpo ou do índice de proporcionalidade e grao de carreira administrativa ou do índice multiplicador que tivese asignado a 31 de decembro do 1984 o corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría a que pertencese aquel.

Administración civil e militar do Estado

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual — Pesetas
10 (5,5)	8	—	3.203.449
10 (5,5)	7	—	3.115.408
10 (5,5)	6	—	3.027.369

Índice	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual — Pesetas
10 (5,5)	3	—	2.763.247
10	5	—	2.718.291
10	4	—	2.630.254
10	3	—	2.542.213
10	2	—	2.454.169
10	1	—	2.366.130
8	6	—	2.285.872
8	5	—	2.215.452
8	4	—	2.145.030
8	3	—	2.074.610
8	2	—	2.004.189
8	1	—	1.933.767
6	5	—	1.741.416
6	4	—	1.688.616
6	3	—	1.635.819
6	2	—	1.583.019
6	1	12 por 100	1.707.513
6	1	—	1.530.218
4	3	—	1.288.563
4	2	24 por 100	1.537.574
4	2	—	1.253.355
4	1	12 por 100	1.360.382
4	1	—	1.218.145
3	3	—	1.112.583
3	2	—	1.086.182
3	1	—	1.059.783

Administración de Xustiza

Multiplificador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual — Pesetas
4,75	5.231.321
4,50	4.955.988
4,00	4.405.323
3,50	3.854.654
3,25	3.579.325
3,00	3.303.990
2,50	2.753.326
2,25	2.477.994
2,00	2.202.660
1,50	1.651.996
1,25	1.376.662

Tribunal Constitucional

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual — Pesetas
Secretario xeral	4.955.988
Letrados	4.405.323
Xerente	4.405.323

Cortes Xerais

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual — Pesetas
De letrados	2.883.011
De arquivistas-bibliotecarios	2.883.011
De asesores facultativos	2.883.011
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	2.647.511
Técnico administrativo	2.647.511
Auxiliar administrativo	1.594.424
De uxieres	1.261.210

b) Ó importe anual polos conceptos de soldo e, se é o caso, grao, a que se refire o número anterior, sumárase a contía que se obteña de multiplica-lo número de trienios que teña acreditados o causante polo valor unitario en cómputo anual que corresponda a cada trienio en función do corpo ou praza nos que prestase servicios o causante, atendendo, se é o caso, ós índices de proporcionalidade ou multiplicadores asignados a eles nos cadros seguintes:

Administración civil e militar do Estado

Índice	Valor unitario do trienio en cómputo anual — Pesetas
10	103.487
8	82.790
6	62.091
4	41.396
3	31.048

Administración de Xustiza

Multiplicadores para efectos de trienios	Valor unitario do trienio en cómputo anual — Pesetas
3,50	192.730
3,25	178.966
3,00	165.199
2,50	137.663
2,25	124.068
2,00	110.133
1,50	82.600
1,25	68.834

Tribunal Constitucional

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual — Pesetas
Secretario xeral	192.730
De letrados	192.730
Xerente	192.730

Cortes Xerais

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual — Pesetas
De letrados	117.880
De arquivistas-bibliotecarios	117.880
De asesores facultativos	117.880
De redactores, taquígrafos e estenotipistas	117.880
Técnico administrativo	117.880
Auxiliar administrativo	70.731
De uxieres	47.153

Tres. O importe mensual das pensións a que se refire este precepto obterase dividindo por 14 o anual calculado segundo o disposto nas regras precedentes e a lexislación correspondente.

Artigo 38. Determinación inicial e contía das pensións especiais de guerra para o ano 2000.

Un. O importe das pensións recoñecidas ó amparo da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da Guerra Civil, non poderá ser inferior, para o ano 2000, ó establecido como contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados con dereito a pensión, de acordo coa súa lexislación reguladora, a contía da cal será de 9.460 pesetas mensuais.

Dous. 1. As pensións recoñecidas ó amparo da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra excombatentes da zona republicana, cando os causantes non teñan a condición de militar profesional das Forzas e Institutos Armados, fíxanse para o 2000 nas seguintes contías:

a) A pensión de mutilación será a que resulte de aplica-las porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á cantidade de 590.484 pesetas, referida a 12 mensualidades.

b) A suma da remuneración básica, a remuneración substitutoria de trienios e as remuneracións suplementarias en compensación por retribucións non percibidas, será de 1.592.525 pesetas, referida a 12 mensualidades, sendo o importe de cada unha das dúas mensualidades extraordinarias da mesma contía que a da mensalidade ordinaria por estes conceptos.

c) As pensións en favor de familiares fíxanse no mesmo importe que o establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos, salvo as pensións en favor de orfos non incapacitados maiores de vinteun anos con dereito a pensión, de acordo coa súa lexislación reguladora, a contía das cales será de 7.200 pesetas mensuais.

2. O importe das pensións en favor de familiares de excombatentes profesionais recoñecidas ó amparo da Lei 35/1980, non poderá ser inferior, para o ano 2000, ó establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Tres. As pensións recoñecidas ó amparo da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a

mutilados civís de guerra, fíxanse para o ano 2000 nas seguintes contías:

a) A retribución básica para os que teñan recoñecida unha incapacidade de segundo, terceiro ou cuarto grao, no 100 por 100 da cantidade de 1.114.767 pesetas, referida a 12 mensualidades.

b) As pensións en favor de familiares, no mesmo importe que o establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Catro. As pensións recoñecidas ó amparo do Decreto 670/1976, do 5 de marzo, en favor de mutilados de guerra que non puideron integrarse no Corpo de Cabaleiros Mutilados, estableceranse, para o ano 2000, no importe que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á contía de 707.475 pesetas, referida a 12 mensualidades.

Cinco. A contía para o ano 2000 das pensións causadas ó amparo do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servicios prestados ós que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas e de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República, fixarase tomando en consideración o importe polos conceptos de soldo e grao que proceda de entre os contidos no punto dous.a) do precedente artigo 37.

As contías destas pensións non poderán ser inferiores ás seguintes:

a) Nas pensións en favor de causantes, ó importe establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

b) Nas pensións de viuvez, ó importe establecido como de contía mínima no sistema da Seguridade Social para as pensións de viuvez en favor de titulares maiores de sesenta e cinco anos.

Artigo 39. *Determinación inicial das pensións non contributivas da Seguridade Social.*

Para o ano 2000, as contías das pensións de xubilación e invalidez da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, fixarase en:

Un beneficiario: 563.570 pesetas íntegras anuais.

Dous beneficiarios: 940.296 pesetas íntegras anuais.

CAPÍTULO II

Limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas

Artigo 40. *Limitación do sinalamento inicial das pensións públicas.*

Un. O importe que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial das pensións públicas non poderá superar durante o ano 2000 a contía íntegra de 303.960 pesetas mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que lle puidesen corresponder ó seu titular e a contía das cales tamén estará afectada polo citado límite.

Non obstante o anterior, se o pensionista tivese dereito a percibir menos ou máis de 14 pagas ó ano, incluídas as extraordinarias, o devandito límite mensual deberá ser adecuado, para efectos de que a contía íntegra anual que corresponda ó interesado alcance ou non supere, durante o ano 2000, o importe de 4.255.440 pesetas.

Dous. Naqueles supostos en que un mesmo titular cause asemade dereito a dúas ou máis pensións públicas das enumeradas no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990,

conforme a redacción dada polo artigo 97 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o importe conxunto que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial de todas elas estará suxeito ós mesmos límites que se establecen no punto anterior.

Para tal efecto determinarase, en primeiro lugar, o importe íntegro de cada unha das pensións públicas de que se trate e, se a suma de todas elas excedese de 303.960 pesetas mensuais, reduciranse proporcionalmente ata absorbe-lo dito exceso.

Non obstante, se algunha das pensións que se causen estivese a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas na letra c) do artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada polo artigo 97 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a minoración efectuarase preferentemente e, de resultar posible, con simultaneidade ó seu recoñecemento sobre o importe íntegro das ditas pensións, procedéndose con posterioridade, de ser necesario, á aplicación da redución proporcional nas restantes pensións, para que a suma de todas elas non supere o indicado límite máximo.

Tres. Cando se efectúe o sinalamento inicial dunha pensión pública en favor de quen xa estea percibindo outra ou outras pensións públicas, se a suma conxunta do importe íntegro de todas elas supera os límites establecidos no número un deste precepto, minorarase ou suprimirase o importe íntegro a percibir como consecuencia do último sinalamento ata absorbe-la contía que exceda do referido límite legal.

Catro. Se no momento do sinalamento inicial a que se refiren os números anteriores, os organismos ou entidades competentes non puidesen coñecer a contía e natureza das outras pensións que correspondan ó beneficiario, tal sinalamento realizarase con carácter provisional ata o momento en que se poidan practicar as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva dos sinalamentos provisionais levará, se é o caso, implícita a esixencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Cinco. Se con posterioridade á minoración ou supresión do importe do sinalamento inicial a que se refiren os números dous e tres, se alterase, por calquera circunstancia, a contía ou composición das outras pensións públicas percibidas polo titular, revisaranse de oficio ou por instancia de parte as limitacións que se efectuasen, con efectos do primeiro día do mes seguinte a aquel en que se producise a variación.

En todo caso, os sinalamentos iniciais realizados en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitos a revisión periódica.

Seis. A minoración ou supresión do importe dos sinalamentos iniciais de pensións públicas que puidesen efectuarse por aplicación das normas limitativas non significará, de ningún xeito, mingua ou prexuízo dos dereitos anexos ó recoñecemento da pensión diferentes ó do cobramento desta.

Sete. O límite máximo de percepción establecido neste artigo non se aplicará ás seguintes pensións públicas que se causen durante o ano 2000:

a) Pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado, orixinadas por actos terroristas.

b) Pensións do réxime de clases pasivas do Estado melloradas ó amparo do Real decreto lei 19/1981, do 30 de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo.

c) Pensións extraordinarias recoñecidas pola Seguridade Social, orixinadas por actos terroristas.

Oito. Cando no momento do sinalamento inicial das pensións públicas concorran nun mesmo titular algunha ou algunhas das pensións mencionadas no número sete deste artigo ou das establecidas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste artigo só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

CAPÍTULO III

Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas para o ano 2000

Artigo 41. *Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas para o ano 2000.*

Un. As pensións de clases pasivas do Estado, agás as excepcións que se conteñen nos seguintes artigos deste capítulo e que lles sexan de aplicación, experimentarán no 2000 un incremento do 2 por 100, de conformidade co previsto no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado. O anterior enténdese sen prexuízo dos importes de garantía que figuran no precedente artigo 38, respecto das pensións recoñecidas ó amparo da lexislación especial da Guerra Civil.

Dous. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, experimentarán no ano 2000 un incremento do 2 por 100, de conformidade co previsto no artigo 48 da Lei xeral da Seguridade Social, sen prexuízo das excepcións contidas nos artigos seguintes deste capítulo e que lles sexan expresamente de aplicación.

Tres. As pensións referidas no artigo 39 deste título que se viñesen percibindo a 31 de decembro de 1999, fixaranse no ano 2000 nas seguintes contías:

Un beneficiario: 563.570 pesetas íntegras anuais.

Dous beneficiarios: 940.296 pesetas íntegras anuais.

Catro. De acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei 74/1980, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1981, e a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, as pensións das mutualidades integradas no fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, cando fosen causadas con posterioridade ó 31 de decembro de 1994, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2000 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 1999, do 20 por 100 da diferenza entre a contía correspondente a 31 de decembro de 1978 —ou tratándose do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical, a 31 de decembro de 1977— e a que correspondería en 31 de decembro de 1973.

Cinco. As pensións aboadas con cargo ós réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada polo artigo 97 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, e non referidas nos números anteriores deste artigo, experimentarán en 2000 a revalorización ou modificación que, se é o caso, proceda segundo a súa normativa propia, que se aplicará sobre as contías percibidas a 31 de decembro de 1999, salvo as excepcións que se conteñen nos seguintes artigos deste capítulo e que lles sexan expresamente de aplicación.

Artigo 42. *Pensións non revalorizables durante o ano 2000.*

Un. No ano 2000 non experimentarán revalorización as pensións públicas seguintes:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada polo artigo 97 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, o importe íntegro mensual das cales, sumado, se é o caso, ó importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda de 303.960 pesetas íntegras en cómputo mensual, entendéndose esta cantidade nos termos expostos no artigo anterior.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, así como ás pensións melloradas ó amparo do Real decreto lei 19/1981, do 30 de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado e causadas con anterioridade a 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas en que o titular só percibise esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións recoñecidas ó amparo da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de orfos non incapacitados, agás se os causantes de tales pensións tiveron a condición de funcionarios.

d) As pensións recoñecidas ó amparo da Lei 35/1980, do 26 de xuño, en favor de orfos maiores de 21 anos non incapacitados, excepto se os causantes de tales pensións tiveron a condición de excombatentes profesionais.

e) As pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez, cando entren en concorrencia con outras pensións públicas, excepto co subsidio de axuda por terceiras persoas previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando a suma de tódalas pensións concorrentes e as do citado seguro obrigatorio de velez e invalidez, unha vez revalorizadas aquelas, sexa inferior ás contías fixas sinaladas para tal seguro no artigo 46 desta lei, calculadas unhas e outras en cómputo anual, a pensión do seguro obrigatorio de velez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable, e é absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, ben sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

f) As pensións das mutualidades integradas no fondo especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado que, en 31 de decembro de 1999, alcanzasen a as contías correspondentes ó 31 de decembro de 1973.

Dous. No caso de que mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social de calquera tipo que integren a persoal pertencente a empresas ou sociedades con participación maioritaria do Estado, de comunidades autónomas, de corporacións locais ou de organismos autónomos e se financien con fondos procedentes dos ditos órganos ou entidades públicas, ou no caso de que estes, directamente, estean aboando ó persoal incluído na acción protectora daquelas pensións complementarias por calquera concepto sobre as que lles correspondería aboar ós réximes xerais que sexan de aplicación, as revalorizacións a que se refire o artigo 41 serán consideradas como límite máximo, podendo aplicarse coeficientes menores e incluso inferiores que a unidade, ás devanditas pensións complementarias, de acordo coas súas regulacións propias ou cos pactos que se produzan.

Artigo 43. Limitación do importe da revalorización para o ano 2000 das pensións públicas.

Un. O importe da revalorización para o ano 2000 das pensións públicas que, conforme as normas dos preceptos deste capítulo, poidan incrementarse, non poderá supor para estas, unha vez revalorizadas, un valor íntegro anual superior a 4.255.440 pesetas.

Dous. Naqueles supostos en que un mesmo titular perciba dúas ou máis pensións públicas, a suma do importe anual íntegro de todas elas, unha vez revalorizadas as que procedan, non poderá supera-lo límite máximo a que se refire o número anterior. Se o superase, minorarase proporcionalmente a contía da revalorización, ata absorbe-lo exceso sobre o dito límite.

Para tal efecto, cada entidade ou organismo competente para revalorizar determinará o seu propio límite máximo de percepción anual para as pensións ó seu cargo. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa citada contía íntegra de 4.255.440 pesetas anuais a mesma proporción que a que garda a pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade de que se trate co conxunto total das pensións públicas que perciba o titular.

O referido límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 4.255.440 \text{ pesetas}$$

Sendo «P» o valor íntegro teórico anual alcanzado a 31 de decembro de 1999 pola pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade competente, e «T» o resultado de lle engadir á cifra anterior o valor íntegro anual das restantes pensións concorrentes do mesmo titular en idéntico momento.

Non obstante o anterior, se algunha das pensións que percibise o interesado estivese a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas na letra c) do artigo 37 da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, conforme a redacción dada polo artigo 97 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, ou se tratase das pensións non revalorizables a cargo dalgunha das entidades a que se refire o número dous do artigo 42 a aplicación das regras recollidas nos parágrafos anteriores adaptarase regulamentariamente co fin de que se poida alcanzar, se é o caso, o límite máximo de percepción, no suposto de concorreren as devanditas pensións complementarias con outra ou outras o importe das cales fose minorado ou suprimido para efectos de non pasar da contía máxima fixada en cada momento.

Tres. Cando o organismo ou entidade competente para efectua-la revalorización da pensión pública, no momento de a practicar, non puidese comprobar de forma fidedigna a realidade da contía das outras pensións públicas que perciba o titular, a devandita revalorización efectuarase con carácter provisional ata o momento en que se poidan practica-las oportunas comprobacións.

A regularización definitiva comportará, se é o caso, a esixencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

En todo caso, as revalorizacións efectuadas en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitas a revisión ou inspección periódica.

Catro. As normas limitativas reguladas neste precepto non se aplicarán a:

a) Pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.

b) Pensións do réxime de clases pasivas do Estado melloradas ó amparo do Real decreto lei 19/1981, do 30

de outubro, sobre pensións extraordinarias a vítimas do terrorismo.

c) Pensións extraordinarias recoñecidas pola Seguridade Social, orixinadas por actos terroristas.

Cinco. Cando nun mesmo titular concorran algunha ou algunhas das pensións mencionadas no precedente punto tres ou das establecidas no título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos terroristas, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste precepto só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

CAPÍTULO IV

Complementos para mínimos

Artigo 44. Recoñecemento de complementos para mínimos nas pensións de clases pasivas.

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, os pensionistas de clases pasivas do Estado que non perciban durante o exercicio de 2000 ingresos de traballo ou de capital por importe superior a 861.941 pesetas anuais, terán dereito a percibi-los complementos económicos necesarios para alcanzaren a contía mínima das pensións.

Presumirase que concorren os requisitos indicados se o interesado percibiu durante 1999 ingresos por contía igual ou inferior a 837.635 pesetas anuais. Esta presunción poderase destruír, se é o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Nos supostos en que, de conformidade coas previsións legais, se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos que se aplicará, se é o caso, serao na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

Os efectos económicos do recoñecemento dos complementos económicos retrotraeranse ó día 1 de xaneiro do ano en que se soliciten ou á data de arrinque da pensión, se esta fose posterior ó 1 de xaneiro.

Dous. Os recoñecementos de complementos económicos que se efectúen no 2000 con base en declaracións do interesado terán carácter provisional ata que se comprobe a realidade ou efectividade do declarado.

En todo caso, a Administración poderá revisar periodicamente, de oficio ou por instancia do interesado, as resolucións de recoñecemento de complementos económicos, podendo comportar, se é o caso, a esixencia do reintegro do indebidamente percibido polo titular da pensión. Este reintegro poderá practicarse con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Tres. Durante o 2000 as contías mínimas das pensións de clases pasivas quedan fixadas, en cómputo anual, nos importes seguintes:

Complementos para mínimos

Clase de pensión	Importe	
	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe a cargo
Pensión de xubilación ou retiro.	70.650 pesetas/mes 989.100 pesetas/ano	59.990 pesetas/mes 839.860 pesetas/ano
Pensión de viuvez.	59.990 pesetas/mes 838.860 pesetas/ano	
Pensión familiar distinta da de viuvez, sendo N o número de beneficiarios da pensión ou pensións.	59.990 pesetas/mes N 839.860 pesetas/ano N	

Catro. Os complementos económicos regulados nos puntos precedentes non se aplicarán ás pensións recoñecidas ó amparo da lexislación especial derivada da Guerra Civil, que teñen as contías que se fixan no artigo 38 desta lei, excepto ás pensións de orfandade recoñecidas ó amparo do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, ás que si lles serán de aplicación os referidos complementos económicos.

Artigo 45. *Recoñecemento dos complementos para as pensións inferiores á mínima no sistema da Seguridade Social e importes das ditas pensións no ano 2000.*

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibi-los complementos necesarios para alcanza-la contía mínima de pensións, os pensionistas do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, que non perciban ingresos de capital ou traballo persoal ou que, percibíndoos, non excedan de 861.941 pesetas ó ano.

Non obstante, os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo anterior, terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 861.941 pesetas máis o importe en cómputo anual da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza

entre os importes de ámbalas sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ó da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Dous. Presumirase que concorren os requisitos indicados no número anterior se o interesado percibiui durante 1999 ingresos por contía igual ou inferior a 837.635 pesetas. Esta presunción poderase destruír, se é o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Tres. Para os efectos previstos no número un deste artigo, os pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade contributiva que teñan recoñecido complemento por mínimos e percibisen durante 1999 ingresos de capital ou traballo persoal que excedan de 837.635 pesetas, estarán obrigados a presentar antes do 1 de marzo do ano 2000 declaración expresiva da contía dos devanditos ingresos. O incumprimento desta obriga dará lugar ó reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo pensionista cos efectos e na forma que regulamentariamente se determinen.

Catro. Durante o ano 2000, as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, quedan fixadas, en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular, nas contías seguintes:

Clase de pensión	Titulares	
	Con cónxuxe a cargo — Pesetas/ano	Sen cónxuxe a cargo — Pesetas/ano
<i>Xubilación</i>		
Titular con sesenta e cinco anos	989.100	839.860
Titular menor de sesenta e cinco anos	872.060	738.290
<i>Invalidez permanente</i>		
Gran invalidez con incrementos do 50 por 100	1.483.650	1.259.790
Absoluta	989.100	839.860
Total: Titular con sesenta e cinco anos	989.100	839.860
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos	989.100	839.860
<i>Viuvez</i>		
Titular con sesenta e cinco anos	—	839.860
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	—	738.290
Titular con menos de sesenta anos	—	589.120
Titular con menos de sesenta anos con cargas familiares	—	738.290
<i>Orfandade</i>		
Por beneficiario	—	242.970
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 589.120 pesetas distribuídas, se é o caso, entre os beneficiarios	—	—
<i>En favor de familiares</i>		
Por beneficiario	—	242.970

Clase de pensión	Titulares	
	Con cónxuxe a cargo — Pesetas/ano	Sen cónxuxe a cargo — Pesetas/ano
<i>Se non existe viúva nin orfo pensionistas</i>		
Un só beneficiario, con sesenta e cinco anos	—	625.660
Un só beneficiario, menor de sesenta e cinco anos	—	589.120
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementárase no importe que resulte de ratear entre o número de beneficiarios a diferenza entre a pensión mínima de viuvez de menor de sesenta anos sen cargas familiares e a pensión mínima por beneficiario a favor de familiares	—	—
Subsidio de invalidez provisional e longa enfermidade	610.200	522.300

CAPÍTULO V

Outras disposicións en materia de pensións públicas

Artigo 46. *Pensións non concorrentes do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

A partir do 1 de xaneiro do ano 2000 a contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, non concorrentes con outras pensións públicas, queda fixada, en cómputo anual, en 593.600 pesetas.

Para tales efectos, non se considerará pensión concorrente a percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que fose a lexislación reguladora, nin o subsidio de axuda por terceira persoa previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

TÍTULO V

Das operacións financeiras

CAPÍTULO I

Débeda pública

Artigo 47. *Débeda pública.*

Un. Autorízase o Goberno para que, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, incremente a débeda do Estado, coa limitación de que o saldo vivo desta a 31 de decembro do ano 2000 non supere o correspondente saldo a 1 de xaneiro do ano 2000 en máis de 1.708.121.549 miles de pesetas.

Dous. Este límite será efectivo ó termo do exercicio, e poderá ser superado no curso deste logo de autorización do Ministerio de Economía e Facenda, e quedará automaticamente revisado:

- a) Polo importe das modificacións netas de créditos orzamentarios correspondentes ós capítulos I a VIII.
- b) Polas desviacións entre as previsións de ingresos contidas na presente lei e a súa evolución real.
- c) Polos anticipos de tesourería e a variación neta das operacións extraorzamentarias previstas legalmente e
- d) Pola variación neta nos dereitos e as obrigas do Estado recoñecidos e pendentes de ingreso ou pagamento.

As citadas revisións incrementarán ou reducirán o límite sinalado no parágrafo anterior segundo supoñan

un aumento ou unha diminución, respectivamente, da necesidade de financiamento do Estado.

Artigo 48. *Operacións de crédito autorizadas a organismos públicos.*

Autorízase os organismos públicos que figuran no anexo III desta lei a concertaren operacións de crédito durante o ano 2000 polos importes que, para cada un, figuran no anexo citado.

Artigo 49. *Información da evolución da débeda do Estado ó Ministerio de Economía e Facenda e ó Congreso dos Deputados e ó Senado; e das contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras ó Congreso dos Deputados e ó Senado.*

Os organismos públicos que teñen ó seu cargo a xestión de gastos relativos a débeda do Estado ou asumida por este, aínda que o asumido sexa unicamente a carga financeira, remitirán á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda a seguinte información: mensualmente, sobre os pagamentos efectuados no mes precedente; trimestralmente, sobre a situación da débeda o día derradeiro do trimestre, e ó comezo de cada ano, sobre a previsión de gastos financeiros e amortizacións para o exercicio.

O Goberno comunicará ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o importe e características das operacións de débeda pública realizadas, así como o importe e desagregamentos por instrumentos da débeda pública viva.

O Goberno comunicará trimestralmente ó Congreso dos Deputados e ó Senado o número de contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras, así como os importes e a evolución dos saldos.

CAPÍTULO II

Avais públicos e outras garantías

Artigo 50. *Importe dos avais do Estado.*

Un. O importe dos avais que preste o Estado durante o exercicio do ano 2000 non poderá exceder de 290.000 millóns de pesetas. Non se imputará ó citado límite o importe dos avais que se presten por motivo do refinanciamento ou substitución de operacións de crédito, na medida en que impliquen cancelación de avais anteriormente concedidos.

Dous. Dentro do total sinalado no número anterior, aplicaranse os seguintes límites máximos de avais do Estado:

- a) Á Rede Nacional de Ferrocarrís Españóis, por un importe máximo de 30.000 millóns de pesetas.
- b) A Radio Televisión Española, por un importe máximo de 111.551 millóns de pesetas.
- c) Dentro do total sinalado no número un, aplicarase o límite máximo de 6.500 millóns de pesetas a garantir operacións de investimento destinadas á adquisición de buques por empresas navieiras domiciliadas en España.

O importe avalado non poderá supera-lo 27 por 100 do prezo total do buque financiado.

O citado importe entenderase referido ó principal das operacións de crédito obxecto do aval, estendéndose este ás súas correspondentes cargas financeiras.

As condicións dos préstamos asegurables baixo este sistema serán, como máximo, as establecidas no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, ou disposicións posteriores que o modifiquen.

O procedemento para a concesión dos avais será o determinado pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos para operacións de investimento destinadas á adquisición de buques por empresas navieiras domiciliadas en España.

Tres. En todo caso, a materialización da responsabilidade do Estado a que se refiren os números anteriores, requirirá o outorgamento previo do aval expreso a cada operación de crédito.

Catro. Os importes indicados nos números un e dous entenderanse referidos ó principal das operacións de crédito obxecto do aval, estendéndose este ás súas correspondentes cargas financeiras.

Artigo 51. *Avais das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

Autorízase a Sociedade Estatal de Participacións Industriais a prestar avais no exercicio do ano 2000, en relación coas operacións de crédito que concerten e coas obrigas derivadas de concursos de adjudicación en que participen durante o citado exercicio as sociedades mercantís no capital das cales participe directa ou indirectamente, ata un límite máximo do 200.000 millóns de pesetas.

Artigo 52. *Información sobre avais públicos outorgados.*

O Goberno comunicará trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o importe e características principais dos avais públicos outorgados.

Artigo 53. *Avais para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos.*

Un. O Estado poderá outorgar avais ata unha contía máxima, durante o exercicio do ano 2000, de 300.000 millóns de pesetas, co obxecto de garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos constituídos conforme as disposicións vixentes, ó amparo dos convenios que subscriban o Ministerio de Economía e Facenda e as sociedades xestoras de fondos de titulización de activos inscritas na Comisión Nacional do Mercado de Valores, co obxecto de mellora-lo financiamento da actividade productiva empresarial.

Dous. O outorgamento dos avais sinalados no número anterior deberá ser acordado polo Ministerio de Economía e Facenda, con ocasión da constitución do fondo e logo de tramitación do preceptivo expediente.

Tres. Aplicarase á constitución dos fondos de titulización de activos a que se refiren os números anteriores

unha bonificación do 99 por 100 dos aranceis notariais, e, se é o caso, rexistrais.

Catro. Facúltase o ministro de Economía e Facenda para que estableza ou modifique, segundo o caso, as normas e requisitos ós que se axustarán os convenios a que fai mención o número un deste artigo.

CAPÍTULO III

Relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial

Artigo 54. *Reembolsos do Estado ó Instituto de Crédito Oficial.*

Un. O Estado reembolsará durante o ano 2000 ó Instituto de Crédito Oficial tanto as cantidades que este satisfíxese ás institucións financeiras en pago das operacións de axuste de xuros previstas na Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, como os custos de xestión das devanditas operacións en que aquel incorrese.

Os ingresos depositados no Instituto de Crédito Oficial durante o ano 2000 por aplicación do previsto no número 2 do artigo 15 do Real decreto 677/1993, poderán ser destinados a financiar, conxuntamente coas dotacións que anualmente figuren nos orzamentos xerais do Estado na aplicación 15.23.762B.444, o resultado neto das operacións de axuste recíproco de xuros, cando este sexa positivo e corresponda o seu aboamento polo Instituto de Crédito Oficial á entidade financiadora participante no convenio. No caso de existiren saldos positivos a favor do Instituto de Crédito Oficial a 31 de decembro do ano 2000, estes ingresaranse no Tesouro.

Dous. Nos supostos de xuros subvencionados polo Estado, en operacións financeiras instrumentadas a través do Instituto de Crédito Oficial, os acordos do Consello de Ministros ou da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos requirirán a acreditación previa de reserva de créditos nos orzamentos xerais do Estado.

Tres. O importe máximo dos créditos á exportación a que se refire o artigo 4.2 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 677/1993, do 7 de maio, que poderán ser aprobados durante o ano 2000, ascende a 80.000 millóns de pesetas.

Catro. Con cargo ós recursos do préstamo do Estado ó que se refire o punto cuarto do número un do Acordo do Consello de Ministros do 11 de decembro do 1987, o Consello de Ministros, en caso de se esgota-lo saldo existente a 31 de decembro de 1999 do fondo de provisión constituído no Instituto de Crédito Oficial, de acordo co punto cuarto da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, poderá, durante o ano 2000 e con xustificación de novas necesidades, dota-lo fondo ata un límite do 25.000 millóns de pesetas.

Artigo 55. *Información ás Cortes Xerais en materia do Instituto de Crédito Oficial.*

O Goberno remitirá trimestralmente ás Comisións de Orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información detallada de tódalas compensacións do Estado, en virtude do establecido no artigo 54 desta lei. Así mesmo, a información incluírá as cantidades reembolsadas ó Instituto polo Estado a que se refire o derradeiro parágrafo do número 6 do artigo 118 da Lei 66/1997, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Artigo 56. *Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.*

A dotación do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento incrementarase no ano 2000 en 80.000 millóns de pese-

tas, que se destinarán ós fins previstos nos números 1 e 3 do artigo 118 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificados polo artigo 104 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O Consello de Ministros poderá aprobar operacións con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento por un importe de ata 80.000 millóns de pesetas ó longo do ano 2000. Quedan expresamente excluídas desta limitación as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais acordados no seo do Club de París, de renegociación da débeda exterior dos países prestatarios.

O Goberno informará semestralmente ó Congreso e ó Senado do importe, país de destino e condicións das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo ó devandito fondo.

Artigo 57. Fondo para a concesión de microcréditos para proxectos de desenvolvemento social básico no exterior.

A dotación ó Fondo para a concesión de microcréditos a que se refire o artigo 105 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ascenderá, no ano 2000, a 8.000 millóns de pesetas e destinarase ós fins previstos no número tres dese artigo.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ó fondo por un importe de ata 8.000 millóns de pesetas ó longo do ano 2000.

O Goberno informará semestralmente ó Congreso e ó Senado do importe, país de destino e condicións das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo a este fondo.

TÍTULO VI

Normas tributarias

CAPÍTULO I

Impostos directos

SECCIÓN 1.^a IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS

Artigo 58. Coeficientes de actualización do valor de adquisición.

Un. Para efectos do previsto no número 2 do artigo 33 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, para as transmisións de bens inmobles non afectos a actividades económicas que se efectúen durante o ano 2000, os coeficientes de actualización do valor de adquisición serán os seguintes:

Ano do investimento	Coefficiente
1994 e anteriores	1,059
1995	1,119
1996	1,080
1997	1,059
1998	1,038
1999	1,020
2000	1

Non obstante, de os investimentos se teren efectuado o 31 de decembro do 1994, será de aplicación o coeficiente 1,119.

A aplicación dun coeficiente distinto da unidade esixirá que o investimento fose realizado con máis dun ano de antelación á data da transmisión do ben inmueble.

Dous. Para efectos da actualización do valor de adquisición prevista no número anterior, os coeficientes aplicables ós bens inmobles afectos a actividades económicas serán os previstos para o imposto sobre sociedades no artigo sesenta e un desta lei.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Os coeficientes de actualización a que se refire o número anterior aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a este, sen tomar en consideración o importe do incremento neto do valor resultante das operacións de actualización.

2.^a A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no número anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial.

Para determina-lo valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplica-los coeficientes de actualización.

3.^a O importe que resulte das operacións descritas no número anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, e a diferenza positiva así determinada será o importe da depreciación monetaria.

4.^a A ganancia ou perda patrimonial será o resultado de minora-la diferenza entre o valor de transmisión e o valor contable no importe da depreciación monetaria a que se refire o número anterior.

Artigo 59. Escala xeral do imposto.

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2000, o artigo 50 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, queda redactado como segue:

«Artigo 50. Escala xeral do imposto.

1. A base liquidable xeral será gravada ós tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable Ata pesetas	Cota íntegra Pesetas	Resto base liquidable Ata pesetas	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	612.000	15,00
612.000	91.800	1.530.000	20,17
2.142.000	400.401	2.040.000	23,57
4.182.000	881.229	2.550.000	31,48
6.732.000	1.683.969	4.488.000	38,07
11.220.000	3.392.551	en adiante	39,60

2. Entenderase por tipo medio de gravame estatal o derivado de multiplicar por 100 o cociente resultante de dividi-la cota obtida pola aplicación da escala prevista no número anterior pola base liquidable xeral. O tipo medio de gravame estatal expresarase con dous decimais.»

Artigo 60. *Escala autonómica do imposto.*

Con vixencia exclusiva para o exercicio 2000, o artigo 61 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, queda redactado como segue:

«Artigo 61. *Escala autonómica ou complementaria do imposto.*

1. A base liquidable xeral será gravada ós tipos da escala autonómica do imposto que, conforme o previsto no artigo 13.un.1.ºa) da Lei 14/1996, do 30 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e de medidas fiscais complementarias, fose aprobada pola comunidade autónoma.

De a comunidade autónoma non ter aprobada a escala a que se refire o parágrafo anterior ou non ter asumidas competencias normativas en materia do imposto sobre a renda das persoas físicas, será aplicable a seguinte escala complementaria:

Base liquidable — Ata pesetas	Cota íntegra — Pesetas	Resto base liquidable — Ata pesetas	Tipo aplicable — Porcentaxe
0	0	612.000	3,00
612.000	18.360	1.530.000	3,83
2.142.000	76.959	2.040.000	4,73
4.182.000	173.451	2.550.000	5,72
6.732.000	319.311	4.488.000	6,93
11.220.000	630.329	en diante	8,40

2. Entenderase por tipo medio de gravame autonómico ou complementario o derivado de multiplicar por 100 o cociente resultante de dividi-la cota obtida pola aplicación da escala prevista no punto anterior pola base liquidable xeral. O tipo medio de gravame autonómico expresarase con dous decimais».

SECCIÓN 2.ª IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES

Artigo 61. *Coefficiente de corrección monetaria.*

Un. Respecto dos períodos impositivos que se inicien durante o ano 2000, os coeficientes previstos no artigo 15.11, a) da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, en función do momento de adquisición do elemento patrimonial transmitido, serán os seguintes:

	Coefficiente
Con anterioridade a 1 de xaneiro de 1984 ...	1,898
No exercicio 1984	1,724
No exercicio 1985	1,592
No exercicio 1986	1,499
No exercicio 1987	1,427
No exercicio 1988	1,364
No exercicio 1989	1,304
No exercicio 1990	1,253
No exercicio 1991	1,211
No exercicio 1992	1,184
No exercicio 1993	1,168
No exercicio 1994	1,147
No exercicio 1995	1,101

Coefficiente

No exercicio 1996	1,049
No exercicio 1997	1,025
No exercicio 1998	1,012
No exercicio 1999	1,005
No exercicio 2000	1,000

Dous. Os coeficientes aplicaranse da seguinte maneira:

a) Sobre o período de adquisición ou custo de produción, atendendo ó ano de adquisición ou produción do elemento patrimonial. O coeficiente aplicable ás melloras será o correspondente ó ano en que se realizaron.

b) Sobre as amortizacións contabilizadas, atendendo ó ano en que se realizaron.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, os coeficientes aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a este, sen tomar en consideración o importe do incremento neto de valor resultante das operacións de actualización.

A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no punto anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial e ó resultado aplicaráselle, en canto proceda, o coeficiente a que se refire a letra c) do número 11 do artigo 15 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

O importe que resulte das operacións descritas no parágrafo anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria a que fai referencia o número 11 do artigo 15 da Lei 43/1995.

Para determina-lo valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplica-los coeficientes establecidos no punto un.

Artigo 62. *Pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades.*

Respecto dos períodos impositivos que se inicien durante o ano 2000, a porcentaxe a que se refire o número 4 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, será o 18 por 100 para a modalidade de pagamento fraccionado prevista no seu número 2. As deducións e bonificacións ás que se refire o devandito número incluírán todas aquelas que lle foren de aplicación ó suxeito pasivo.

Para a modalidade prevista no número 3 do artigo 38 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, a porcentaxe será o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame redondeado por defecto.

Estarán obrigados a aplica-la modalidade a que se refire o parágrafo anterior os suxeitos pasivos cun volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que superase a cantidade do 1.000 millóns de pesetas durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2000.

As sociedades transparentes estarán obrigadas a realizar pagamentos fraccionados nas condicións establecidas con carácter xeral.

SECCIÓN 3.^a IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIOArtigo 63. *Base liquidable.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, o punto dous do artigo 28 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, queda redactado como segue:

«Dous. Se a comunidade autónoma non regulou o mínimo exento a que se refire o número anterior ou se aquela non asumiu competencias normativas en materia de imposto sobre o patrimonio, a base imponible reducirase en 18.000.000 de pesetas.»

Artigo 64. *Cota íntegra.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, o punto dous do artigo 30 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, queda redactado da seguinte forma:

«Dous. De a comunidade autónoma non ter aprobada a escala a que se refire o número anterior ou de aquela non ter asumidas competencias normativas en materia de imposto sobre o patrimonio, a base liquidable do imposto será gravada ós tipos da seguinte escala:

Base liquidable Ata pesetas	Cota íntegra Pesetas	Resto base liquidable Ata pesetas	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	27.808.000	0,2
27.808.000	55.616	27.807.000	0,3
55.615.000	139.037	55.614.000	0,5
111.229.000	417.107	111.229.000	0,9
222.458.000	1.418.168	222.458.000	1,3
444.916.000	4.310.122	444.916.000	1,7
889.832.000	11.873.694	889.832.000	2,1
1.779.664.000	30.560.166	en diante	2,5»

Artigo 65. *Persoas obrigadas a presentar declaración.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, o artigo 37 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 37. *Persoas obrigadas a presentar declaración.*

Están obrigados a presentar declaración:

a) Os suxeitos pasivos sometidos ó imposto por obriga persoal, cando a súa base imponible, determinada de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior ó mínimo exento que proceda, ou cando non dándose esta circunstancia o valor dos seus bens ou dereitos, determinado de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior a 100.000.000 de pesetas.

b) Os suxeitos pasivos sometidos ó imposto por obriga real, calquera que sexa o valor do seu patrimonio neto.»

SECCIÓN 4.^a IMPOSTO SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNSArtigo 66. *Base liquidable.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, modifícase o número 2 do artigo 20 da Lei 29/1987, do 18

de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Se a comunidade autónoma non regulou as reducións a que se refire o número anterior ou se aquela non asumiu competencias normativas en materia de imposto sobre sucesións e doazóns ou non resultase aplicable ós suxeitos pasivos a normativa propia da comunidade, aplicaranse as seguintes reducións:

a) A que corresponda das incluídas nos grupos seguintes:

Grupo I: Adquisicións por descendentes e adoptados menores de vinteun anos: 2.655.000 pesetas, máis 664.000 pesetas por cada ano menos de vinteun que teña o habente-causa, sen que a redución poida exceder de 7.963.000 pesetas.

Grupo II: Adquisicións por descendentes e adoptados de vinteun ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes: 2.655.000 pesetas.

Grupo III: Adquisicións por colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade: 1.330.000 pesetas.

Grupo IV: Nas adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.

Aplicarase, ademais das que puidesen corresponder en función do grao de parentesco co causante, unha redución de 7.963.000 pesetas ás persoas que teñan a consideración legal de minusválidos, cun grao de discapacidade igual ou superior ó 33 por 100 e inferior ó 65 por 100, de acordo co baremo a que se refire o artigo 148 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño; a redución será de 25.000.000 de pesetas para aquelas persoas que, consoante a normativa anteriormente citada, acrediten un grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100.

b) Con independencia das reducións anteriores, aplicarase unha redución do 100 por 100 cun límite de 1.530.000 pesetas, ás cantidades percibidas polos beneficiarios de contratos de seguros sobre a vida, cando o seu parentesco co contratante falecido sexa o de cónxuxe, ascendente, descendente, adoptante ou adoptado. Nos seguros colectivos ou contratados polas empresas en favor dos seus empregados terase en conta o grao de parentesco entre o asegurado falecido e o beneficiario.

A redución será única por suxeito pasivo, calquera que fose o número de contratos de seguros de vida dos que sexa beneficiario, e non será aplicable cando este teña dereito á establecida na disposición transitoria cuarta desta lei.

c) Nos casos nos que na base imponible dunha adquisición "mortis causa" que corresponda ós cónxuxes, descendentes ou adoptados da persoa falecida, estivese incluído o valor dunha empresa individual, dun negocio profesional ou participacións en entidades, ós que lles sexa de aplicación a exención regulada no punto oitavo do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ou de dereitos de usufructo sobre eles, para obter a base liquidable aplicarase na imponible, con independencia das reducións que procedan conforme os números anteriores, outra do 95 por 100 do mencionado valor, sempre que a adquisición se mantéña, durante os dez anos seguintes ó falecemento do causante, salvo que falecese o adquirente dentro deste prazo.

Nos supostos do parágrafo anterior, cando non existan descendentes ou adoptados, a redución será de aplicación ás adquisicións por ascendentes, adoptantes e colaterais, ata o terceiro grao e cos mesmos requisitos recollidos anteriormente. En todo caso, o cónxuxe supérstite terá dereito á redución do 95 por 100.

Da mesma porcentaxe de redución, co límite do 20.400.000 pesetas para cada suxeito pasivo e co requisito de permanencia sinalado anteriormente, gozarán as adquisicións "mortis causa" da vivenda habitual da persoa falecida, sempre que os habentes-causa sexan cónxuxe, ascendentes ou descendentes daquel, ou ben parente colateral maior de sesenta e cinco anos que convivise co causante durante os dous anos anteriores ó falecemento.

De non se cumprir o requisito de permanencia ó que se refire este punto, deberá pagarse a parte do imposto que deixou de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de demora.»

Artigo 67. Tarifa.

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, o número 2 do artigo 21 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, queda redactado da forma seguinte:

«2. Se a comunidade autónoma non aprobou a escala a que se refire o número anterior ou se aquela non asumiu competencias normativas en materia de imposto sobre sucesións e doazóns ou non resultase aplicable ós suxeitos pasivos a normativa propia da comunidade, a base liquidable será gravada ós tipos que se indican na seguinte escala:

Base liquidable — Ata pesetas	Cota íntegra — Pesetas	Resto base liquidable — Ata pesetas	Tipo aplicable — Porcentaxe
0	0	1.330.000	7,65
1.330.000	101.745	1.329.000	8,50
2.659.000	214.710	1.329.000	9,35
3.988.000	338.972	1.329.000	10,20
5.317.000	474.530	1.329.000	11,05
6.646.000	621.384	1.329.000	11,90
7.975.000	779.535	1.329.000	12,75
9.304.000	948.983	1.329.000	13,60
10.633.000	1.129.727	1.329.000	14,45
11.962.000	1.321.767	1.329.000	15,30
13.291.000	1.525.104	6.635.000	16,15
19.926.000	2.596.657	6.635.000	18,70
26.561.000	3.837.402	13.270.000	21,25
39.831.000	6.657.277	26.520.000	25,50
66.351.000	13.419.877	66.351.000	29,75
132.702.000	33.159.299	en diante	34,00»

Artigo 68. Cota tributaria.

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, o número 2 do artigo 22 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, queda redactado como segue:

«2. Se a comunidade autónoma non aprobou o coeficiente ou a contía dos tramos a que se refire o número anterior ou se aquela non asumiu com-

petencias normativas en materia de imposto sobre sucesións e doazóns, ou non resultase aplicable ós suxeitos pasivos a normativa propia da comunidade, aplicarase o que corresponda dos que se indican a seguir, establecidos en función do patrimonio preexistente do contribuínte e do grupo, segundo o grao de parentesco, sinalado no artigo 20:

Patrimonio preexistente — Millóns de pesetas	Grupos do artigo 20		
	I e II	III	IV
De 0 a 67	1,0000	1,5882	2,0000
De máis de 67 a 334	1,0500	1,6676	2,1000
De máis de 334 a 669	1,1000	1,7471	2,2000
De máis de 669	1,2000	1,9059	2,4000

Cando a diferenza entre a cota tributaria obtida por aplicación do coeficiente multiplicador que corresponda e a que resultaría de lle aplicar á mesma cota íntegra o coeficiente multiplicador inmediato inferior, sexa maior que a que exista entre o importe do patrimonio preexistente tido en conta para a liquidación e o importe máximo do tramo do patrimonio preexistente que motivaría a aplicación do citado coeficiente multiplicador inferior, aquela reducirase no importe do exceso.

Nos casos de seguros sobre a vida aplicarase o coeficiente que corresponda ó patrimonio preexistente do beneficiario e ó grupo en que polo seu parentesco co contratante estivese encadrado. Nos seguros colectivos ou contratados polas empresas en favor dos seus empregados terase en conta o coeficiente que corresponda ó patrimonio preexistente do beneficiario e ó grao de parentesco entre este e o asegurado.

De non seren coñecidos os habentes-causa nunha sucesión, aplicarase o coeficiente establecido para os colaterais de cuarto grao e estraños cando o patrimonio preexistente exceda de 669.000.000 de pesetas, sen prexuízo da devolución que proceda unha vez que aqueles fosen coñecidos».

SECCIÓN 5.^a IMPOSTOS LOCAIS

Artigo 69. Imposto sobre bens inmobles.

Un. Con efectos do 1 de xaneiro do ano 2000, e sen prexuízo do establecido no artigo 69.3 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, actualizaranse tódolos valores catastrais do imposto sobre bens inmobles, tanto de natureza rústica como de natureza urbana, mediante a aplicación do coeficiente 1,02. Este coeficiente aplicarase nos seguintes termos:

a) Cando se trate de bens inmobles valorados conforme os datos do Catastro, aplicarase sobre o valor asignado a tales bens para 1999.

b) Cando se trate de inmobles que sufriron alteracións de tipo físico ou xurídico conforme os datos do Catastro, sen que tales variacións tivesen efectividade, o mencionado coeficiente aplicarase sobre o valor asignado a tales inmobles, en virtude das novas circunstancias, pola Dirección Xeral do Catastro, con aplicación dos módulos que servisen de base para a fixación dos valores catastrais do resto dos bens inmobles do municipio.

c) Quedan excluídos da aplicación deste coeficiente de actualización os bens inmobles urbanos dos que os valores catastrais se obteñan da aplicación das ponicías de valores previstas no artigo 2 da Lei 53/1997, do 27 de novembro.

Dous. O incremento dos valores catastrais de natureza rústica previsto neste artigo non terá efectos respecto ó límite de base imponible das explotacións agrarias que condiciona a inclusión no réxime especial agrario da Seguridade Social dos traballadores por conta propia, que seguirá rexéndose pola súa lexislación específica.

Artigo 70. *Imposto sobre actividades económicas.*

Un. Modifícanse as tarifas do imposto sobre actividades económicas, contidas no anexo I do Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, nos termos que a continuación se indican:

1.º Créase o epígrafe 843.6 na sección 1.ª das tarifas do imposto, coa seguinte redacción:

«Epígrafe 843.6. Inspección técnica de vehículos.
Cota de 48.318 pesetas.

Nota: Este epígrafe comprende a realización de tódalas actividades que sinala a normativa administrativa reguladora do servicio público de inspección técnica de vehículos, incluídas as que se realicen na zona concesional mediante a utilización de estacións móbiles.»

2.º Créase o grupo 975 na sección 1.ª das tarifas do imposto, coa seguinte redacción:

«Grupo 975. Servicios de enmarcación.

	Pesetas
En poboacións de máis de 500.000 habitantes	41.710
En poboacións de máis de 100.000 a 500.000 habitantes	33.586
En poboacións de máis de 40.000 a 100.000 habitantes	25.564
En poboacións de máis de 10.000 a 40.000 habitantes	19.768
Nas poboacións restantes	14.800

Notas:

1.ª Este grupo comprende o deseño, asesoramento e creación de todo tipo de marcos, así como a venda deles e dos seus accesorios.

2.ª Este grupo faculta para a manipulación e ensamblaxe por si mesmos ou por terceiros dos marcos e os seus accesorios, sempre que a súa comercialización se realice nas propias dependencias de venda.

3.ª Os suxeitos pasivos clasificados neste grupo poderán, incrementando un 25 por 100 a cota sinalada para el, realizar, con carácter accesorio, a venda de produtos e material enmarcable de escaso valor, tales como cadros, láminas, litografías, gravados, cristais, espellos e outros análogos».

3.º Créase a agrupación 44 na sección 2.ª das tarifas, coa seguinte redacción:

«Agrupación 44. Técnicos superiores en desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Grupo 441. Técnicos superiores en desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.

Cota de: 21.528 pesetas.»

4.º Engádesse unha nota común 3.ª á sección 2.ª das tarifas do imposto, coa seguinte redacción:

«Nota común 3.ª:

Os servicios derivados de actividades clasificadas nesta sección, que se presten exclusivamente e sen mediar contraprestación de ningún tipo, a fundacións e entidades sen fins lucrativos a que se refire a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, tributarán por cota cero.»

Dous. Modifícase a letra j) do número 1.F) da regra 14.ª da instrucción para a aplicación das tarifas do imposto sobre actividades económicas contida no anexo II do Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, que queda redactada nos termos seguintes:

«j) O elemento tributario regulado nesta letra F), non se aplicará na determinación daquelas cotas para o cálculo das cales as tarifas do imposto tivesen en conta expresamente, como elemento tributario, a superficie dos locais, computada en metros cadrados, nos que se exercen as actividades correspondentes.

En consecuencia co anterior, a mención ós metros cadrados contida na descrición de determinadas rúbricas das tarifas, tal e como sucede por exemplo no caso dos epígrafes 647.2, 647.3 e 647.4 da sección 1.ª das tarifas, enténdese realizada, exclusivamente, para efectos da definición e clasificación das actividades contidas nelas, sen que, en ningún caso, deba considerarse a expresada mención ós metros cadrados como elemento tributario configurador da cota correspondente, non sendo nestes casos de aplicación o disposto no parágrafo anterior.»

Tres. Os suxeitos pasivos dos que a situación respecto do imposto sobre actividades económicas resulte afectada polas modificacións establecidas no punto un anterior, deberán presenta-la declaración correspondente nos termos previstos nos artigos 5, 6 ou 7, segundo os casos, do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censual do dito imposto.

CAPÍTULO II

Impostos indirectos

SECCIÓN 1.ª IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO

Artigo 71. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o número 2.º do punto un.1 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«2.º Os animais, vexetais e os demais produtos susceptibles de seren utilizados habitual e idoneamente para a obtención dos produtos a que se refire o número anterior, directamente ou mesturados con outros de orixe distinta.

Compréndense neste número os animais destinados á súa engorda antes de seren utilizados no consumo humano ou animal e os animais reprodutores deles ou daqueles outros a que se refire o parágrafo anterior.»

Dous. Modifícase o punto un.3 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As seguintes operacións:

1.º As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación de edificacións ou partes delas destinadas principalmente a vivendas, incluídos os locais, anexos, garaxes, instalacións e servicios complementarios situados neles.

Consideraranse destinadas principalmente a vivendas as edificacións nas que alomenos o 50 por 100 da superficie construída se destine a tal utilización.

2.º As vendas con instalación de armarios de cociña e de baño e de armarios encastrados para as edificacións a que se refire o número 1.º anterior, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das citadas edificacións.»

Tres. Modifícase o número 8.º do punto un.2 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«8.º Os servicios prestados a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física, calquera que sexa a persoa ou entidade ó cargo da cal se realice a prestación, sempre que tales servicios estean directamente relacionados coas devanditas prácticas e non lles resulte aplicable a exención a que se refire o artigo 20, punto un, número 13.º desta lei.»

Catro. Modifícase o número cinco do artigo 130, que queda redactado da seguinte forma:

«Cinco. A compensación a tanto alzado a que se refire o número tres deste artigo será a cantidade resultante de aplica-la porcentaxe do 5 por 100 ó prezo de venda dos produtos ou dos servicios indicados no devandito número.

Para a determinación de tales prezos non se computarán os tributos indirectos que gravan as ditas operacións nin os gastos accesorios e complementarios, tales como comisións, embalaxes, portes, transportes, seguros ou financeiros, cargados separadamente ó adquirente.

Nas operacións realizadas sen contraprestación de diñeiro a referida porcentaxe aplicarase ó valor no mercado dos produtos entregados.»

Cinco. Modifícase o punto un.1.6.º, do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«6.º Os aparatos e complementos, incluídas as lentes graduadas e as lentes de contacto que, polas súas características obxectivas, sexan susceptibles de destinarse esencial ou principalmente a suplir-las deficiencias físicas do home ou dos animais, incluídas as limitativas da súa mobilidade e comunicación.

Os produtos sanitarios, material, equipos ou instrumental que, obxectivamente considerados, só

poidan utilizarse para previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar enfermidades ou doenzas do home ou dos animais.

Non se inclúen neste número os cosméticos nin os produtos de hixiene persoal.»

Seis. Engádense dous novos números, o 14.º e o 15.º, no punto un.2, do artigo 91, coa seguinte redacción:

«14.º Os servicios de perruquería, incluíndo, de se-lo caso, aqueles servicios complementarios a que faculte o epígrafe 972.1 das tarifas do imposto sobre actividades económicas.

15.º Execucións de obras de albanería realizadas en edificios ou partes deles destinados a vivendas, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o destinatario sexa persoa física, non actúe como empresario ou profesional e utilice a vivenda a que se refiren as obras para o seu uso particular.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén se comprenderán neste número as citadas execucións de obras cando o seu destinatario sexa unha comunidade de propietarios.

b) Que a construción ou rehabilitación da vivenda a que se refiren as obras conclúese alomenos dous anos antes do inicio destas últimas.

c) Que a persoa que realice as obras non achegue materiais para a súa execución ou, no caso de que os achegue, que o seu custo non exceda do 20 por 100 da base imponible da operación.»

Sete. Modifícase o número 6.º do punto un.2 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«6.º Os servicios de recollida, almacenamento, transporte, valorización ou eliminación de residuos, limpeza de redes de sumidoiros públicas e desratización destas e a recollida ou tratamento das augas residuais.

Compréndense no parágrafo anterior os servicios de cesión, instalación e mantemento de recipientes normalizados utilizados na recollida de residuos.

Inclúense tamén neste número os servicios de recollida ou tratamento de vertidos en augas interiores ou marítimas.»

SECCIÓN 2.ª IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

Artigo 72. *Transmisións e rehabilitacións de títulos e grandezas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, a escala adxunta a que fai referencia o parágrafo primeiro do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, será a seguinte:

Escala	Transmisións directas — Pesetas	Transmisións transversais — Pesetas	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros — Pesetas
1.º Por cada título con grandeza	356.000	887.000	2.127.000
2.º Por cada grandeza sen título	253.000	634.000	1.518.000
3.º Por cada título sen grandeza	101.000	253.000	609.000

SECCIÓN 3.^a RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIASArtigo 73. *Modificacións da Lei 20/1991, de 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2000, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. Modifícase o punto 9.º do número 1 do anexo I, que queda redactado da seguinte forma:

«9.º Os animais, vexetais e os demais produtos susceptibles de seren utilizados habitual e idoneamente para a obtención dos produtos a que se refire o número anterior, directamente ou mesturados con outros de orixe distinta.

Compréndense neste número os animais destinados á súa engorda antes de seren utilizados no consumo humano ou animal e os animais reprodutores deles ou daqueloutros a que se refire o parágrafo anterior.»

Dous. Engádese unha nova letra q) no artigo 27.1.1.º, coa seguinte redacción:

«q) As execucións de obra que teñan por obxecto a instalación de armarios de cociña e de baño e armarios encastrados para as edificacións a que se refire a letra f) anterior, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das ditas edificacións.»

Tres. Engádese un punto 14.º no número 1 do anexo I, coa seguinte redacción:

«14.º As execucións de obra que teñan por obxecto a instalación de armarios de cocina e de baño e armarios encastrados para as edificacións a que se refiren os números 11.º e 12.º anteriores, que sexan realizadas como consecuencia de contratos directamente formalizados co promotor da construción ou rehabilitación das ditas edificacións.»

Catro. Modifícase o número 2 do anexo I, que queda coa seguinte redacción:

«2. As prestacións de servizos que se indican a seguir:

1.º As prestacións de servizos de transportes terrestres.

2.º Os servizos prestados a persoas físicas que practiquen o deporte ou a educación física, calquera que sexa a persoa ou entidade ó cargo da cal se realice a prestación, sempre que tales servizos estean directamente relacionados coas devanditas prácticas e non lles resulte aplicable a exención a que se refire o artigo 10, número 1, punto 13.º desta lei.»

CAPÍTULO III

Outros tributos

Artigo 74. *Taxas.*

Un. Mantéñense para o ano 2000 os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal no importe esixible para 1999 polo artigo 71 da Lei 49/1998, do 30 do decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999.

Dous. Considéranse como tipos fixos aqueles que non se determinan por unha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Tres. A partir da entrada en vigor desta lei, o artigo 3, punto cuarto, do Real decreto lei 16/1977, de 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas, queda redactado como segue:

«Artigo 3.

Cuarto. Tipos tributarios e cotas fixas.

Un. Tipos tributarios.

- a) O tipo tributario xeral será do 20 por 100.
- b) Nos casinos de xogo aplicarase a seguinte tarifa:

Porción da base imponible comprendida entre pesetas	Tipo aplicable — Porcentaxe
Entre 0 e 220.000.000	20
Entre 220.000.001 e 364.000.000	35
Entre 364.000.001 e 726.000.000	45
Máis de 726.000.000	55

Dous. Cotas fixas.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparatos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas realizada polo Regulamento de máquinas recreativas e de azar, aprobado polo Real decreto 2110/1998, do 2 de outubro, segundo as normas seguintes:

A) Máquinas tipo «B» ou recreativas con premio:

- a) Cota anual: 456.000 pesetas.
- b) Cando se trate de máquinas ou aparatos automáticos tipo «B» nos que poidan intervir dous ou máis xogadores de forma simultánea e sempre que o xogo de cada un deles sexa independente do realizado por outros xogadores, serán de aplicación as seguintes cotas:

Máquinas ou aparatos de dous xogadores: dúas cotas conforme o previsto na letra a) anterior.

Máquinas ou aparatos de tres ou máis xogadores: 929.000 pesetas, máis o resultado de multiplicar por 2.235 o produto do número de xogadores polo prezo máximo autorizado para a partida.

B) Máquinas tipo «C» ou de azar:

- a) Cota anual: 669.000 pesetas.

Tres. Os tipos tributarios e cotas fixas poderán ser modificados nas leis de orzamentos.

Catro. En caso de modificación do prezo máximo de 25 pesetas autorizado para a partida en máquinas de tipo «B» ou recreativas con premio, a cota tributaria de 456.000 pesetas da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, incrementarase en 10.500 pesetas por cada cinco pesetas en que o novo prezo máximo autorizado exceda de 25.

Se a modificación se producise con posterioridade ó devengo da taxa, os suxeitos pasivos que exploten máquinas con permisos de data anterior a aquela en que se autorice a suba deberán autoliquidar e ingresa-la diferenza de cota que corresponda na forma e prazos que determine o Ministerio de Economía e Facenda.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, a autoliquidación e ingreso será só do 50 por 100 da diferenza, se a modificación do prezo máximo autorizado para a partida se produce despois do 30 de xuño.»

TÍTULO VII

Dos entes territoriais

CAPÍTULO I

Corporacións locais

Artigo 75. *Liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 1999.*

A liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, correspondente ó exercicio 1999, deberase realizar nos termos dos números dous, tres, catro e cinco do artigo 73 da Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999, polo que se refire ós municipios; e nos termos dos números catro, cinco, seis e sete do artigo 74 da mesma lei, polo que respecta ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, illas e cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

Os saldos debedores que se puidesen derivar daquela liquidación serán reembolsados polas corporacións locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que se perciban con posterioridade á mencionada liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ó 25 por 100 dunha entrega mensual, agás que, aplicando este criterio, se exceda o prazo sinalado; neste caso axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

Cando esta retención concorra coas retencións reguladas no artigo 86, terá carácter preferente fronte a estas e non computará para o cálculo das porcentaxes establecidas no número dous do citado artigo.

Artigo 76. *Participación dos municipios nos tributos do Estado para o exercicio 2000.*

Un. O crédito orzamentario destinado a realiza-las entregas á conta ós municipios, equivalente ó 95 por 100 da previsión do seu financiamento total para este exercicio por participación nos tributos do Estado, cífrase en 902.509,5 millóns de pesetas, tal como figura consignado na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais, transferencias a corporacións locais, programa 912A, por participación en ingresos do Estado.

Dous. Determinado o índice de evolución prevalente, de acordo coas regras contidas nos artigos 113.2 e 114 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, efectuarase a liquidación definitiva da participación dos municipios nos tributos do Estado para o ano 2000, ata alcanza-la cifra que resulte da aplicación do artigo 113.1 da mencionada lei, distribuíndose de acordo cos seguintes criterios:

Primeiro. A Madrid, Barcelona e La Línea de la Concepción, atribuiránselles, respectivamente, unhas cantidades en proporción á súa participación no ano 1998, segundo o previsto no artigo 115 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Segundo. Igualmente, ós municipios integrados na Área Metropolitana de Madrid, excepto o de Madrid, e ós que viñeron integrando, ata a súa extinción, a Corporación Metropolitana de Barcelona para obras e servizos comúns de carácter metropolitano, atribuiránselles,

respectivamente, unhas dotacións que se calcularán, en termos xerais, seguindo o mesmo procedemento establecido no número primeiro anterior para calcula-la participación dos municipios de Madrid, Barcelona e La Línea de la Concepción, e distribuiranse entre os municipios respectivos en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o Padrón municipal de poboación vixente o 31 de decembro de 2000 e oficialmente aprobado polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes multiplicadores, segundo estratos de poboación:

Número de habitantes	Coeficientes
De máis de 500.000	2,85
De 100.001 a 500.000	1,50
De 20.001 a 100.000	1,30
De 5.001 a 20.000	1,15
Que non exceda de 5.000	1,00

Terceiro. A cantidade restante distribuirase entre tódolos concellos, excluídos Madrid, Barcelona e La Línea de la Concepción na forma seguinte:

a) Como regra xeral, cada concello percibirá unha cantidade igual á resultante, en termos brutos, da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 1998, calculada de acordo co disposto no artigo 74.dous.terceiro da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998.

b) Non obstante, a cantidade atribuída por habitante no parágrafo precedente, a cada concello comprendido no tramo de poboación inferior a 5.000 habitantes, non poderá ser inferior ó 70 por 100 do déficit medio por habitante do estrato sinalado, deducido dos datos estatísticos das liquidacións dos orzamentos das corporacións locais do ano 1995.

c) O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada concello obtería dun reparto en función das variables e porcentaxes que a seguir se mencionan e as cantidades previstas nas letras a) e b) anteriores.

Para estes efectos, as variables e porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

1. O 75 por 100 en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o Padrón da poboación municipal vixente o 31 de decembro de 2000 e aprobado oficialmente polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes multiplicadores, segundo estratos de poboación:

Número de habitantes	Coeficientes
De máis de 500.000	2,80
De 100.001 a 500.000	1,47
De 50.001 a 100.000	1,32
De 20.001 a 50.000	1,30
De 10.001 a 20.000	1,17
De 5.001 a 10.000	1,15
De 1.001 a 5.000	1,00
Que non exceda de 1.000	1,00

2. O 14 por 100 en función do esforzo fiscal medio de cada municipio no exercicio de 1998 ponderado polo número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o Padrón municipal vixente o 31 de decembro de 2000 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Para estes efectos, considérase esforzo fiscal municipal en 1998 o resultante da aplicación da fórmula seguinte:

$$E_{fm} = \left(\sum a \frac{RcO}{RPm} \right) \times P_i$$

No desenvolvemento desta fórmula teranse en conta os seguintes criterios:

A) O factor «a» representa o peso relativo de cada tributo en relación co sumatorio da recadación líquida obtida no exercicio económico de 1998, durante o período voluntario, polo imposto sobre bens inmobles, o imposto sobre actividades económicas, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, co fin de obter un coeficiente asignable a cada tributo considerado, co que se operará na forma que se determina nos parágrafos seguintes.

B) A relación $a \times \frac{RcO}{RPm}$ calcularase para cada un

dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación a cada municipio, da seguinte maneira:

No imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica, multiplicando o coeficiente obtido na alínea A), polo tipo impositivo real fixado polo Pleno da Corporación para o período de referencia dividido por 0,4 ou 0,3, respectivamente, que representan os tipos mínimos esixibles en cada caso e dividíndoo pola súa vez polo tipo máximo potencialmente esixible en cada municipio. O resultado así obtido no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana ponderarase pola razón entre a base imponible media por habitante de cada concello e a base imponible media por habitante do estrato no que se encadre. Para estes efectos os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por 100 asignado á variable poboación.

No imposto sobre actividades económicas, multiplicando o coeficiente obtido na alínea A) polo importe do Padrón municipal do imposto incluída a incidencia da aplicación dos índices a que se refiren os artigos 88 e 89 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e dividíndoo pola suma das cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto, en relación con cada suposto de suxeición a el.

No imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, multiplicando os coeficientes obtidos en cada caso, na alínea A), por un.

O sumatorio dos coeficientes resultantes da aplicación dos parágrafos precedentes constituirá o valor da expresión $\sum a \times \frac{RcO}{RPm}$ aplicable a cada municipio

que se multiplicará pola súa poboación de dereito deducido do Padrón municipal vixente o 31 de decembro de 2000 e aprobado oficialmente polo Goberno e que constitúe o factor P_i .

C) Nos datos relativos á recadación líquida non se incluírán as cantidades percibidas como consecuencia da distribución das cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas nin a recarga provincial atribuíble ás respectivas deputacións provinciais.

D) O coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, para cada municipio, en ningún caso poderá ser superior ó quíntuplo do menor valor calculado do coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante dos concellos incluídos no estrato de poboación superior a 500.000 habitantes.

3. O 8,5 por 100 en función do inverso da capacidade recadatoria no ámbito tributario dos concellos comprendidos no mesmo tramo de poboación.

Entenderase como capacidade recadatoria de cada tramo a resultante da relación existente entre o inverso da capacidade recadatoria por habitante de tódolos municipios encadrados en cada tramo e a suma das inversas da capacidade recadatoria por habitante de tódolos tramos de poboación, ponderada esta relación pola poboación de cada tramo.

As cantidades así obtidas para cada tramo de poboación distribuiranse en función da poboación dos municipios comprendidos no tramo respectivo.

Para os efectos dos cálculos precedentes utilizaranse as seguintes cifras:

a) Os dereitos liquidados polos capítulos un, dous e tres dos estados consolidados de ingresos dos municipios contidos nas últimas estatísticas de liquidación dos orzamentos das corporacións locais, dispoñibles pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais.

b) Os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para efectos de distribuí-lo 75 por 100 asignado á variable poboación.

4. O 2,5 por 100 restante, en función do número de unidades escolares de infantil, primaria, primeiro ciclo do ensino secundario obrigatorio e especial existentes en centros públicos, en que os inmobles pertencen ós concellos, ou en atención ós gastos de conservación e mantemento que deben correr a cargo dos concellos. Para tal fin tomaranse en consideración as unidades escolares en funcionamento ó final do ano 1998.

Tres. A participación dos municipios do País Vasco nos tributos do Estado non concertados, rexerese polo disposto no artigo 46 da Lei 12/1981, do 13 de maio, do concerto económico.

Catro. Os municipios das illas Canarias de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 30/1972, do 22 de xullo, sobre réxime fiscal de Canarias, participarán nos tributos do Estado na mesma proporción cós municipios de réxime común.

O incremento que se produza no financiamento correspondente ós municipios canarios, como consecuencia do disposto no parágrafo anterior, será asumido polo Estado como un maior custo da citada participación.

Cinco. A participación dos municipios de Navarra fixarase no marco do convenio económico.

Artigo 77. Participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas nos tributos do Estado para o ano 2000.

Un. O crédito orzamentario destinado a realiza-las entregas á conta ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas, con exclusión das comunidades autónomas de Madrid e Cantabria, equivalente ó 95 por 100 da previsión do seu financiamento total para este exercicio por participación nos tributos do Estado, cífrase en 498.420,8 millóns de pesetas, tal como figura consignado na sección 32, servizo 23, Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais, transferencias a corporacións locais por participación en ingresos do Estado, dos que 44.666,7 millóns de pesetas se percibirán en concepto de participación

ordinaria e 453.754,1 millóns de pesetas en concepto de participación extraordinaria compensatoria pola supresión do canon de produción de enerxía eléctrica e das recargas provinciais no imposto sobre o tráfico de empresas e impostos especiais de fabricación como consecuencia da implantación do imposto sobre o valor engadido.

Dous. En todo caso, o importe das entregas á conta a que se fai referencia no número anterior, correspondente ás comunidades autónomas que opten formalmente por refundi-la participación nos ingresos do Estado percibida por asimilación ás deputacións provinciais coa percibida en orde á súa natureza institucional de comunidades autónomas, satisfarase, a partir da entrada en vigor do acordo da comisión mixta correspondente, refundida nos créditos do programa 911B, baixo o concepto único de participación nos tributos do Estado das comunidades autónomas.

Tres. Para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, consellos insulares e cabidos asígnase, con cargo ó crédito citado no número un, a cantidade de 64.394 millóns de pesetas en concepto de entregas á conta, a dotación das cales deberá realizarse mediante a afectación da parte correspondente do crédito destinado a cubri-la participación extraordinaria a que se refire o número un anterior.

A asignación para o mantemento dos centros sanitarios repartirase, en calquera caso, proporcionalmente ás achegas efectuadas para este fin polas citadas entidades no exercicio 1988, debidamente auditadas no seu momento, e librarase simultaneamente coas entregas á conta da participación ordinaria e extraordinaria nos tributos do Estado.

Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ó Instituto Nacional da Saúde ou ás correspondentes comunidades autónomas, procederase na mesma medida a asignar ás ditas institucións as entregas a conta da participación do ente transferidor do servizo no citado fondo, podendo ser obxecto de integración na porcentaxe de participación nos tributos do Estado por acordo da respectiva Comisión Mixta, logo do informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Catro. Determinado o índice de evolución prevalente, de acordo coas regras contidas nos artigos 113.2 e 114 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, efectuarase a liquidación definitiva da participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas nos tributos do Estado para o ano 2000, ata alcanza-la cifra determinada no artigo 125.4 e 113.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e de acordo cos seguintes criterios:

Primeiro. O importe resultante para o ano 2000 da participación en tributos do Estado a favor das provincias, illas e comunidades autónomas uniprovinciais, non insulares, distribuirase na mesma proporción sinalada no número un anterior para a determinación da participación ordinaria e extraordinaria.

Segundo. A asignación definitiva ó fondo de achega á asistencia sanitaria común cifrarase nunha contía proporcional á que resulta do número tres anterior.

A mencionada asignación repartirase, como queda sinalado, proporcionalmente ás achegas efectuadas ó dito fin polas citadas entidades no exercicio de 1988, debidamente auditadas, expedíndose as oportunas ordes de pagamento contra os créditos correspondentes, excluíndose as achegas que, naquel exercicio, realizaron

as deputacións andaluzas e as comunidades autónomas uniprovinciais de Madrid e Cantabria e os Consellos Insulares das Illes Balears.

En calquera caso, igualmente, cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ó Instituto Nacional da Saúde ou ás correspondentes comunidades autónomas, procederase na mesma medida a asignar a estas institucións a participación do ente transferidor do servizo no citado fondo.

Terceiro. A cantidade restante distribuirase entre as provincias, illas e comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, excepto Madrid e Cantabria, na forma seguinte:

a) Cada entidade percibirá unha cantidade igual á resultante en termos brutos da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 1998, excluída a achega á asistencia sanitaria común, incrementada acumulativamente polos índices de evolución interanual do IPC entre o 31 de decembro de 1998 e o 31 de decembro do ano 2000.

b) O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada entidade obtería dun reparto en función das variables e porcentaxes que a seguir se mencionan e a cantidade prevista no punto anterior.

Para estes efectos, as variables e porcentaxes que se aplicarán serán os seguintes:

O 70 por 100 en función da poboación provincial de dereito, segundo o Padrón municipal de poboación vixente o 31 de decembro do ano 2000 e oficialmente aprobado polo Goberno.

O 12,5 por 100 en función da superficie provincial.

O 10 por 100 en función da poboación provincial de dereito dos municipios de menos de 20.000 habitantes, deducida do Padrón municipal de poboación vixente o 31 de decembro do ano 2000 e oficialmente aprobado polo Goberno.

O 5 por 100 en función da inversa da relación entre o valor engadido bruto provincial e a poboación de dereito, utilizándose para aquel a cifra do último ano coñecido.

O 2,5 por 100 en función da potencia instalada en réxime de produción de enerxía eléctrica.

Cinco. A participación dos territorios históricos do País Vasco e Navarra calcularase tendo en conta o previsto no convenio económico co País Vasco, e afectará exclusivamente a participación ordinaria.

Seis. As illas Canarias participarán na mesma proporción cós municipios canarios.

O incremento que se produza no financiamento correspondente ós Cabidos Insulares canarios, como consecuencia do disposto no parágrafo anterior, será asumido polo Estado como un maior custo da citada participación.

Sete. As cidades de Ceuta e Melilla participarán na imposición indirecta do Estado, excluídos os tributos susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, nunha porcentaxe equivalente ó 39 por 100.

Artigo 78. Entregas á conta das participacións a favor das corporacións locais.

Un. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio de 2000 a que se refire o artigo 76 serán aboadas ós concellos mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do respectivo crédito.

A participación individual de cada municipio determinarase de acordo cos criterios establecidos no número

dous do artigo 76 para a distribución da liquidación definitiva, coas seguintes variacións:

A variable poboación determinarase utilizando o Padrón municipal de poboación vixente e oficialmente aprobado polo Goberno o 1 de xaneiro do ano 2000.

A variable esforzo fiscal aplicarase adaptando os datos da última liquidación definitiva practicada á formulación recollida no artigo 76 desta lei.

A variable inverso da capacidade recadatoria no ámbito tributario, referirase ós datos estatísticos de liquidación dos orzamentos das corporacións locais do ano 1996.

A variable unidades escolares referirase ós datos da última liquidación practicada.

En todo caso, considerarase como entrega mínima á conta da participación nos tributos do Estado para cada municipio unha cantidade igual ó 95 por 100 da que resulte da liquidación definitiva correspondente a 1998, calculada de acordo co disposto no artigo 74.dous.terceiro da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998.

Non obstante, os municipios comprendidos no estrato de poboación inferior ós 5.000 habitantes percibirán como mínimo unha cantidade equivalente ó 95 por 100 da que se lles asigna na letra b) do número terceiro, do punto dous, do artigo 76.

Dous. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio do ano 2000 serán aboadas ás deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, cabidos e consellos insulares mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do crédito respectivo, tanto no que fai referencia ó financiamento incondicionado como á asignación con cargo ó fondo de asistencia sanitaria, e as respectivas cotas determinarase con idénticos criterios aplicables á última liquidación definitiva practicada, sen máis modificacións cás relativas á actualización dos datos da poboación, que deberá referirse ás cifras de poboación segundo o Padrón municipal vixente o 1 de xaneiro do ano 2000 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Tres. Para fixa-las entregas á conta da participación nos tributos do Estado a favor dos concellos do País Vasco, de Navarra e das illas Canarias teranse en conta os criterios sinalados nos números tres, catro e cinco do artigo 76 desta lei.

Catro. En idéntico sentido as entregas á conta da participación nos tributos do Estado a favor das Deputacións Forais do País Vasco e Navarra, dos Cabidos Insulares de Canarias e das Cidades de Ceuta e Melilla calcularanse tendo en conta o disposto nos números cinco, seis e sete do artigo anterior.

Cinco. Autorízase o Ministerio de Economía e Facenda a comprometer gastos con cargo ó exercicio de 2001, ata un importe máximo equivalente á doceava parte dos créditos consignados no orzamento para 2000, destinados a satisfacer as entregas á conta da participación en tributos do Estado a favor dos concellos e deputacións provinciais ou entes asimilados, co fin de proceder a satisfacer as entregas á conta do mes de xaneiro de 2001 no dito mes. As diferenzas que puidesen xurdir en relación coa determinación das entregas á conta definitivas imputables ó mencionado exercicio serán obxecto de axuste nas entregas á conta do mes de febreiro do exercicio citado.

Artigo 79. *Pagamento da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado.*

O atraso no pagamento das liquidacións anuais definitivas da participación das entidades locais nos tributos do Estado que resulten do novo sistema de financia-

mento para 1999-2003 devengarán o xuro legal do diñeiro vixente en cada momento, desde o día seguinte ó 30 de xuño do ano en que se deba practicala referida liquidación definitiva.

Artigo 80. *Subvencións ás entidades locais por servizos de transporte colectivo urbano.*

Un. Para dar cumprimento ó previsto no derradeiro parágrafo da disposición adicional décimo quinta da Lei reguladora das facendas locais, fíxase inicialmente en 6.927,8 millóns de pesetas o crédito destinado a subvencionar-lo servizo de transporte colectivo urbano prestado por corporacións locais de máis de 50.000 habitantes de dereito, segundo o Padrón municipal vixente o 1 de xaneiro de 1999 e oficialmente aprobado polo Goberno, non incluídas na Área Metropolitana de Madrid, na extinguida Corporación Metropolitana de Barcelona ou situadas no arquipélago canario, calquera que sexa a súa modalidade e forma de xestión, sempre que non reciban directamente outra subvención do Estado, xa sexa illadamente ou en concorrencia con outras administracións públicas, en virtude dalgún convenio de financiamento específico ou contrato-programa no que se prevea a cobertura do déficit de explotación en modalidades de transporte idénticas ás subvencionadas por este sistema.

A distribución do crédito correspondente realizarase conforme os seguintes criterios, que se aplicarán de acordo cos datos de xestión económica e financeira que se deduzan do modelo ó que se refire a alínea b) do artigo 85 desta lei:

A) O 5 por 100 do crédito, en función da lonxitude da rede municipal en traxecto de ida e expresada en quilómetros.

B) O 5 por 100 do crédito, en función da relación viaxeiros/habitantes de dereito de cada municipio ponderada pola razón do número de habitantes citado dividido por 50.000. A cifra de habitantes de dereito será a de poboación do Padrón municipal vixente o 1 de xaneiro de 1999 e oficialmente aprobado polo Goberno.

C) O 90 por 100 do crédito, en función do déficit medio por título de transporte emitido, de acordo co seguinte procedemento:

a) O importe que se lle subvencionará a cada municipio virá dado polo resultado de multiplica-lo número de títulos de transporte pola subvención correspondente a cada un deses títulos.

b) A subvención correspondente a cada título obtense aplicando ó seu déficit medio as contías e porcentaxes definidas na escala seguinte:

1.º tramo. O importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que non supere o 12,5 por 100 do déficit medio global subvencionarase ó 100 por 100.

2.º tramo. O importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda do tramo anterior e non supere o 25 por 100 do déficit medio global subvencionarase ó 55 por 100.

3.º tramo. O importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda do tramo anterior e non supere o 50 por 100 do déficit medio global subvencionarase ó 27 por 100.

4.º tramo. O importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda do tramo anterior e non supere o 100 por 100 do déficit medio global subvencionarase coa porcentaxe de financiamento que resulte de dividi-lo resto do crédito non atribuído ós tramos anteriores entre o total do déficit incluído neste tramo, considerando tódolos municipios que teñan dereito a subvención.

5.º tramo. O importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda do déficit medio global non será obxecto de subvención.

A porcentaxe de financiamento do cuarto tramo da escala non poderá exceder do 27 por 100. O exceso de crédito que puidese resultar da aplicación desta restricción distribuirase proporcionalmente ó financiamento obtido por cada municipio, correspondente ós tramos segundo e terceiro.

En ningún caso, da aplicación destas normas se poderá recoñecer unha subvención que, en termos globais, exceda do 90 por 100 do crédito dispoñible. Se se producise esta circunstancia axustarase, na proporción necesaria, o financiamento correspondente ó déficit medio por título de transporte emitido, aplicando sucesivamente no tramo terceiro e, de se-lo caso, o segundo, o criterio de determinación da porcentaxe de financiamento utilizado no cuarto tramo.

c) O déficit medio de cada municipio será o resultado de dividi-lo déficit de explotación entre o número de títulos de transporte. O déficit medio global será o resultado de dividi-la suma dos déficits de tódolos municipios que teñan dereito á subvención entre o total de títulos de transporte dos ditos municipios.

d) O importe da subvención por título virá dada pola suma da contía que se subvencionará en cada tramo, que se obterá multiplicando a parte do déficit medio incluída en cada tramo pola porcentaxe de financiamento aplicable no dito tramo.

O déficit de explotación estará determinado polo importe das perdas de explotación que se deduza das contas de perdas e ganancias das empresas ou entidades que presten o servizo de transporte público, elaboradas de acordo co Plan de Contabilidade e coas normas e principios contables xeralmente aceptados que, en cada caso, resulten de aplicación, cos seguintes axustes:

a) En canto ós gastos de explotación, exclúiranse aqueles que se refiran a tributos, con independencia do suxeito activo da relación xurídico-tributaria.

b) En canto ós ingresos de explotación, exclúiranse aqueles que teñan a súa orixe na prestación de servizos ou realización de actividades alleas á do transporte público urbano pola que se solicita a subvención. Así mesmo, exclúiranse calquera subvención e achega que recoñeza, a favor da empresa ou entidade que preste o servizo de transporte público urbano, o concello no termo municipal do cal se realice a prestación.

c) En todo caso, deduciranse do déficit para o cálculo do financiamento correspondente a este punto os importes atribuídos como subvención polos criterios de lonxitude da rede e relación viaxeiros/habitantes de dereito.

Dous. Terán igualmente dereito a participar nas axudas sinaladas, nas mesmas condicións de reparto fixadas anteriormente:

Os municipios de máis de 20.000 habitantes de dereito, segundo as cifras de poboación do Padrón municipal vixente o 1 de xaneiro de 1999 e aprobado oficialmente polo Goberno, nos que concorran simultaneamente as seguintes circunstancias:

a) Que dispoñan dun servizo de transporte público colectivo urbano interior, calquera que sexa o seu réxime de explotación.

b) Que o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 na data sinalada.

Tres. As subvencións deberán destinarse a financiar-la prestación deste servizo.

Catro. Para os concellos do País Vasco e Navarra, a subvención que lles corresponda corríxase na mesma proporción aplicable á súa participación en tributos do Estado.

Artigo 81. Compensación ós concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais.

Para dar cumprimento ó previsto no artigo 9 da Lei reguladora das facendas locais, dótese na sección 32 do vixente orzamento de gastos do Estado un crédito coa finalidade de compensar los beneficios fiscais en tributos locais de exacción obrigatoria que poida conceder-lo Estado mediante lei e nos termos previstos no número dous do artigo 9 da Lei reguladora das facendas locais.

Autorízase o Ministerio de Economía e Facenda para dictar-las normas necesarias para establecer-lo procedemento que se seguirá en cada caso, co fin de proceder á compensación, en favor dos municipios, das débedas tributarias efectivamente condonadas e das exencións legalmente concedidas.

Artigo 82. Outras subvencións ás entidades locais.

Un. Con cargo ós créditos consignados na sección 32, programa 912C, farase efectiva unha compensación equivalente ó importe das cotas do actual imposto de vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2000, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, do 1 de decembro de 1988.

O cálculo da cantidade a compensar realizarase tendo en conta o importe que, polo mesmo concepto, corresponda ó ano 1993, actualizado en función da evolución do PIB nominal e segundo os convenios subscritos cos concellos afectados.

Dous. Con cargo ós créditos da sección 32, programa 912C, concédese unha axuda de 1.185,5 millóns de pesetas á Cidade de Ceuta, destinada a compensar los custos de funcionamento da planta desalinizadora instalada na cidade para o abastecemento de auga a esta, así como os custos do transporte de auga que fosen necesarios en caso de resultar insuficiente a produción desta planta, incluídos, neste suposto, os custos correspondentes a exercicios anteriores, non compensados, no seu momento, por insuficiencias orzamentarias.

As axudas para o funcionamento da planta desalinizadora realizaranse mediante entregas á conta mensuais de 20.000.000 de pesetas cada unha. O Ministerio de Economía e Facenda establecerá o procedemento de comprobación dos citados gastos de funcionamento en aplicación do disposto no artigo 81 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria. De acordo coa dita comprobación realizarase unha liquidación definitiva que establecerá a cantidade total que subvencionará o Estado no exercicio económico, que non poderá supera-lo 50 por 100 dos gastos de funcionamento da planta desalinizadora. Os excesos de pagamentos que resulten, se é o caso, minorarán as entregas que se realizarán nos exercicios subseguintes.

As axudas para compensar los custos do transporte de auga potable serán satisfeitas mediante pagamentos con cargo ó citado crédito, que se realizarán en función das solicitudes presentadas polos órganos de representación da Cidade de Ceuta, durante o exercicio, e deberán xustificarse previamente na forma que determine o Ministerio de Economía e Facenda en aplicación do disposto no artigo 81 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 83. Normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais.

Un. Os expedientes de gasto e as ordes de pagamento conxuntas que se expidan para efectos de cumprirlos compromisos que se establecen nos tres artigos precedentes tramitaranse, simultaneamente, a favor das corporacións locais afectadas seguindo o mesmo procedemento contable e de execución previsto para a participación nos tributos do Estado, e o seu cumprimento, en canto á disposición efectiva de fondos, realizarase con carácter prioritario dunha soa vez, sen ningún fraccionamento, en períodos trimestrais ou mensuais e de forma que se produza, en cada caso, o pagamento conxunto e simultáneo das respectivas obrigas a tódolos perceptores en razón da data das correspondentes resolucións e en igualdade de condicións.

Decláranse de urxente tramitación:

Os expedientes de modificación de crédito con relación ós compromisos sinalados.

Os expedientes de gasto, vinculados ós compromisos de referencia, a que se refire a Orde do 27 de decembro de 1995.

Para estes efectos, deberán ser obxecto de acumulación as distintas fases do procedemento de xestión orzamentaria, adoptándose en igual medida procedementos especiais de rexistro contable das respectivas operacións.

Dous. Nos supostos previstos no número anterior, cando proceda a tramitación de expedientes de ampliación de crédito e para os efectos previstos no artigo 66 da Lei xeral orzamentaria, as solicitudes de incrementos de crédito xustificaranse, en todo caso, con base nas peticións adicionais formuladas polas corporacións locais afectadas.

Tres. As axudas que se recoñezan con cargo á sección 32, programa 912C, destinadas a corrixir situacións de desequilibrio financeiro das entidades locais, requirirán, previamente á súa concesión, a presentación dun plan de saneamento financeiro formulado pola corporación peticionaria e instrumentaranse mediante un convenio que subscribirán esta e o Ministerio de Economía e Facenda

Para os efectos do artigo 61.2.b) do Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, o convenio ó que se fai referencia no parágrafo anterior poderán ter carácter plurianual.

Catro. Os créditos habilitados no orzamento de gastos ós fins sinalados no número un anterior transferiranse coa periodicidade necesaria á conta extraorzamentaria correspondente, habilitada para estes efectos na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, en contía equivalente ás solicitudes presentadas polas corporacións locais, co fin de proceder ó pagamento simultáneo das obrigas correspondentes, unha vez que se dicten as resolucións pertinentes que dean orixe ó recoñecemento destas obrigas por parte do Estado.

Artigo 84. Anticipos a favor dos concellos por desfases na xestión recadatoria dos tributos locais.

Cando por circunstancias relativas á emisión dos padróns non se poida liquidar-lo imposto sobre bens inmoables antes do 1 de agosto do ano 2000, os concellos afectados poderán percibir do Tesouro Público anticipos á conta do mencionado imposto, co fin de salvagardar-las súas necesidades mínimas de tesourería, logo de autorización do Pleno da respectiva corporación.

Tales anticipos serán concedidos por solicitude dos respectivos municipios, logo do informe da Dirección Xeral do Catastro, e tramitaranse a través das delega-

cións provinciais de Economía e Facenda, as cales emitirán un informe e unha proposta de resolución para a súa definitiva aprobación pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais.

Na tramitación dos expedientes teranse en conta os seguintes condicionamentos:

a) Os anticipos non poderán exceder do 75 por 100 do importe da recadación previsible como imputable a cada padrón.

b) O importe anual que se lle anticipará a cada corporación mediante esta fórmula non excederá do dobre da última anualidade percibida por ela en concepto de participación nos tributos do Estado.

c) En ningún caso poderán solicitarse anticipos correspondentes a máis de dous períodos impositivos sucesivos con referencia a un mesmo tributo.

d) As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais e outros organismos públicos recadadores que, pola súa vez, realizen anticipos ós concellos de referencia, na forma prevista no artigo 130.2 da Lei reguladora das facendas locais, poderán ser perceptores da contía que corresponda do anticipo, ata o importe do efectivamente anticipado e co fin de poder cancelar en todo ou en parte as correspondentes operacións de tesourería, logo da oportuna xustificación.

e) Os anticipos concedidos estarán sometidos, se é o caso, ás mesmas retencións previstas na disposición adicional décimo cuarta da Lei reguladora das facendas locais.

Unha vez dictada a correspondente resolución definitiva, os anticipos libranse polo seu importe neto a favor dos concellos ou entidades a que se refire a alínea d) anterior por cuartas partes mensuais, a partir do día 1 de setembro de cada ano, e suspenderanse as correlativas entregas no mes seguinte a aquel en que se reparen as deficiencias sinaladas no parágrafo primeiro deste artigo.

Artigo 85. Información que subministrarán as corporacións locais.

Co fin de proceder tanto á liquidación definitiva das participacións dos concellos nos tributos do Estado como a distribuí-lo crédito destinado a subvencionar-la prestación dos servizos de transporte público colectivo urbano, as respectivas corporacións locais deberán facilitar, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda:

a) Antes do 30 de xuño do ano 2000, a seguinte documentación:

a.1) Unha certificación comprensiva da recadación líquida obtida en 1998 polo imposto sobre bens inmoables, o imposto de actividades económicas, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica e o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

a.2) Unha certificación comprensiva das bases impositibles deducidas dos padróns do ano 1998 correspondentes ó imposto sobre bens inmoables, de natureza urbana, e dos tipos esixibles no municipio nos tributos que se citan no parágrafo precedente.

a.3) Unha certificación das cotas esixibles no imposto de actividades económicas en 1998, incluída a incidencia da aplicación dos coeficientes a que se refiren os artigos 88 e 89 da Lei reguladora das facendas locais.

A Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais deberá proceder a dictar-la correspondente resolución na que estableza os modelos que conteñan o detalle da información necesaria.

Os municipios que non acheguen a documentación que se determina nas condicións sinaladas anteriormente aplicaráselles, se é caso caso, un módulo de ponderación equivalente ó 60 por 100 do esforzo fiscal medio aplicable ó municipio con menor coeficiente por este concepto, dentro do tramo de poboación en que se encadre, para efectos de practica-la liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado para o ano 2000.

b) Antes do 30 de xuño do ano 2000 e logo do requirimento dos servizos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, os documentos que a seguir se citan, co obxecto de proceder á distribución das axudas destinadas a financia-lo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, a que se fai referencia no artigo 80.

Primeiro. En tódolos casos, os datos analíticos cuantitativos e cualitativos sobre a xestión económica e financeira da empresa ou servizo, referidos ó exercicio de 1999, segundo o modelo definido pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais.

Segundo. Tratándose de servizos realizados pola propia entidade en réxime de xestión directa, certificado detallado das partidas de ingresos e gastos imputables ó servizo e dos déficits ou resultados reais producidos no exercicio de 1999.

Terceiro. Tratándose de servizos realizados en réxime de xestión directa por un organismo autónomo ou sociedade mercantil municipal, contas anuais do exercicio de 1999 da empresa ou organismo que desenvolva a actividade, debidamente autenticadas e auditadas, se é o caso, co detalle das operacións que corresponden ós resultados de explotación do transporte público colectivo urbano na área territorial do municipio respectivo.

Cuarto. Cando se trate de empresas ou particulares que presten o servizo en réxime de concesión ou calquera outra modalidade de xestión indirecta, igualmente o documento referido no número anterior.

Quinto. En calquera caso, documento oficial no que se recollan, actualizados, os acordos reguladores das condicións financeiras en que a actividade se realiza, no que consten as cantidades percibidas como achega do Ministerio de Economía e Facenda e das demais administracións públicas distintas á subvención a que se fai referencia no artigo 80 desta lei.

Sexto. En tódolos casos, xustificación de encontrarse a empresa, organismo ou entidade que preste o servizo ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social o 31 de decembro de 1999.

Os concellos que non cumprisen co envío da documentación na forma prevista neste artigo non se lles recoñecerá o dereito a percibi-la axuda destinada a financia-lo servizo de transporte público colectivo de viaxeiros por causa de interese xeral e co fin de evitar prexuízos financeiros ós demais perceptores.

Artigo 86. Retencións que se realizarán ás entidades locais en aplicación da disposición adicional décimo cuarta da Lei reguladora das facendas locais.

Un. As retencións que deban acordarse no ámbito de aplicación da disposición adicional décimo cuarta da Lei reguladora das facendas locais, serán realizadas pola Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais logo de solicitude do órgano competente que, en cada caso, teña atribuída a xestión recadatoria de acordo coa normativa específica aplicable.

Cando concorran na retención débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con elas,

se a contía de todas elas supera o límite das cantidades retidas, estas imputaranse ó pagamento das débedas a pro rata do seu respectivo importe.

Dous. Agás que a contía da débeda sexa inferior, a retención alcanzará un importe equivalente ó 50 por 100 da contía asignada á respectiva corporación, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual da participación nos tributos do Estado.

A retención poderá alcanzar ata o 100 por 100 cando se trate de débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que deberan ser retidas á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberían ter sido obxecto de retención.

En ámbolos casos, e sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte, a contía para reter no conxunto do exercicio poderá reducirse e, se é o caso, periodificarse segundo a situación de tesourería da entidade, cando se xustifique a existencia de graves desfases de tesourería xerados pola prestación de servizos necesarios e obrigatorios que afecten o cumprimento regular das obrigas de persoal ou a prestación dos servizos públicos obrigatorios e mínimos comúns a tódolos municipios e dos de protección civil, prestación de servizos sociais e extinción de incendios, na realización dos cales non se esixa, en todo caso, ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ó custo do servizo realizado.

Non obstante, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000 e agás que a contía da débeda sexa inferior, non será posible establecer con base no previsto no parágrafo anterior, unha porcentaxe de retención inferior ó 25 por 100 das entregas á conta e da liquidación definitiva, cando as entidades locais teñan pendentes de retención débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie ou de cantidades retidas ou que se deberían ter retido á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou deberan ter sido obxecto de retención.

Nos supostos en que a débeda naza como consecuencia do reintegro de anticipos de financiamento a cargo do Tesouro Público, a retención deberá adecuarse ás condicións fixadas na concesión do correspondente anticipo, xa sexa mediante a cancelación total do débito en forma singular ou en retencións sucesivas ata a concorrencia do crédito a favor da respectiva corporación e en orde á súa contía.

Tres. Nos supostos de redución da porcentaxe de retención a que se refire este artigo, a Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais dictará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garanti-la prestación dos servizos públicos obrigatorios. Na resolución fixarase o período de tempo en que o límite xeral deberá ser reducido á porcentaxe de retención que nela se sinala, podéndose condicionar tal redución á existencia dun plan de saneamento ou á adaptación, se é o caso, doutro en curso.

As resolucións que declaren a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen correspondenlle, en cada caso, ó órgano competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, producindo os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Catro. Devengarán xuros os pagamentos das obrigas tributarias das entidades locais que se realicen con posterioridade ó termo do prazo que inicialmente correspondese. O xuro aplicable será o xuro legal do diñeiro que en cada momento estea vixente.

Cinco. As entidades locais poderán presentar un plan específico de amortización das débedas tributarias estatais no que se estableza un programa de cancelación da débeda pendente. O plan comprenderá igualmente un compromiso relativo ó pagamento en período voluntario das obrigas tributarias correntes que no futuro se xeren.

Sempre que o plan presentado se considere viable e as entidades locais sufran graves desequilibrios financeiros que poñan en perigo a prestación dos servicios públicos obrigatorios, reducirase o xuro legal do diñeiro aplicable nun punto.

Así mesmo, as entidades locais poderán presentar un plan específico de cancelación das débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, no que se estableza un programa para a súa cancelación en condicións similares ás establecidas para débedas tributarias estatais e nel comprenderase tamén un compromiso relativo ó pagamento en prazo regulamentario das débedas por cotas e conceptos de recadación conxunta que no futuro se devenguen.

CAPÍTULO II

Comunidades autónomas

Artigo 87. *Porcentaxes de participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado para o quinquenio 1997-2001, aplicables en 1 de xaneiro do ano 2000.*

De conformidade co disposto no artigo 13 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e no modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, aprobado por acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 23 de setembro de 1996, apróbanse as seguintes porcentaxes de participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado para o quinquenio 1997-2001, aplicables en 1 de xaneiro do ano 2000:

a) As porcentaxes definitivas de participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas para o quinquenio 1997-2001, aplicables en 1 de xaneiro do ano 2000, son, para as comunidades autónomas que se relacionan, os seguintes:

Cataluña: 15.
Galicia: 15.
Asturias: 5.
Cantabria: 15.
La Rioja: 15.
Murcia: 15.
Valencia: 15.
Aragón: 15.
Canarias: 15.
Illes Balears: 15.
Madrid: 10.
Castilla y León: 15.

b) As porcentaxes definitivas de participación das comunidades autónomas nos ingresos xerais do Estado para o quinquenio 1997-2001, aplicables en 1 de xaneiro do ano 2000, son, para as comunidades autónomas que se relacionan, os seguintes:

Cataluña: 0,6018842.
Galicia: 0,9659995.
Asturias: 0,0051549.
Cantabria: 0,1764212.

La Rioja: 0,0707610.
Murcia: 0,3126853.
Valencia: 0,6236465.
Aragón: 0,2357855.
Canarias: 0,5328196.
Illes Balears: 0,0900466.
Madrid: 0,2855747.
Castilla y León: 0,8476505.

Artigo 88. *Entregas á conta da participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado.*

Un. O financiamento provisional durante o ano 2000, por participación nos ingresos do Estado, daquelas comunidades autónomas das que as súas respectivas comisións mixtas adoptaron o modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, aprobado no acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira o 23 de setembro de 1996, efectuado dotando no respectivo servicio, en cadanseu concepto, dous créditos correspondentes ó importe das entregas á conta que resultan para os mecanismos seguintes:

1.º Tramo da participación da comunidade autónoma nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.º Tramo da participación da comunidade autónoma nos ingresos xerais do Estado.

Dous. Os créditos orzamentarios destinados ó financiamento do tramo da participación das comunidades autónomas nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondentes ás «entregas á conta» determinadas segundo a regra 8.ª do epígrafe 3.8.1 do modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, son para cada comunidade autónoma os que se inclúen na sección 32, «Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais» —«Participación nos ingresos territoriais do Estado polo IRPF»— Programa 911-B. Estes créditos orzamentarios faránselles efectivos ás comunidades autónomas por doceavas partes mensuais.

Tres. Os créditos orzamentarios destinados ó financiamento do tramo da participación das comunidades autónomas nos ingresos xerais do Estado, correspondentes ás «entregas á conta» determinadas de acordo coas regras establecidas no epígrafe 3.8.2 do modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o 23 de setembro de 1996, son para cada Comunidade Autónoma os que se inclúen na sección 32, «Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais» —«Participación nos ingresos xerais do Estado»— Programa 911-B. Estes créditos orzamentarios faránselles efectivos ás comunidades autónomas por doceavas partes mensuais.

Artigo 89. *Liquidación definitiva da participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado.*

Un. A liquidación definitiva do tramo de participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas para o ano 2000, de cada comunidade autónoma, realizarase de acordo coas seguintes regras:

1.ª Segundo o previsto no modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autóno-

mas no quinquenio 1997-2001, cando se dispoña das cifras definitivas dos termos que integran o seu cálculo, por aplicación da fórmula seguinte:

$$\text{Pir}_i(2000) = \text{Pir}_i(1996) \cdot \text{IEirpf}_i(2000) / \text{IEirpf}_i(1996) \cdot 0,85$$

onde:

$\text{Pir}_i(2000)$ = O importe definitivo resultante para o tramo de participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas da comunidade i no ano 2000.

$\text{Pir}_i(1996)$ = O valor definitivo do tramo de participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas da comunidade autónoma e vixente no ano 2000, en valores do ano base 1996.

$\text{IEirpf}_i(2000)$ = Os ingresos do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, computables para o ano 2000, achegados polos declarantes residentes no territorio da comunidade i , determinados con iguais criterios ós aplicados na regra 4.^a do epígrafe 3.7 do modelo do sistema de financiamento das comunidades autónomas para o quinquenio 1997-2001.

$\text{IEirpf}_i(1996)$ = Os ingresos do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, computables para o ano 1996, achegados polos declarantes residentes no territorio da comunidade i , determinados con iguais criterios ós aplicados na regra 4.^a do epígrafe 3.7 do modelo do sistema de financiamento das comunidades autónomas para o quinquenio 1997-2001; o coeficiente 0,85 ten por obxecto homoxeneiza-lo valor deste termo respecto ó do ano 2000, xa que en 1996 o Estado percibe o 100 por 100 do imposto e neste ano soamente o 85 por 100.

2.^a A liquidación definitiva da participación das comunidades autónomas nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas para o ano 2000 realizarase por diferenza entre o financiamento definitivo que resulte para cada comunidade autónoma e as entregas á conta realizadas no ano 2000.

3.^a O saldo que dea a liquidación definitiva para cada comunidade autónoma engadirase ó que resulte da liquidación definitiva da participación en ingresos xerais do Estado, correspondente ó mesmo exercicio, e farase efectivo ou compensarase, segundo proceda, de forma conxunta.

Dous. A liquidación definitiva do tramo da participación nos ingresos xerais do Estado para o ano 2000 efectuarase conxuntamente coa liquidación definitiva do tramo da participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a este mesmo ano, cando se dispoña das cifras definitivas dos termos que integran o cálculo desta última, segundo as seguintes regras:

1.^a Cos datos da liquidación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2000 e, de conformidade co previsto no modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, a liquidación da participación nos ingresos

xerais do Estado realizarase de acordo coa seguinte fórmula, aplicando os valores definitivos das variables que integran o seu cálculo:

$$\text{Fig}'_i(2000) = \text{PPI}_i(q_{00}) \cdot \text{ITAE}(2000)$$

onde:

$\text{Fig}'_i(2000)$ = O importe do financiamento definitivo que corresponde a cada comunidade autónoma no exercicio 2000.

$\text{PPI}_i(q_{00})$ = Porcentaxe de participación definitiva para o quinquenio vixente no ano 2000.

$\text{ITAE}(2000)$ = A suma da recadación líquida polos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado polos impostos directos e indirectos (excluídos os susceptibles de cesión), as cotas da Seguridade Social e as cotizacións ó desemprego.

2.^a A liquidación definitiva da participación das comunidades autónomas nos ingresos xerais do Estado para o ano 2000 realizarase por diferenza entre o financiamento definitivo que resulte para cada comunidade autónoma e as entregas á conta realizadas no ano 2000.

3.^a O saldo que dea a liquidación definitiva para cada comunidade Autónoma engadiráselle o saldo da liquidación definitiva do tramo da participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas para o ano 2000 da mesma comunidade autónoma. Cando o saldo resultante sexa acredor, a favor da comunidade, farase efectivo nos quince días seguintes á práctica da liquidación e, en todo caso, antes de remata-lo terceiro trimestre do ano 2002, con cargo ó crédito que para tal efecto se habilitará na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2002.

Se da liquidación definitiva, nos supostos expresados no parágrafo anterior, resultase saldo debedor para algunha comunidade autónoma, seralle compensado na primeira entrega á conta que se lle efectúe pola súa participación en ingresos xerais do Estado, e se non fose abondo, pola súa participación nos ingresos territoriais do imposto sobre a renda das persoas físicas ou nas entregas á conta seguintes, ata a súa total cancelación.

Artigo 90. *Financiamento no ano 2000 das comunidades autónomas ás que non lles sexa de aplicación o modelo do sistema de financiamento para o quinquenio 1997-2001.*

Un. Para as comunidades autónomas nas que as súas respectivas comisións mixtas no adoptasen acordo sobre o sistema de financiamento que lles é aplicable no ano 2000, os créditos orzamentarios destinados ó seu financiamento, correspondentes ó 98 por 100 de «entregas á conta» da súa participación nos ingresos do Estado fixadas de acordo co método para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1992-1996, aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o 20 de xaneiro de 1992, son para cada comunidade autónoma os que se inclúen na sección 32, «Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais»-«Participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado»-Programa 911-B.

Dous. Os créditos mencionados no número anterior faránselles efectivos ás comunidades autónomas por doceavas partes mensuais.

Tres. A liquidación definitiva realizarase de acordo co sistema de financiamento adoptado, ou o que se adopte durante o ano 2000, para estas comunidades autónomas, por acordo da súa respectiva comisión mixta.

Artigo 91. Liquidación definitiva da participación das comunidades autónomas nos ingresos do Estado de exercicios anteriores.

Para a práctica da liquidación definitiva a que se refire o artigo 84 da Lei 65/1997, do 30 de decembro, habílitase un crédito na sección 32, programa 911-B, servizo 18-Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais. Varias-«Liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado correspondente a exercicios anteriores (Crédito a transferir ós distintos servizos desta sección)», de 17.885.169,8 miles de pesetas.

Artigo 92. Transferencias a comunidades autónomas correspondentes ó custo dos novos servizos traspaados.

Se a partir do 1 de xaneiro do ano 2000 se efectúan novas transferencias de servizos ás comunidades autónomas, os créditos correspondentes ó seu custo efectivo situarase na sección 32, programa 911-A, «Transferencias a comunidades autónomas por custo dos servizos asumidos», en conceptos distintos dos correspondentes ós créditos da participación nos ingresos do Estado, que serán determinados no seu momento pola Dirección Xeral de Orzamentos.

Para estes efectos, os reais decretos que aproben as novas transferencias de servizos cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Data na que a Comunidade Autónoma debe asumir efectivamente a xestión do servizo transferido.
- b) O financiamento anual, en pesetas do exercicio 2000, desagregado nos diferentes capítulos de gastos que abrangan.
- c) O financiamento, en pesetas do exercicio 2000, que corresponda desde a data fixada na letra a) precedente ata 31 de decembro do ano 2000, desagregada nos distintos conceptos orzamentarios que comprenda. A contía total deste financiamento coincidirá co importe do correspondente expediente de modificación orzamentaria.
- d) A valoración definitiva en pesetas do ano base, correspondente ó custo efectivo anual do mesmo, para efectos da súa posterior consolidación para futuros exercicios económicos.

Artigo 93. Aplicación do Fondo de Garantía do Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas para o quinquenio 1997-2001.

Un. De conformidade cos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 23 de setembro de 1996 e 27 marzo de 1998, relativos ó Fondo de Garantía do Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas para o quinquenio 1997-2001, dótase na sección 32, programa 911-B, servizo 18-Dirección Xeral de Coordinación coas Facendas Territoriais. Varias-. Para a aplicación do Fondo de Garantía, o crédito correspondente á previsión da liquidación para 1998 do dito fondo para as comunidades autónomas que adoptaron o modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, que se efectuará, simultaneamente á das súas liquidacións definitivas da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e dos dous tramos da participación nos ingresos do Estado do dito exercicio, conforme as seguintes regras:

1.^a Realizarase, en primeiro lugar, para cada comunidade autónoma, a liquidación correspondente á garan-

tía do «Límite mínimo de evolución dos recursos polo imposto sobre a renda das persoas físicas», do modo seguinte:

a) Determinarase o importe resultante de multiplicalo índice de incremento do PIB nominal, ó custo dos factores, entre 1996 e 1998, pola suma dos recursos correspondentes á tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e da participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, en valores do ano 1996, aplicable en 1 de xaneiro de 1998.

b) Do importe resultante da letra a) precedente, restarase a suma dos importes dados polos valores definitivos para 1998 da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e a participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, segundo as respectivas liquidacións.

No caso de que algunha comunidade autónoma exercese a potestade normativa en relación co imposto sobre a renda das persoas físicas, en lugar do importe dado polo rendemento da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, computarase o que resultase se non exercese esa potestade.

c) Ó resultado obtido na alínea b) anterior sumáraselle, co seu signo, o saldo resultante, para 1997, da práctica das operacións sinaladas nas alíneas a) e b) anteriores.

d) Se o resultado obtido na alínea c) anterior é cero ou negativo, e no ano precedente o Estado non lle pagase ningunha cantidade á comunidade autónoma con cargo ó fondo, non producirá efectos. No caso de o Estado lle ter satisfeito á comunidade autónoma algunha cantidade no ano precedente, con cargo ó fondo, compenarase esa cantidade co resultado da práctica da liquidación das restantes garantías do fondo, e se non fose abondo, co saldo resultante da liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado correspondente a 1998.

Se o resultado obtido na alínea c) anterior é positivo, a comunidade autónoma percibirá, con cargo ó Fondo de Garantía, ese resultado minorado, se é o caso, no importe pagado polo Estado no ano anterior, con cargo ó mesmo fondo.

2.^a Realizarase a seguir, para cada comunidade autónoma, a liquidación correspondente á garantía de «Evolución da participación nos ingresos xerais do Estado», do modo seguinte:

a) Determinarase o importe resultante de multiplicalo índice de incremento do PIB nominal, ó custo dos factores, entre 1996 e 1998, polo financiamento que lle corresponde pola participación nos ingresos xerais do Estado, en valores do ano 1996, aplicable en 1 de xaneiro de 1998.

b) Do importe resultante da letra a) precedente restarase o importe dado polo valor definitivo para 1998 da súa participación nos ingresos xerais do Estado, segundo a respectiva liquidación.

c) Ó resultado obtido na alínea b) anterior sumáraselle, co seu signo, o saldo resultante, para 1997, da práctica das operacións sinaladas nas alíneas a) e b) anteriores.

d) Se o resultado obtido na alínea c) anterior é cero ou negativo, e no ano precedente o Estado non lle pagase ningunha cantidade á comunidade autónoma con cargo ó fondo, non producirá efectos. No caso de o Estado lle ter satisfeito á comunidade autónoma algunha cantidade no ano precedente, con cargo ó fondo, procederase a compenar esa cantidade co resultado da práctica da liquidación das restantes garantías do fondo, e

se non fose abondo, co saldo resultante da liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado correspondente a 1998.

Se o resultado obtido na alínea c) anterior é positivo, a comunidade autónoma percibirá, con cargo ó Fondo de Garantía, o dito resultado minorado, se é o caso, no importe pagado polo Estado no ano anterior, con cargo ó mesmo fondo.

3.^a Realizarase a seguir a liquidación correspondente á garantía de «Suficiencia dinámica», do modo seguinte:

a) Determinarase o índice resultante da seguinte fórmula:

$$\text{Índice} = 1 + [(\Sigma F_{97,98} / \Sigma F_{96,97,98}) - 1] 0,9$$

Onde $F_{97,98}$ representa a suma dos recursos obtidos en 1997 e 1998, polo conxunto de tódalas comunidades autónomas que adoptaron o modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001, polos valores definitivos da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e os dos tramos da participación nos ingresos do Estado, e $F_{96,97,98}$ a suma dos valores no ano 1996, aplicables en 1 de xaneiro de 1997 e de 1998, dos mesmos mecanismos financeiros.

Obtido o índice anterior, multiplicarase pola suma do financiamento de cada comunidade autónoma polos citados mecanismos financeiros, en 1 de xaneiro de 1997 e de 1998, en valores do ano 1996.

b) Do importe resultante da letra a) precedente restaranse, para cada comunidade autónoma, os importes das liquidacións definitivas para 1997 e 1998 da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e dos seus dous tramos da participación nos ingresos do Estado, e os importes positivos das liquidacións para 1998 das dúas aplicacións do Fondo de Garantía reguladas nas regras 1.^a e 2.^a precedentes.

c) Se a diferenza obtida na alínea b) anterior é cero ou negativa, e no ano precedente o Estado non lle pagase ningunha cantidade á comunidade autónoma con cargo á garantía non producirá efecto. En caso de o Estado lle ter pagado á comunidade autónoma algunha cantidade no ano precedente, con cargo á garantía, compensarase esta cantidade co resultado da práctica da liquidación das restantes garantías do fondo, e se non fose abondo, co saldo resultante da liquidación definitiva da participación nos ingresos do Estado correspondente a 1998.

Se a diferenza obtida na alínea b) anterior é positiva, a comunidade autónoma percibirá, con cargo á garantía, o importe desa diferenza, minorado, se é o caso, no importe pagado polo Estado no ano anterior, con cargo a ela.

Dous. No exercicio 2000 as comunidades autónomas que adoptaron o modelo para a aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas no quinquenio 1997-2001 disporán dun anticipo de tesourería, á conta da garantía no dito ano, do «Límite mínimo de evolución dos recursos por imposto sobre a renda das persoas físicas», que lles será feito efectivo de acordo coas seguintes regras:

1.^a Determinarase o importe resultante de multiplicalo índice de incremento do PIB nominal, ó custo dos factores, entre os anos 1996 e 2000, pola suma dos recursos correspondentes á tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e da participación nos ingresos territoriais do Estado polo imposto sobre a renda das persoas físicas, en valores do ano 1996, aplicable en 1 de xaneiro do ano 2000, polo coeficiente 0,98.

2.^a Do importe resultante da regra 1.^a precedente restarase a suma das entregas á conta por ambos mecanismos, que se determinasen para o ano 2000.

3.^a O resultado obtido na regra 2.^a anterior sumáraselle, co seu signo, o saldo resultante, para 1999, da práctica das operacións das regras 1.^a e 2.^a anteriores.

4.^a Se o resultado obtido na regra 3.^a anterior é cero ou negativo, non producirá efectos.

Se o resultado obtido na regra 3.^a anterior é positivo, a comunidade autónoma percibirá, como anticipo de tesourería, ese resultado minorado, se é o caso, no anticipo pagado polo Estado no ano anterior.

5.^a O importe do anticipo farase efectivo por doceavas partes mensuais.

6.^a O anticipo cancelarase cando se practique a liquidación para o ano 2000 da garantía do «Límite mínimo de evolución dos recursos por imposto sobre a renda das persoas físicas», con cargo ó importe dela se resulta positivo.

Cando a liquidación para o ano 2000 da garantía do «Límite mínimo de evolución dos recursos por imposto sobre a renda das persoas físicas» dea para unha comunidade autónoma importe negativo ou, sendo positivo, resulte insuficiente para cancela-lo anticipo de tesourería recibido, a parte non cancelada deste compensarase cos saldos acredores resultantes das liquidacións definitivas para o ano 2000 da tarifa complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas e dos dous tramos da participación nos ingresos do Estado.

Se o importe dos citados saldos non resultase suficiente para cancela-lo anticipo compensarase na primeira entrega á conta que se efectúe á comunidade autónoma con cargo ós créditos dotados ó seu favor na sección 32, no mes seguinte á práctica das liquidacións anteriormente citadas, e se non fose abondo, nas seguintes.

Artigo 94. Fondo de Compensación Interterritorial.

Uno. O Fondo de Compensación Interterritorial réxese pola Lei 29/1990, do 26 de decembro, e polo acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 20 de xaneiro de 1992.

Dous. Para o exercicio do ano 2000, a porcentaxe á que se refire o artigo 2.3 da Lei 29/1990, do 26 de decembro, é o de 39,66935 por 100.

Tres. Este fondo, dotado por importe de 141.471 millóns de pesetas para o exercicio 2000, a través dos créditos que figuran na sección 33, destinarase a financiarlos proxectos que se encontran no anexo desta sección.

Catro. No exercicio do ano 2000 serán beneficiarias do fondo as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Asturias, Cantabria, Murcia, Valencia, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura e Castilla y León, de acordo coa disposición transitoria terceira da Lei 29/1990, do 26 de decembro.

Cinco. Os remanentes de crédito do Fondo de Compensación Interterritorial de exercicios anteriores incorporaranse automaticamente ó orzamento do ano 2000 á disposición da mesma Administración á que correspondía a execución dos proxectos en 31 de decembro de 1999.

Seis. Entremetres os remanentes de créditos orzamentarios de exercicios anteriores se incorporan ó vixente, o Ministerio de Economía e Facenda poderá efectuar anticipos de tesourería ás comunidades autónomas por un importe igual ás peticións de fondos efectuadas por aquelas «á conta» dos recursos que teñan que percibir unha vez que se efectúe a antedita incorporación.

Os anticipos deberán quedar reembolsados antes de finaliza-lo exercicio económico.

TÍTULO VIII

Cotizacións sociais

Artigo 95. *Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2000.*

As bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, a partir do 1 de xaneiro de 2000, serán as seguintes:

Un. Topes máximo e mínimo das bases de cotización á Seguridade Social.

1. O tope máximo da base de cotización en cada un dos réximes da Seguridade Social que o teñan establecido, queda fixado, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, na contía de 407.790 pesetas mensuais.

2. De acordo co establecido no número 2 do artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, durante o ano 2000, as bases de cotización nos réximes da Seguridade Social e respecto das contingencias que se determinan neste artigo, terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, agás disposición expresa en contrario.

Dous. Bases e tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.

1. As bases mensuais de cotización para tódalas contingencias e situacións protexidas polo réxime xeral da Seguridade Social, exceptuadas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estarán limitadas, para cada grupo de categorías profesionais, polas bases mínimas e máximas seguintes:

— As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, incrementaranse, desde o 1 de xaneiro do ano 2000 e respecto das vixentes en 1999, na mesma porcentaxe en que aumente o salario mínimo interprofesional.

— As contías das bases máximas durante o ano 2000 serán as seguintes:

— Dos grupos 1.º ó 4.º, ambos inclusive, 407.790 pesetas mensuais.

— Dos grupos 5.º ó 11, ambos inclusive, 369.750 pesetas mensuais ou 12.325 pesetas diarias.

2. Os tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social serán, durante o ano 2000, os seguintes:

a) Para as contingencias comúns o 28,30 por 100, sendo o 23,6 por 100 a cargo da empresa e o 4,7 por 100 a cargo do traballador.

b) Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse, reducidos nun 10 por 100, as porcentaxes da tarifa de primas aprobada polo Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

3. Durante o ano 2000, para a cotización adicional por horas extraordinarias establecida no artigo 111 da Lei xeral da Seguridade Social aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

— Cando se trate das horas extraordinarias motivadas por forza maior, o 14 por 100, do que o 12 por 100 será a cargo da empresa e o 2 por 100 a cargo do traballador.

— Cando se trate das horas extraordinarias non comprendidas no parágrafo anterior, o 28,30 por 100, do que o 23,6 por 100 será a cargo da empresa e o 4,7 por 100 a cargo do traballador.

4. Non obstante o previsto no número dous.1 deste artigo, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, a base máxima de cotización por contingencias comúns aplicable ós representantes de comercio será de 299.100 pesetas mensuais.

Os representantes de comercio que, a 31 de decembro de 1999, viñesen cotizando por unha base que exceda da base máxima a que se refire o parágrafo anterior, poderán, durante o ano 2000, manter aquela ou incrementala na mesma porcentaxe en que aumentasen as bases máximas de cotización no réxime xeral. A parte de cota que corresponda ó exceso da base elixida sobre a base máxima fixada no parágrafo anterior será da exclusiva responsabilidade do representante de comercio.

5. Para efectos de determinar, durante o ano 2000, as bases máximas de cotización por contingencias comúns dos artistas, aplicarase o seguinte:

5.1 As bases máximas de cotización, segundo os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais, serán:

Dos grupos 1.º ó 4.º, ambos inclusive, 407.790 pesetas mensuais.

Dos grupos 5.º e 7.º, 369.750 pesetas mensuais.

O límite máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola suma das bases mensuais máximas.

5.2 O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, tendo en conta as bases e o límite máximos establecidos no punto anterior, fixará as bases de cotización para determina-las liquidacións provisionais dos artistas, a que se refire a alínea b) do número 5 do artigo 32 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

6. Para efectos de determinar, durante o ano 2000, as bases máximas de cotización por contingencias comúns dos profesionais taurinos, aplicarase o seguinte:

6.1 As bases máximas de cotización, para os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais, serán:

Grupo de cotización	Pesetas/mes
1	407.790
2	399.870
3	392.070
7	325.350

O límite máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e determinarase pola suma das bases mensuais máximas correspondentes a cada grupo de cotización no que cada categoría profesional estea encadrada.

6.2 O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, tendo en conta as bases e o límite máximos establecidos no número anterior, fixará as bases de cotización para determina-las liquidacións provisionais dos profesionais taurinos, a que se refire a alínea b) do número 5 do artigo 33 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

6.3 Os profesionais taurinos que, a 31 de decembro de 1999, viñesen cotizando por unha base que exceda da máxima a que se refire o número 6.1, poderán, durante o ano 2000, manter aquela ou incrementalala na mesma porcentaxe en que aumentasen as bases máximas de cotización no réxime xeral. A parte de cota que corresponda ó exceso da base elixida sobre a base máxima de cotización establecida para cada categoría profesional, correrá a cargo exclusivo do profesional taurino.

Tres. Cotización no réxime especial agrario.

1. Durante o ano 2000, as bases de cotización dos traballadores por conta allea incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, para os grupos de cotización en que se encadren as diferentes categorías profesionais, serán as seguintes:

Grupo de cotización	Pesetas/mes
1	128.850
2	106.890
3	92.940
4	86.250
5	86.250
6	86.250
7	86.250
8	86.250
9	86.250
10	86.250
11	86.250

A base de cotización dos traballadores por conta propia será, durante o ano 2000, de 91.740 pesetas mensuais.

2. Durante o ano 2000, o tipo de cotización respecto dos traballadores por conta allea incluídos neste réxime especial será o 11,5 por 100 e respecto dos traballadores por conta propia será o 18,75 por 100.

3. As bases diarias de cotización por xornadas reais, correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea serán, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Base diaria de cotización — Pesetas
1	Enxeñeiros e licenciados persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores	5.732
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados	4.754
3	Xefes administrativos e de taller	4.133
4	Axudantes non titulados	3.837
5	Oficiais administrativos	3.837
6	Subalternos	3.837
7	Auxiliares administrativos	3.837
8	Oficiais de primeira e segunda	3.837
9	Oficiais de terceira e especialistas ...	3.837
10	Traballadores maiores de dezaioito anos non cualificados	3.837
11	Traballadores menores de dezaioito anos, calquera que sexa a súa categoría profesional	3.837

A cotización por cada xornada real obterase aplicando o 15,5 por 100 á base de cotización sinalada no cadro anterior.

4. Na cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicarase o establecido no Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro. Non obstante, as empresas que, con anterioridade ó 26 de xaneiro de 1996, viñesen cotizando pola modalidade de cotas por hectáreas poderán manter, durante o exercicio do ano 2000, esta modalidade de cotización.

A cotización, para efectos de continxencias profesionais, dos traballadores agrarios por conta propia, levarase a cabo aplicando á base de cotización o 1 por 100.

5. A cotización respecto dos traballadores por conta propia, para efectos da mellora voluntaria da incapacidade temporal, levarase a cabo aplicando á base de cotización o tipo do 2,7 por 100, do que o 2,2 por 100 corresponderá a continxencias comúns e o 0,5 por 100 a continxencias profesionais.

Catro. Cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, as bases mínima e máxima e os tipos de cotización serán, desde o 1 de xaneiro do ano 2000, os seguintes:

1. A base máxima de cotización será de 407.790 pesetas mensuais. A base mínima de cotización será de 116.160 pesetas mensuais.

2. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro do ano 2000, teñan unha idade inferior a 50 anos, será a elixida por eles dentro das bases máxima e mínima fixadas no número anterior.

A elección da base de cotización polos traballadores autónomos que, a 1 de xaneiro do ano 2000, tivesen 50 ou máis anos cumpridos, estará limitada á contía de 219.000 pesetas mensuais, agás que, con anterioridade, viñesen cotizando por unha base superior; neste caso, poderán mante-la dita base de cotización ou incrementalala, como máximo, na mesma porcentaxe en que aumentase a base máxima de cotización a este réxime.

3. O tipo de cotización neste réxime especial da Seguridade Social será o 28,3 por 100. Cando o interesado non se teña acollido á protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 26,5 por 100.

Cinco. Cotización no réxime especial de empregados de fogar.

No réxime especial da Seguridade Social de empregados de fogar, a base e tipo de cotización serán, a partir de 1 de xaneiro do ano 2000, os seguintes:

1. A base de cotización será de 86.250 pesetas mensuais.

2. O tipo de cotización neste réxime será o 22 por 100, sendo o 18,3 por 100 a cargo do empregador e o 3,7 por 100 a cargo do traballador. Cando o empregado de fogar preste servicios con carácter parcial ou discontinuo a un ou máis empregadores, será do seu exclusivo cargo o pagamento da cota correspondente.

Seis. Cotización no réxime especial dos traballadores do mar.

1. O establecido nos números un e dous deste artigo será de aplicación no réxime especial dos traballadores do mar, sen prexuízo, se é o caso, e para a cotización por continxencias comúns, do disposto no artigo 19.6 do texto refundido das Leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e do que se establece no número seguinte.

2. A cotización para tódalas continxencias e situacións protexidas neste réxime especial dos traballadores

do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 19.5 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

As bases que se determinen serán únicas, sen que poidan ser inferiores nin superiores ás que se establezan para as distintas categorías profesionais, de conformidade co disposto no número 1 do punto dous deste artigo.

Sete. Cotización no réxime especial da minería do carbón.

1. A partir do 1 de xaneiro do ano 2000, a cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minería do carbón determinarase mediante a aplicación do previsto no número dous, sen prexuízo de que, para efectos da cotización por continxencias comúns, as bases de cotización se normalicen de acordo coas seguintes regras:

Primeira.—Terase en conta o importe das remuneracións percibidas ou que tivesen dereito a percibi-los traballadores, computables para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 1999, ambos inclusive.

Segunda.—Estas remuneracións totalizaranse agrupándoas por categorías, grupos profesionais e especialidades profesionais e zonas mineiras, tendo en conta o disposto no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

Os importes obtidos, así totalizados, dividiranse pola suma dos días a que correspondan, e o resultado redondearase a cero ou cinco, por exceso.

Terceira.—Este resultado constituirá a base normalizada diaria de cotización por continxencias comúns, o importe da cal non poderá ser inferior ó fixado para o exercicio inmediatamente anterior, nin superior á cantidade resultante de elevar a contía anual o tope máximo de cotización establecido no número 1 do punto un e dividilo polos días naturais do ano 2000, redondeada, por exceso, a cero ou cinco.

Cuarta.—A cotización pola diferenza que exista entre a base normalizada de cotización e a base máxima por continxencias comúns correspondente ó grupo de cotización en que está encadrada a categoría ou especialidade profesional, conforme o previsto no número 1 do punto dous deste artigo, de ser aquela superior, efectuarase mediante a aplicación do coeficiente que estableza, para o exercicio do ano 2000, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais fixará a contía das bases normalizadas, mediante a aplicación das regras previstas no número anterior.

Oito. Base de cotización á Seguridade Social na situación de desemprego.

1. Durante a situación legal de desemprego, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos que exista obriga legal de cotizar, será equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por continxencias comúns ou, de se-lo caso, polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de

desemprego ou ó momento en que cesou a obriga legal de cotizar.

2. O proseguimento da prestación por desemprego, nos supostos de suspensión do dereito, suporá o proseguimento da obriga de cotizar pola base de cotización correspondente ó momento do nacemento do dereito.

Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do número 3 do artigo 210 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, o traballador opte por reabri-lo dereito inicial polo período que lle faltaba, e as bases e tipos de cotización que lle correspondían, a base de cotización á Seguridade Social, durante a percepción da dita prestación, será a correspondente ó dereito inicial polo que opta.

Nove. Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional.

A cotización polas continxencias de desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional levarase a cabo, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, de acordo co que a seguir se sinala:

1. A base de cotización polas continxencias citadas e en tódolos réximes da Seguridade Social que teñan cubertas estas, será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As bases de cotización para desemprego no réxime especial dos traballadores do mar será tamén de aplicación o disposto no artigo 19.6 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e nas normas de desenvolvemento deste precepto, sen prexuízo do sinalado no número seis deste artigo.

Como base de cotización para desemprego que corresponde polos traballadores por conta allea de carácter fixo, incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, manterase a establecida no artigo 6.1 do Real decreto 1469/1981, do 19 de xuño. Así mesmo, a base de cotización para determina-las achegas ó Fondo de Garantía Salarial polos traballadores por conta allea incluídos no réxime especial agrario virá constituída pola correspondente base mensual de cotización por xornadas reais, á que se refire o número tres deste artigo.

2. A partir do 1 de xaneiro do ano 2000, os tipos de cotización serán os seguintes:

2.1 Pola continxencia de desemprego:

2.1.1 Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos descontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos, de relevo, interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores discapacitados: o 7,55 por 100, do que o 6,0 por 100 será a cargo do empresario e o 1,55 por 100 a cargo do traballador.

2.1.2 Contratación de duración determinada:

2.1.2.1 Contratación de duración determinada a tempo completo: 8,3 por 100, do que o 6,7 por 100 será a cargo do empresario e o 1,6 por 100 a cargo do traballador.

2.1.2.2 Contratación de duración determinada a tempo parcial: 9,3 por 100, do que o 7,7 por 100 será a cargo do empresario e o 1,6 por 100 a cargo do traballador.

Cando a contratación de duración determinada, a tempo completo ou parcial, se realice por empresas de traballo temporal para poñer a disposición das empresas usuarias ós traballadores contratados: 9,3 por 100, do que o 7,7 por 100 será a cargo do empresario e o 1,6 por 100 a cargo do traballador.

Non obstante, o Goberno, como consecuencia da evolución do mercado de traballo e especificamente á vista do aumento da estabilidade no emprego, poderá reducir,

logo de consulta cos interlocutores sociais, os tipos de cotización ó desemprego recollidos no parágrafo anterior.

2.2 Para a cotización ó Fondo de Garantía Salarial, o 0,4 por 100 a cargo exclusivo da empresa.

2.3 Para a cotización por formación profesional, o 0,7 por 100, do que o 0,6 por 100 será a cargo da empresa e o 0,1 por 100 a cargo do traballador.

Dez. Cotización nos contratos para a formación e de aprendizaxe.

Durante o ano 2000, a cotización polos traballadores que subscribisen un contrato para a formación, ou de aprendizaxe con anterioridade ó 17 de maio de 1997, realizarase de acordo co seguinte:

a) A cotización á Seguridade Social consistirá nunha cota única mensual, nos seguintes termos:

— Nos contratos para a formación, 4.760 pesetas por continxencias comúns, das que 3.969 pesetas serán a cargo do empresario e 791 pesetas a cargo do traballador. Nos contratos de aprendizaxe, 3.885 pesetas por continxencias comúns, das que 3.240 pesetas serán a cargo do empresario e 645 pesetas a cargo do traballador.

— En ámbalas modalidades de contratos, 546 pesetas por continxencias profesionais, a cargo do empresario.

b) A cota mensual ó Fondo de Garantía Salarial será de 304 pesetas, a cargo do empresario.

c) A cotización por formación profesional consistirá nunha cota mensual de 168 pesetas, das que 145 pesetas serán a cargo do empresario e 23 pesetas a cargo do traballador.

d) As retribucións percibidas en concepto de horas extraordinarias estarán suxeitas á cotización adicional a que se refire o número dos.3 deste artigo.

Once. Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dicta-las normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste artigo.

Artigo 96. *Cotización ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2000.*

Un. Os tipos de cotización e de achega do Estado ó réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), a que se refire a Lei 29/1975, do 27 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 14 da citada disposición, serán as seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en MUFACE, fíxase no 1,69 por 100 sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 43 da Lei 29/1975, representará o 5,17 por 100 dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Deste tipo do 5,17 o 5,07 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,10 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. Os tipos de cotización e de achega do Estado ó réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), a que se refire a Lei 28/1975, do 27 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 13 da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado no ISFAS, fíxase no 1,69 por 100 sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado regulada no artigo 36 da Lei 28/1975, representará o 9,06 por 100 dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Deste tipo do 9,06 o 5,07 corresponde á achega do Estado por activo e o 3,99 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. Os tipos de cotización e de achega do Estado ó réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios da Administración de Xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU), a que se refire o Real decreto lei 16/1978, do 7 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 10 da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de Xustiza en activo e asimilado, integrado en MUXEXU, fíxase no 1,69 por 100 sobre os haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 13 do Real decreto lei 16/1978, representará o 5,61 por 100 dos haberes reguladores para efectos de cotización de dereitos pasivos. Deste tipo do 5,61 o 5,07 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,54 á achega por pensionista exento de cotización.

Disposición adicional primeira. *Seguimento de obxectivos.*

Os programas e actuacións ós que lles será de especial aplicación durante o ano 2000 o sistema previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, serán, calquera que sexa o axente do sector público estatal que os execute ou xestione, os seguintes:

Centros e institucións penitenciarias

Tribunais de Xustiza e Ministerio Fiscal.

Seguridade vial.

Atención especializada, INSALUD, xestión directa.

Atención primaria de saúde, INSALUD, xestión directa.

Xestión e infraestructura de recursos hidráulicos.

Infraestructura do transporte ferroviario.

Creación de infraestructura de estradas.

Plan Nacional de Regas.

Investigación científica.

Investigación técnica.

Investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego.

Tamén será de aplicación o sistema de seguimento especial, previsto nesta disposición, ós obxectivos establecidos nos plans de actuacións dos entes públicos Portos do Estado, Autoridades Portuarias e Aeroportos Españóis e Navegación Aérea.

Disposición adicional segunda. *Prestacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo.*

Un. O límite de ingresos a que se refire o artigo 181 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social queda fixado, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, en 1.227.051 pesetas anuais.

Dous. A partir do 1 de xaneiro do ano 2000, a contía das prestacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo, con dezaioito ou máis anos de idade e un grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100, será de 464.580 pesetas anuais.

Cando o fillo a cargo teña unha idade de dezaioito ou máis anos, estea afectado dunha minusvalidez nun grao igual ou superior ó 75 por 100 e necesite o concurso doutra persoa para realiza-los actos esenciais da vida, a contía da prestación económica será de 696.900 pesetas anuais.

Disposición adicional terceira. *Pensións asistenciais e subsidios económicos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2000, os subsidios económicos a que se refire a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, fixaranse, segundo a clase de subsidio, nas seguintes contías:

	Pesetas/mes
Subsidio de garantía de ingresos mínimos ..	24.935
Subsidio por axuda de terceira persoa	9.725
Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte	6.200

Dous. A partir do 1 de xaneiro do ano 2000, as pensións asistenciais recoñecidas en virtude do disposto na Lei do 21 de xullo de 1960 e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, fixaranse na contía de 24.935 pesetas íntegras mensuais, aboándose dúas pagas extraordinarias do mesmo importe que se deventarán nos meses de xuño e decembro.

As pensións asistenciais serán obxecto de revisión periódica, co fin de comprobar que os beneficiarios manteñen os requisitos esixidos para o seu recoñecemento e, en caso contrario, declara-la extinción do dereito e esixi-lo reintegro das cantidades indebidamente percibidas. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá insta-la incoación dos procedementos de revisión, para efectos de practicalo axuste económico e orzamentario do gasto xerado. Os resultados que ofrezan aqueles procedementos serán comunicados ó citado departamento ministerial.

Disposición adicional cuarta. *Axudas sociais ós afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Durante o ano 2000 as contías mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nos parágrafos b), c) e d) do número 1 do artigo 2 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nos parágrafos citados sobre o importe de 71.790 pesetas.

Disposición adicional quinta. *Xuro legal do diñeiro.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 4,25 por 100 ata o 31 de decembro do ano 2000.

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 58.2 da Lei xeral tributaria será do 5,50 por 100.

Disposición adicional sexta. *Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

Un. De acordo co establecido no número 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, o importe acumulado a 31 de decembro do ano 2000 dos compromisos outorgados polo Estado respecto a tódalas obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación e Cultura e os seus organismos autónomos, non poderá exceder de 40.000 millóns de pesetas.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2000 para obras

ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 15.000 millóns de pesetas.

Dous. No ano 2000 será de aplicación o disposto no número anterior ás exposicións organizadas pola Sociedade Estatal para a Conmemoración dos Centenarios de Felipe II e Carlos V, que se celebren en institucións dependentes da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional sétima. *Cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría a alcanza-lo 31 de decembro do ano 2000.*

Os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría a alcanza-lo 31 de decembro do ano 2000 non poderán supera-los 85.000 efectivos.

Autorízase o Ministerio de Defensa para inicia-los procedementos de selección e recrutamento a partir da aprobación dos orzamentos do Estado.

Disposición adicional oitava. *Financiamento de formación continua.*

Da cotización a formación profesional á que se refire o artigo 95.nove.2.3 desta lei, a contía que resulte de aplicar á base desta continxencia ata un 0,35 por 100 afectarase, na forma establecida nos acordos subscritos polo Goberno cos interlocutores sociais, ó financiamento de accións de formación continua de traballadores ocupados.

Para os efectos de dar cumprimento ó establecido no parágrafo anterior, o importe da citada cantidade figurará no orzamento do Instituto Nacional de Emprego, para financia-los plans de formación continua nas administracións públicas e aqueles que sexan froito de calquera outro acordo.

O financiamento da formación continua nas administracións públicas destinaranse, segundo o acordado pola Comisión Tripartita da Formación Continua, un 9,75 por 100 da contía indicada no parágrafo primeiro desta disposición adicional. Esta contía virá consignada no orzamento do Instituto Nacional de Emprego, como dotación diferenciada, mediante subvención nominativa ó Instituto Nacional de Administración Pública, adscrito ó Ministerio de Administracións Públicas.

No exercicio inmediato a aquel en se peche o orzamento efectuarase unha liquidación en razón ás cotas efectivamente percibidas, e o seu saldo incorporarase ó orzamento do exercicio seguinte, co signo que corresponda.

Disposición adicional novena. *Revalorización para o ano 2000 das prestacións de gran invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

As prestacións de gran invalidez destinadas a remunerar-la persoa encargada da asistencia ó gran inválido, causadas ata o 31 de decembro de 1999 no réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas, experimentarán con efectos do 1 de xaneiro do ano 2000 un incremento do 2 por 100.

Disposición adicional décima. *Sorteo especial de lotería nacional a favor da Cruz Vermella Española.*

O Organismo Nacional de Loterías e Apostas do Estado destinará durante o ano 2000 os beneficios dun sorteo especial de lotería nacional a favor da Cruz Vermella Española, de acordo coas normas que dicte para o efecto o Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional décimo primeira. *Sorteo especial de lotería nacional a favor da Asociación Española contra o Cancro.*

O Organismo Nacional de Loterías e Apostas do Estado destinará durante o ano 2000 os beneficios dun sorteo especial de lotería nacional a favor da Asociación Española contra o Cancro, de acordo coas normas que dicte para o efecto o Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional décimo segunda. *Sorteo especial de lotería nacional a favor do Campionato do Mundo dos Xogos Ecuestres.*

O Organismo Nacional de Loterías e Apostas do Estado destinará durante o ano 2000 os beneficios dun sorteo especial de lotería nacional a favor do Campionato do Mundo dos Xogos Ecuestres, de acordo coas normas que dicte para o efecto o Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional décimo terceira. *Contratos de obra baixo a modalidade de aboamento total do prezo.*

Durante o exercicio do ano 2000, o Goberno non autorizará a subscripción de novos contratos de obra baixo a modalidade de aboamento total do prezo, regulada no artigo 147 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no Real decreto 704/1997, do 16 de maio.

Disposición adicional décimo cuarta. *Seguro de crédito á exportación.*

O límite máximo de cobertura para nova contratación, excluídas a modalidade de póliza aberta de xestión de exportacións (PAGEX) e póliza 100, que poderá asegurar e distribuí-la «Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, Sociedade Anónima» (CESCE) será, para o exercicio do ano 2000, de 590.000.000.000 de pesetas.

Disposición adicional décimo quinta. *Dotación dos fondos de fomento do investimento español no exterior.*

Un. A dotación do Fondo para Investimentos no Exterior increméntase en 10.000.000.000 de pesetas. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior poderá aprobar durante o ano 2000 operacións por un importe total máximo de 25.000.000.000 de pesetas.

Dous. A dotación do Fondo de Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa increméntase en 1.000.000.000 de pesetas. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior da Pequena e Mediana Empresa poderá aprobar para o ano 2000 operacións por un importe total máximo de 2.000.000.000 de pesetas.

Tres. O Comité Executivo do Fondo para Garantías de Operacións de Financiamento de Investimentos no Exterior poderá emitir garantías, durante o ano 2000, por un importe total máximo de 40.000.000.000 de pesetas.

Disposición adicional décimo sexta. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións no ano 2000.*

Un. Os pensionistas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, con pensións causadas con anterioridade a 1 de xaneiro de 1999 e obxecto de revalorización nese exercicio, recibirán, antes do 1 de abril do ano 2000 e nun único pagamento, unha cantidade

equivalente á diferenza entre a pensión percibida en 1999 e a que tería correspondido de lle aplicar ó importe da pensión vixente a 31 de decembro de 1998 o incremento do 2,7 por 100.

Para estes efectos o límite de pensión pública durante 1999 será o equivalente a incrementala contía do dito límite a 31 de decembro de 1998, na porcentaxe indicada no parágrafo anterior.

O previsto no parágrafo primeiro será igualmente de aplicación ós pensionistas do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas, con pensións causadas durante 1999, que percibisen a contía correspondente a pensións mínimas, pensións non contributivas da Seguridade Social, pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI), non concorrentes ou pensións limitadas pola aplicación do límite máximo de percepción das pensións públicas fixado para o citado ano. De igual modo, será de aplicación ós beneficiarios neste exercicio das prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo con dezaoito ou máis anos e cun grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100, así como ós das axudas sociais polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).

Así mesmo, serán de aplicación as regras precedentes respecto das pensións de clases pasivas, con data inicial de aboamento durante 1999, para a determinación das cales se tivesen en conta haberes reguladores susceptibles de actualización no mencionado exercicio.

Dous. A porcentaxe de revalorización establecida no título IV desta lei para as pensións do sistema da Seguridade Social e de clases pasivas aplicarase sobre a contía da pensión vixente a 31 de decembro de 1998, incrementada no 2,7 por 100.

Así mesmo, os importes previstos nesta lei e que a seguir se especifican incrementaranse na porcentaxe correspondente á diferenza existente entre a variación do índice de prezos ó consumo do período novembro 1998/novembro 1999 e a inicialmente prevista para o ano 1999:

- Límite de ingresos que condiciona o dereito ás prestacións económicas por fillo a cargo,
- Prestacións económicas por fillo a cargo con dezaoito ou máis anos,
- Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte,
- Base de cálculo para as axudas sociais ós afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).

Tal norma non será de aplicación ás pensións non contributivas da Seguridade Social e ás do extinguido SOVI non concorrentes, así como ás pensións mínimas cunha porcentaxe de incremento para o ano 2000 superior á establecida con carácter xeral nesta lei.

Tres. De igual forma, para a determinación inicial das pensións de clases pasivas con data de efectos económicos de 1999, os valores consignados na Lei 49/1998, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1999, adaptarán os seus importes, cando así proceda, á desviación á alza experimentada polo IPC no período de novembro 1998/novembro 1999.

Catro. Facúltase o Goberno para dicta-las normas necesarias para a aplicación, se é o caso, das previsións contidas nesta disposición.

Disposición adicional décimo sétima. *Reparación dos danos causados polas inundacións a que se refire o Real decreto lei 2/1998, do 17 de abril.*

Autorízase o Ministerio do Interior para facer efectivos ó Concello de Málaga os gastos ocasionados polas actua-

cións realizadas no seu termo municipal, en concepto de reparación dos danos causados polas inundacións a que se refire o Real decreto lei 2/1998, do 17 de abril. Estes gastos serán financiados con cargo á aplicación orzamentaria 16.01.223A.761.

Para estes efectos subscribírase o correspondente convenio de colaboración entre ámbalas administracións.

Disposición adicional décimo oitava. *Subrogación do Estado nos dereitos derivados de determinados préstamos concedidos polo Banco de España á República Dominicana e ó Banco Central de Guinea Ecuatorial.*

O Estado subrógase nos dereitos derivados dos préstamos concedidos polo Banco de España á República Dominicana e ó Banco Central de Guinea Ecuatorial, como consecuencia do convenio de cooperación financeira entre o Estado español e a República Dominicana do 5 de marzo de 1974 e do acordo comercial e de pagamentos entre os Gobiernos de España e a República de Guinea Ecuatorial do 12 de maio de 1973, respectivamente.

Para estes efectos, o Estado satisfaralle ó Banco de España o importe do principal, xuro e outros gastos contidos nos mencionados acordos, que estivesen pendentes a 31 de decembro de 1999.

Disposición adicional décimo novena. *Actividades e programas prioritarios de mecenado.*

Para efectos do previsto no artigo 67 da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, durante o exercicio do ano 2000 gozarán dunha dedución do 25 por 100 na cota do imposto sobre a renda das persoas físicas ou da consideración de partida deducible na base imponible do imposto sobre sociedades, que non poderá exceder do 15 por 100 da base imponible previa a esta dedución, as cantidades doadas ás entidades e institucións a que se refiren o artigo 41 e a disposición adicional sexta da citada Lei 30/1994, para o desenvolvemento das seguintes actividades e programas:

1.º A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do patrimonio histórico español que se relacionan no anexo VII desta lei.

2.º Os proxectos de axuda oficial ó desenvolvemento a que se refire a disposición adicional vixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995.

3.º A promoción e difusión da lingua española e das linguas oficiais dos diferentes territorios do Estado español, mediante redes telemáticas e novas tecnoloxías, levadas a cabo polo Instituto Cervantes e polas institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia, con fins análogos a aquel.

4.º Os programas de formación do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

Disposición adicional vixésima. *Revisión do sistema de asignación tributaria á Igrexa Católica.*

Un. En desenvolvemento do previsto no artigo II do acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, o Estado destinará ó sostemento da Igrexa Católica o 0,5239 por 100 da cota íntegra do imposto sobre a renda das

persoas físicas correspondente ós contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Dous. Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica ou complementaria nos termos previstos nos artigos 49 e 60 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.

Tres. A aplicación deste sistema non poderá dar lugar, en cada un dos exercicios en que se aplique, a unha cantidade superior a 24.000.000.000 de pesetas nin a unha cantidade inferior á resultante da actualización das entregas mensuais que, en concepto de pagamentos á conta da asignación tributaria, se determinasen na Lei de orzamentos do exercicio precedente.

Catro. Este sistema aplicarase durante os anos 2000, 2001 e 2002, e poderá revisarse durante este último período; transcorrido este poderase acorda-la súa prórroga ou fixar unha nova porcentaxe e suprimi-lo carácter de mínimo dos pagamentos á conta.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Pagamentos á conta á Igrexa Católica no ano 2000.*

Un. Para o ano 2000 fíxase a contía dos pagamentos á conta mensuais a que se refire o número tres da disposición adicional vixésima desta lei en 1.776.634.000 pesetas.

Dous. Elévanse a definitivas as cantidades entregadas á conta en 1999.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Asignación de cantidades a fins sociais.*

Durante os anos 2000, 2001 e 2002 o Estado destinará a subvencionar actividades de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,5239 por 100 da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas, determinada na forma prevista no número dous da disposición adicional vixésima desta lei, correspondente ós contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido. Os importes anuais así obtidos non poderán supera-la cantidade de 22.000.000.000 de pesetas.

O resultado da aplicación deste sistema non poderá ser inferior, en cada exercicio, a 19.000.000.000 de pesetas. Cando non se alcance esta cifra, o Estado achegará a diferenza.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Xestión directa polo INEM de créditos relativos ó fomento do emprego.*

Un. O Instituto Nacional de Emprego reserva para si para a súa xestión directa unha porcentaxe dos créditos relacionados no número dous desta disposición, autorizados no estado de gastos do dito organismo autónomo para financia-las seguintes actuacións:

a) Xestión de programas para a mellora de ocupabilidade dos demandantes de emprego, mediante os cales o Instituto Nacional de Emprego colabore coa Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos na realización de accións formativas e execución de obras e servicios de interese xeral e social relativas a competencias exclusivas do Estado.

b) Posta en práctica de programas experimentais que exploren novas alternativas de inserción laboral dos demandantes de emprego coa finalidade da súa extensión a todo o territorio estatal, unha vez avaliada a súa eficacia.

c) Xestión de programas de formación e emprego que precisen unha coordinación unificada por se-lo seu ámbito de execución superior ó territorio dunha comunidade autónoma.

d) Reforzamento de accións de mellora da ocupabilidade de demandantes de emprego en zonas ultra-periféricas afectadas por taxas de desemprego superiores á media nacional, así como cofinanciamento de accións para o emprego acollidas a programas do Fondo Social Europeo dirixidos a estas zonas.

Esta reserva orzamentaria opera como reserva de xestión de políticas activas de emprego nos supostos previstos no número anterior en favor do Instituto Nacional de Emprego, non obstante as competencias asumidas da xestión realizada polo dito organismo no ámbito do traballo, o emprego e a formación polas comunidades autónomas mediante os correspondentes reais decretos de traspasos.

Os criterios para a determinación da porcentaxe e a súa cuantificación aprobaranse en conferencia sectorial.

Dous. A reserva afecta a porcentaxe do crédito dos seguintes conceptos e subconceptos, expresados, igualmente por programas de gastos:

— Programa de gasto 322-A «Fomento e xestión do emprego»: 440.00, 440.05, 450.01, 450.05, 460.01, 460.03, 460.04, 460.05, 472, 473, 484, 485.01 e 485.05.

— Programa de gasto 324-A «Formación profesional ocupacional»: 456 e 483.00.

— Programa de gasto 324-B «Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego»: 486.01 e 486.02.

— Transferencias entre subsectores (800-X): 400.00 e 400.05.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Convenios plurianuais de colaboración en materia de ensino universitario.*

O Goberno poderá destinar un máximo de 7.000.000.000 de pesetas neste exercicio, para subscribir convenios plurianuais de colaboración, en materia do servizo público fundamental do ensino universitario, coas comunidades autónomas e as universidades públicas do seu ámbito competencial, que teñan por obxecto a progresiva consecución do equilibrio orzamentario e a contención do endebedamento das universidades no ano 2002, como contribución destas ó cumprimento dos compromisos xerais de estabilidade económica contraídos polo Estado coa Unión Europea, de acordo con criterios obxectivos representativos do volume do alumnado e do custo das ensinanzas.

Igualmente, o Goberno poderá destinar neste exercicio ata un máximo de 3.000.000.000 de pesetas para subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas para concesión de axudas universitarias.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Sorteo especial de lotería nacional a favor do consorcio para a celebración da capitalidade cultural europea de Santiago de Compostela no ano 2000.*

O Organismo Nacional de Loterías e Apostas do Estado destinará os beneficios dun sorteo especial de lotería nacional a favor do consorcio para a celebración da capitalidade cultural europea de Santiago de Compostela no ano 2000, de acordo coas normas que dicte para o efecto o Ministerio de Economía e Facenda.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Compensación estatal ós concellos pola bonificación establecida no artigo 12.a) da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de peaxe.*

Durante o mes de xaneiro do ano 2000 o Goberno deberá dar traslado ó Congreso dos Deputados do resultado do estudio previsto na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 49/1998, relativo á compensación estatal ós concellos afectados pola bonificación establecida no artigo 12.a) da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de peaxe, das que son beneficiarias as sociedades concesionarias das autoestradas, tanto de titularidade estatal coma autonómica.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias de titularidade das administracións públicas ou de institucións sen ánimo de lucro.*

As institucións sanitarias de titularidade das administracións públicas ou de institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderanlle solicitar á Tesorería Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a seis anos; así mesmo, poderán solicitar a ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Comisión parlamentaria para a difusión e conmemoración da transición española e para a análise do que supuxo para España o exilio derivado da Guerra Civil.*

No ano 2000 creárase no Congreso dos Deputados unha Comisión para a difusión e conmemoración da transición española e para a análise do que supuxo para España o exilio derivado da Guerra Civil.

Disposición adicional vixésimo novena. *Modificación do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, de recoñecemento de dereitos e servizos prestados ós que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas, Forzas de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República.*

Un. Modifícase o artigo 5.2 da Lei 37/1984, do 22 de outubro —modificado na súa redacción inicial pola Lei 37/1988—, de dereitos e servizos prestados ós que durante a Guerra Civil formaron parte das Forzas Armadas, Forzas de Orde Pública e Corpo de Carabineiros da República, que terá a seguinte redacción:

«Así mesmo, recoñecidos os servizos prestados, este persoal terá dereito a cobrar unha pensión suxeita en todo caso ó réxime de incompatibilidades que regulamentariamente se estableza. Esta pensión percibirase en doce mensualidades máis dúas pagas extraordinarias e a súa contía, en función do emprego alcanzado polo causante como máximo ata o 31 de marzo de 1939, será do 100 por 100 da pensión, sen cómputo de trienios correspondentes a empregos análogos dos causantes incluídos no título I desta lei.

Os números e clases de tropa de carabineiros serán considerados equivalentes ó emprego de sarxento.»

Dous. Incorpórase unha nova disposición transitoria á citada Lei 37/1984, do 22 de outubro, coa seguinte redacción:

«Para adecua-las contías das pensións dos causantes e os seus familiares, se é o caso, ó disposto no artigo 5.2, estas serán revisadas de oficio polo órgano directivo que xestiona na actualidade estas prestacións. Os efectos económicos desta revisión serán do 1 de xaneiro do ano 2000.»

Disposición adicional trixésima. *Proxectos concertados de investigación dos programas nacionais científico-tecnolóxicos.*

En relación cos proxectos concertados de investigación dos programas nacionais científico-tecnolóxicos, financiados mediante créditos privilexiados sen xuros con cargo ó Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica, a xestión do cal ten atribuída o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), autorízase a este centro para a concesión de moratorias ou aprazamentos de ata un máximo de cinco anos e ó xuro legal do diñeiro, sempre que se presten garantías suficientes por parte do debedor, mediante avais bancarios, hipotecas e incluso garantías persoais, nos casos en que as anteriores non puidesen obterse, para a devolución das cantidades debidas por empresas que resultasen beneficiarias de tales créditos, no período de 1987 a 1993, e a situación financeira das cales xustifique a imposibilidade de atender os pagamentos nas súas datas, sempre e cando se acredite documentalmente esta situación, e logo do informe favorable da Comisión Permanente da Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía (CICYT).

Disposición adicional trixésimo primeira. *Anticipos a favor de concellos copartícipes en concepto de distribución de cotas do imposto de actividades económicas de centrais nucleares dos anos 1992 a 1996.*

Os concellos copartícipes que non percibisen a porcentaxe da cota do imposto de actividades económicas que grava a actividade de produción de enerxía eléctrica en centrais nucleares dos anos 1992 a 1996 nos termos da regra 17.^a da instrución deste imposto poderán percibir anticipos de carácter extraorxamentario do Tesouro Público nos termos e coas limitacións establecidas nesta disposición adicional.

Os anticipos a que se fai referencia serán concedidos logo da sinatura dos correspondentes convenios entre o Ministerio de Economía e Facenda e os concellos implicados. Para estes efectos, deberá asinarse un convenio específico para o contorno de cada central no que deberán concorre-lo concello cabeceira e tódolos concellos copartícipes.

Nos citados convenios determinarase o importe que se anticipará a cada concello, que poderá alcanza-lo 100 por 100 das cantidades non distribuídas, e as condicións e termos da compensación deste anticipo coa participación nos ingresos do Estado do concello cabeceira ou, se é o caso, dos concellos copartícipes. A retención mínima, en todo caso, non será inferior ó 25 por 100 das entregas á conta mensuais ou da liquidación definitiva; as retencións poderán estenderse, se é o caso, a anos posteriores a aquel en que se inicien ata o completo reembolso do anticipo.

Cando esta retención concorra coas reguladas no artigo 86, terá carácter preferente e non computará para o cálculo das porcentaxes citadas no número dous do citado artigo.

Disposición transitoria primeira. *Indemnización por residencia do persoal ó servizo do sector público estatal non sometido a lexislación laboral.*

Durante o ano 2000, a indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal, excepto o sometido á lexislación laboral, continuará devengándose nas áreas do territorio nacional que a teñen recoñecida, cun incremento do 2 por 100 sobre as contías vixentes en 1999.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, quen viñera percibindo a indemnización por residencia en contías superiores ás establecidas con carácter xeral para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, continuaraa devengando sen ningún incremento no ano 2000 ou co que proceda para alcanzar estas últimas.

Disposición transitoria segunda. *Complementos persoais e transitorios.*

Un.—Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, ó persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2000, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo.

Mesmo no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución de retribucións, manterase o complemento persoal transitorio fixado ó se produci-la aplicación do novo sistema, á absorción do cal se imputará calquera mellora retributiva ulterior, incluso as que poidan derivarse do cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50 por 100 do seu importe, entendendo que teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico. En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade, nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Dous. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ó persoal das forzas armadas e dos Corpos da Garda Civil e Nacional de Policía, así como ó persoal funcionario da Administración da Seguridade Social e ó estatutario do Instituto Nacional da Saúde, e restante persoal con dereito a percibir estes complementos, rexeranse polas mesmas normas establecidas no número un anterior para os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

Tres. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ó persoal destinado no estranxeiro absorberanse aplicando as mesmas normas establecidas para o que preste servizos en territorio nacional, sen prexuízo da súa supresión cando o funcionario afectado cambie de país de destino.

Disposición transitoria terceira. *Fondo de solidariedade.*

Os remanentes de créditos que poidan derivarse do fondo de solidariedade creado pola disposición adicional décimo novena da Lei 50/1984, aplicaranse, ata o seu total esgotamento, ós programas de fomento de emprego xestionados directamente polo Instituto Nacional de Emprego, en colaboración con administracións públicas, universidades e institucións sen ánimo de lucro, que determine o Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Disposición transitoria cuarta. *Compensación fiscal ós arrendatarios de vivenda habitual en 1999.*

Un. Os contribuíntes con deducción por aluguer de vivenda habitual no imposto sobre a renda das persoas físicas no ano 1998, con contratos de aluguer que sexan anteriores ó 24 de abril de 1998 e se manteñan no exercicio 1999, terán dereito á deducción regulada neste artigo, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a suma das partes xeral e especial da base imponible, antes de computa-lo mínimo persoal e familiar, non sexa superior a 3.500.000 pesetas en tributación individual ou 5.000.000 de pesetas en tributación conxunta.

b) Que as cantidades satisfeitas en 1999 en concepto de aluguer excedan do 10 por 100 dos rendementos netos do contribuínte.

Dous. A contía desta deducción será do 10 por 100 das cantidades satisfeitas en 1999 polo aluguer da vivenda habitual, co límite de 100.000 pesetas anuais.

Tres. O importe da deducción a que se refire este artigo restarase da cota líquida total do imposto, despois das deduccións por dobre imposición a que se refiren os artigos 66 e 67 da Lei 40/1998.

Disposición transitoria quinta. *Compensación fiscal por deducción en adquisición de vivenda habitual en 1999.*

Un. Os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual con anterioridade ó 4 de maio de 1998 e poidan aplicar en 1999 a deducción por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 55.1 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, terán dereito á deducción regulada neste artigo.

Dous. A contía desta deducción será a diferenza positiva entre o importe do incentivo teórico que correspondese, de manterse a normativa vixente a 31 de decembro de 1998, e a deducción por investimento en vivenda que proceda para 1999.

Tres. O importe do incentivo teórico ó que se refire o número anterior será a suma das seguintes cantidades:

a) O resultado de aplica-lo tipo medio de gravame á magnitude resultante de suma-los importes satisfeitos en 1999 por xuros dos capitais alleos investidos na adquisición da vivenda habitual, co límite de 800.000 pesetas en tributación individual ou 1.000.000 de pesetas en tributación conxunta, e pola cota e as recargas,

agás a de constrinximento, devengados polo imposto sobre bens inmoables, menos a contía do rendimento imputado que resultase de aplica-lo artigo 34.b) da Lei 18/1991, do 6 de xuño.

Por tipo medio de gravame deberá entenderse o obtido de suma-los tipos medios, estatal e autonómico, ós que se refiren os artigos 50.2 e 61.2 da Lei 40/1998, do 9 de decembro.

b) O resultado de aplica-lo 15 por 100 ás cantidades investidas durante 1999 na adquisición da vivenda habitual que, de acordo co disposto no artigo 55.1.2.º da Lei 40/1998, dean dereito a deducción por investimento en vivenda habitual, excluídos os xuros derivados do financiamento alleo. As cantidades investidas terán como límite o 30 por 100 do resultado de engadir ás bases liquidables, xeral e especial, o mínimo persoal e familiar.

Catro. A contía da deducción así calculada restarase da cota líquida total, despois das deduccións por dobre imposición a que se refiren os artigos 66 e 67 da Lei 40/1998, do 9 de decembro.

Disposición transitoria sexta. *Xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.*

Prorrógase durante o ano 2000 a facultade conferida na disposición derradeira terceira da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

Disposición derradeira única. *Informe integrado dos créditos destinados a financiar programas de axuda oficial ó desenvolvemento.*

No prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor desta lei o Goberno dará cumprimento ó establecido no segundo parágrafo da disposición adicional primeira da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO I

Distribución dos créditos por programas

(En miles de pesetas)

Programa	Capítulos I a VIII	Capítulo IX	Total
Xefatura do Estado	1.084.170	—	1.084.170
Actividade lexislativa	21.971.636	—	21.971.636
Control externo do sector público	6.245.850	—	6.245.850
Control constitucional	2.003.166	—	2.003.166
Presidencia do Goberno	3.781.389	—	3.781.389
Alto asesoramento do Estado	1.286.467	—	1.286.467
Relac. Cortes Xerais, Secretariado do Goberno e apoio á alta dirección	11.322.987	—	11.322.987
Asesoramento do Goberno en materia social, económica e laboral	1.084.154	—	1.084.154
Dirección e servizos xerais da Administración xeral	3.636.110	1.000	3.637.110
Dirección e organización da Administración pública	3.227.267	—	3.227.267
Formación do persoal da Administración xeral	11.150.488	—	11.150.488
Apoio á xestión administrativa da Xefatura do Estado	655.855	—	655.855
Administración periférica do Estado	30.334.047	—	30.334.047
Desenvolvemento da organización territorial do Estado e dos seus sistemas de colaboración	515.663	—	515.663
Coordinación e relacións financeiras cos entes territoriais .	980.042	—	980.042
Infraestrutura para situacións de crise e comunicacións especiais	657.297	—	657.297
Cobertura informativa	2.080.566	—	2.080.566
Publicidade das normas legais	4.704.381	—	4.704.381
Asesoramento e defensa dos intereses do Estado	3.056.424	—	3.056.424
Servizos de transportes de ministerios	11.147.288	—	11.147.288
Publicacións	366.463	—	366.463
Dirección e servizos xerais de Asuntos Exteriores	7.983.320	—	7.983.320
Acción do Estado no exterior	76.318.261	—	76.318.261
Acción diplomática ante a Unión Europea	2.447.798	—	2.447.798
Cooperación para o desenvolvemento	49.019.846	—	49.019.846
Cooperación, promoción e difusión cultural no exterior ...	11.229.818	—	11.229.818
Goberno do Poder Xudicial	2.749.273	—	2.749.273
Dirección e servizos xerais de Xustiza	6.748.773	—	6.748.773
Selección e formación de xuíces	2.454.695	—	2.454.695
Documentación e publicacións xudiciais	896.722	—	896.722
Tribunais de Xustiza e Ministerio Fiscal	141.249.560	—	141.249.560
Formación do persoal da Administración de Xustiza	988.834	—	988.834
Centros e institucións penitenciarias	85.594.546	—	85.594.546
Traballo, formación e asistencia a reclusos	6.199.567	—	6.199.567
Rexistros vinculados coa fe pública	2.545.845	—	2.545.845
Protección de datos de carácter persoal	577.250	—	577.250
Seguridade nuclear e protección radiolóxica	5.472.782	—	5.472.782
Administración e servizos xerais de Defensa	189.637.060	—	189.637.060
Gastos operativos das Forzas Armadas	233.430.457	—	233.430.457
Persoal en reserva	118.024.873	—	118.024.873
Modernización das Forzas Armadas	166.443.558	—	166.443.558
Apoio loxístico	179.949.121	1.200.263	181.149.384
Formación do persoal das Forzas Armadas	42.320.622	—	42.320.622
Dirección e servizos xerais de Seguridade e Protección Civil	16.430.433	—	16.430.433
Formación de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado .	11.926.556	—	11.926.556
Seguridade cidadá	440.646.816	12.000	440.658.816
Seguridade vial	82.491.973	—	82.491.973
Actuacións policiais en materia de droga	6.517.761	—	6.517.761
Forzas e corpos en reserva	87.212.706	—	87.212.706
Protección Civil	2.678.896	—	2.678.896
Dirección e servizos xerais de seguridade social e protección social	369.354.921	12.840.000	382.194.921
Inspección e control de seguridade e protección social ..	14.680.665	—	14.680.665
Prestacións ós desempregados	1.339.912.301	—	1.339.912.301
Prestación social substitutoria de obxectores de conciencia	3.951.596	—	3.951.596
Plan Nacional sobre Drogas	4.881.552	—	4.881.552

Programa	Capítulos I a VIII	Capítulo IX	Total
Acción en favor dos migrantes	9.782.306	—	9.782.306
Servicios sociais da Seguridade Social a minusválidos ...	43.115.886	—	43.115.886
Servicios sociais da Seguridade Social á terceira idade ..	15.829.831	—	15.829.831
Outros servicios sociais da Seguridade Social	38.667.975	38.000	38.705.975
Outros servicios sociais do Estado	33.668.491	—	33.668.491
Servicios sociais da Seguridade Social xestionados polas comunidades autónomas	128.379.235	—	128.379.235
Xestión dos servicios sociais da Seguridade Social	4.951.433	—	4.951.433
Atención á infancia e á familia	5.908.133	—	5.908.133
Pensións de clases pasivas	879.778.699	—	879.778.699
Xestión de pensións de clases pasivas	1.908.389	—	1.908.389
Prestacións económicas do mutualismo administrativo ..	57.845.444	650	57.846.094
Pensións contributivas da Seguridade Social	8.366.718.319	—	8.366.718.319
